

SESION ORDINARIA DE 26 DE MARZO DE 2019

(Acta Número 04)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretaria:

D^a. María Esther Alvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e seis de marzo de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa a Secretaria D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de febreiro de dous mil dezanove, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISION DE ECONOMIA, RECADACIÓN E FACENDA

2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE 2019, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda, do seguinte teor:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

“Vista a proposta inicial de Presidencia así como o informe de Intervención, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas neles, e dada a insuficiencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 1.650.000,00 €, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias		Importe
4590.779	Outras infraestruturas de interese veciñal, Outras subvencións de Capital	100.000,00
9420.76200	Transferencias a Entidades Locais Territoriais, Transferencias de Capital a Concellos	1.550.000,00
TOTAL		1.650.000,00

Financiamento:

<u>Concepto Ingresos</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	1.650.000,00

2º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Toma a palabra a Interventora para explicar someramente o contido do expediente.

Logo diso, toma a palabra o Deputado non adscrito Manuel Martínez Núñez e pide copia da liquidación do Orzamento de 2018. Indícalle a Interventora que o informe da liquidación do Orzamento 2018 foi aprobado o 28 de febreiro, e que a este Pleno irá a dación de conta do mesmo. Dende Secretaría indícanlle ao Sr. Martínez que xa lle fora remitido o decreto. Aínda así lle remitirán hoxe de novo outra copia.

Pide tamén o Sr. Martínez a relación de concellos aos que se lle destinará o diñeiro do suplemento e o Presidente respóndelle que o importe vai incluído dun xeito xenérico. Pide que conste en acta esta circunstancia.

Pregunta o Sr. Martínez se pode presentar emendas para propoñer a aplicación desas transferencias, o que se lle confirma. Quere tamén que conste en acta que pide aclaración sobre a data límite para a presentación das mesmas, e o Presidente respóndelle que segundo marca o Regulamento Orgánico, tenas que presentar cun día de antelación.

Pide que se lle concrete o remate do prazo, e a Secretaria interpreta que, sendo o Pleno o martes, un día de antelación ao da celebración do Pleno, xa que o domingo e o sábado non son hábiles, supón que o prazo remata o venres co peche do rexistro ás 14:00 horas.

Sometida a votación a proposta da Presidencia, a Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda, coa abstención do Sr. Deputado, D. José Antonio García López, representante do Grupo Provincial Popular e co voto en contra de D. Manuel Martínez Núñez, deputado non adscrito, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.

Ante esta proposta preséntanse emendas por parte do Sr. Deputado non adscrito e do Grupo Provincial do BNG, que din o seguinte:

- *Emenda presentada polo Sr. Deputado non adscrito, do seguinte teor:*

“Manuel Martínez Núñez, Diputado Provincial, ao abeiro do disposto na lexislación vixente e no artigo 109 e seguintes, 130 e seguintes do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, presenta ó Pleno a seguinte emenda a: Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2019, vía suplemento de crédito:

9420.76200, Transferencias a Entidades Locais Territoriais, Transferencias de Capital a Concellos 1.550.000,00 €

AUMENTAR DITA CANTIDADE CON CARGO O REMANENTE LÍQUIDO DE
TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS EN:

Restauración Casa Médico, (Becerreá) para edificio usos múltiples 150.000,00 €

QUEDANDO ESTA PARTIDA DA SEGUINTE MANEIRA

9420.76200, Transferencias a Entidades Locais Territoriais, Transferencias de Capital a
Concellos 1.700.000,00 €

E O TOTAL DA MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO, VÍA SUPLEMENTO DE
CRÉDITO DA SEGUINTE MANEIRA:

4590.779, Outras infraestructuras de interese vecinal, outras subvencións de
Capital 100.000,00 €
9420.76200, Transferencias a Entidades Locais Territoriais, Transferencias de Capital a
Concellos 1.700.000,00 €

FINANCIAMENTO:

870.00, Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais..... 1.800.000,00 €”

- *Emenda presentada polo Grupo Provincial do BNG, do seguinte teor:*

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan s seguinte emenda ao asunto número 2 da orde do día do Pleno de 26 de marzo de 2019: *Modificación do orzamento da Deputación de 2019, mediante suplemento de crédito.*

Asunto Nº 2: Proposta de modificación do orzamento da Deputación do 2019, mediante suplemento de crédito.

Emenda Número 1:

Proposta:

Proponse destinar a cantidade de 1.550.000 € procedentes dos remanentes de tesourería que na proposta de presidencia van destinados a Transferencias de capital a concellos, para “outros” investimentos [Aplicación orzamentaria “Transf. a Ent. Locais Territ.,Transferencias de capital a concellos (9420.76200)] á incrementar nesa cantidade a partida destinada a investimento en Estradas Provinciais, nas partidas orzamentarias necesarias, para comezar a executar os traballos precisos para a adaptación destas ás novas necesidades das explotacións agrarias e do medio rural en xeral, permitindo que poidan circular por elas os tractores e maquinaria agrícola actual, así como os vehículos de subministro das explotacións agrarias, independentemente da súa tonelaxe”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Esta proposta é un suplemento de crédito polo que se incrementa o Presuposto da Deputación en 1.650.000 euros, do que a maior parte vai destinada ás transferencias de capital ós concellos, ó que se destina 1.550.000, e no que durante este mandato ademais destinamos máis de trinta e nove millóns a transferencias de capital ós concellos, e a transferencias correntes preto doutros vinte millóns.

Polo tanto do que se trata é de achegar fondos ós concellos para mellorar os servizos e as infraestruturas dos veciños; e por outra banda os restantes cen mil euros destínanse a un programa que tamén tivo un éxito importante durante este mandato e incluso tamén o pasado.

Trátase simplemente dun suplemento de crédito para incrementar en 1.650.000 euros o Orzamento da Deputación, que non debería ter maior problema; se ben foi emendado por D. Manuel Martínez incrementando desta forma 150.000 euros para restaurar a Casa Médico en Becerreá; e outra emenda do BNG, cambiando o concepto de transferencias de capital a concellos para a mellora das estradas provinciais. Non obstante entendo que se mantén a proposta que está informada favorablemente pola Comisión”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“O primeiro que quixera coñecer é a canto ascenden os remanentes pendentes de gasto; teño aquí unha serie de documentos, un Decreto do Presidente do día 24 de febreiro onde di que os remanentes de tesouraría para gastos xerais 30.785.769,20, o 19 de febreiro remanentes de tesouraría para gastos xerais 2.975.311, o día 13 de marzo estado do remanente de tesouraría para gastos xerais 56.883.532,70.

Eu xa o pedín na Comisión Informativa, obviamente non me fixeron caso como xa era de esperar, pero gustaríame saber exactamente a día de hoxe cales son os remanentes dos que dispón esta Deputación porque é imposible de saber coa documentación que se da. Alí mesmo se falaba nunha conversa informal de que a cantidade de 1.650.000 euros estaba case que gastada e que non quedaba moito máis. Por tanto que me digan claramente o que hai, eu creo que hai marxe para aceptar esta emenda que presento, non vou entrar no reparto que xa o Sr. Sotuela se encargará de dicirlle ó Partido Popular como votan xuntos e o que fan, porque só o fai cando vota este Deputado co Partido Popular, pero dáme a sensación de que hoxe van votar todos xuntos e non lles vai chamar a atención.

Por tanto pido o apoio á emenda presentada; na Comisión preguntouse se había algún tipo de reparto, díxose que non, pero obviamente, despois de estar aquí varios anos e coa experiencia destes catro anos, todos sabemos que vai estar repartido entre os dous Partidos maioritarios, e que non van ter ningún problema, a pesares de que Manolo Martínez non vote, en apoiarse mutuamente, e espero que non lles abran expediente ós do Partido Socialista porque sería un tema grave ante as eleccións que tiveran que expulsalos do Partido por votar e chegar a acordos co Partido Popular”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Posiblemente o único aproveitable desta lexislatura nesta Institución fora precisamente a posta en marcha do Plan Único, que significaba, como se ten dito moitas veces, un cambio na filosofía do reparto de fondos cara ós concellos por parte da Deputación.

Esta proposta que se nos trae aquí hoxe é un torpedo á liña de flotación desa filosofía, vaise xusto na liña contraria, é completamente incompatible cos motivos cos que se implantou o Plan Único na Deputación de Lugo; e se se intentaba facer un reparto máis obxectivo posible dos fondos públicos cara ós concellos da provincia, aquí tráesenos para repartir 1.550.000 euros para que dúas persoas, no canto de unha como era antes, decidan que concellos son os que van recibir eses fondos.

O epígrafe di “transferencias de capital a concellos”, iso é mentira, isto vai ser transferencias de capital a algúns concellos. Se fora todo claro e transparente, traeríase aquí a que concellos e para que obras vai o diñeiro; pero como non é claro nin transparente porque non queren, non lles interesa nin ó PP nin ó PSOE que se saiba que concellos non van recibir nada, entón tes téneno tapado e dende que se aprobe, supoño que vía Decreto ou Xunta de Goberno, algúns concellos, posiblemente os que máis meteron a pata estes catro anos para ver se lle amañan as eleccións, recibirán unha parte desta cantidade de 1.550.000 euros.

Insisto, é completamente incompatible o Plan Único con esta forma de actuar, porque se se quixera que realmente fora ós concellos para obras concretas diríase, e poderíase estar ou non de acordo; é máis, é complicado votar en contra dunha proposta para un concello porque, entre outras cousas, quédase mal coas persoas dese propio concello; pero non, 1.550.000 euros para algúns concellos, que decidirá no seu despacho o señor Darío Campos e a señora Elena Candia que concellos son os que os reciben e cales non.

Á emenda que se trae sinceramente nós démoslle moitas voltas, podíamos traer propostas concretas que a xente coñecera e que se votaran, e ó final decidímonos por esta vía porque é a forma que nos pareceu máis obxectiva de beneficiar dun xeito radical a toda a provincia.

Vaise falar hoxe moitas veces, porque hai varios puntos referidos a estradas, do que foi esta idea que alguén tivo de poñer limitacións de 20 toneladas nas estradas da Deputación, que parece ser que agora se vai corrixir, pero non se vai corrixir arreglando as estradas para que poidan circular vehículos con maior tonelaxe, senón que se vai corrixir aumentando de 20 a 40, cando realmente iso sería un apaño para saír do apuro, para que por exemplo os labregos poidan facer a campaña de ensilado este mesmo ano, pero non é a solución ó problema, senón que a solución é cambiar o firme, cambiar os trazados, para que as máquinas e os camións que están a traballar no ámbito rural podan circular polas estradas da Deputación.

Todo iso faise investindo diñeiro e decidindo aquí xa de entrada que esta cantidade de 1.550.000 euros se destine ás estradas provinciais para cambiar os trazados e os firmes; porque hai que lembrar que eses quince millóns de euros do Plan Provincial de Estradas non son para isto, non cambia trazados, adecenta os firmes pero non fai que o firme poda aguantar máis tonelaxe; necesitamos unha reforma profunda das estradas. Non se pode consentir que as estradas que dependen da Deputación sexan unha rémora para o desenvolvemento rural desta provincia que é o que estan a ser, porque falamos dos tractores e maquinaria agrícola que supera as 20 toneladas, falamos de camións de penso, cisternas de leite, ou toda a industria madeireira, que ten auténticos problemas para desprazarse pola provincia.

Por tanto a proposta que facemos é perfectamente clara, enténdese ben, e é a única forma de darlle unha volta ás estradas provinciais. E dende logo quen vote en contra dela despois que non veña dicindo que quere mellorar as estradas porque é mentira”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Certo que neste punto o noso Grupo non tiña previsto intervir, pero ó abrirse un debate si que consideramos importante aclarar algunhas das manifestacións que se fixeron aquí, especialmente por algún dos Grupos que nestes doce anos de mandato que estamos a punto de rematar tiveron responsabilidades de goberno en algo máis de nove deses doce anos.

Este Grupo cada vez que ten que decidir o destino dun diñeiro vinculado aos Orzamentos ten a obriga de explicar novamente que no ano 2016, despois dunha situación de absoluto bloqueo que tiña esta Institución, decidiu moi meditadamente tomar partido por ser o máis útil posible e colocarse alo menos no lugar onde podía resolver máis estando na oposición e sen ter posibilidades de goberno. Unha decisión que creo que se explicou bastante ben, con transparencia, e onde creo que todo o mundo, alo menos nunha porcentaxe moi importante, se manifestou dunha maneira positiva, agás probablemente o BNG que se enfadou e marchou do Goberno todo parece indicar que a raíz dese acordo.

Unha vez marcadas as pautas de que esta Institución puidera ter unha razonable gobernabilidade, ou se non a tiña e se o goberno cometía erros, sen dúbida no tema de estradas creo que se puido facer mellor, que foran exclusivamente responsabilidades do goberno, toda vez que se firmaba unha moción de censura e se nos apartaba do goberno non queriamos tampouco que ninguén interpretara que nos instaurabamos no non polo non por ter perdido o goberno. Entonces dunha maneira meditada, reflexiva, e intentando ser o máis coherente posible, cada vez que se poñen en funcionamento recursos para a provincia, intentamos colocarnos no lugar máis útil, ou alo menos dentro das posibilidades que dá este escenario, do que todos sabemos quen son responsables, no que podemos aportar.

Este é un novo exemplo, pero nós non imos votar a favor evidentemente como non votamos na maioría das decisións deste calado, pero si que imos facilitar que saia adiante e que 1.550.000 euros se poñan a disposición da provincia; o Goberno, que lle toca decidir, priorizar, optimizar, e resolver os problemas, non á oposición, vai ser quen dirixa o destino deses euros.

A partires de aí evidentemente a provincia xulgará. Nós dixemos sempre, e sobre todo no escenario político no que nos estamos movendo agora onde as maiorías absolutas son moi difíciles de conseguir, onde a altura de miras e a capacidade de negociación antepoñendo sempre os intereses da provincia ós partidistas, aí si que lle vou puntualizar ó Sr. Martínez que o Partido Popular non leva ningún euro, en tal caso levarao algún concello que governe o Partido Popular; pero apartando eses intereses partidistas sexamos capaces de chegar a acordos; creo que por iso se nos xulgará, e creo ademáis que o noso traballo como políticos vai ser mellor ou peor valorado en

función do empecinamento ou das ansias de bloqueo e de revanchismo, ou da altura de miras e da flexibilidade nos acordos e da capacidade de chegar a consenso; estou convencida de que ese é o novo escenario político que nos toca vivir.

Pero tamén é certo, e tamén o dixemos cando facilitamos a aprobación dos Orzamentos, que o Presidente ten que ter un proxecto de provincia; para moitos que non conciben útiles as Deputacións Provinciais, é verdade que non o din dunha maneira tan clara cando están no goberno pero cando están na oposición enténdese moi ben a mensaxe, interpretan que as Deputacións Provinciais son meros caixeiros automáticos que, respectando a autonomía local, se descapitalizan e trasladan toda a súa posibilidade económica para que os concellos materialicen e atendan os seus servizos. Aí discrepo no concepto de Deputacións ou entes supralocais, entendemos dende este Grupo que a Deputación ten que ter o seu correspondente proxecto de provincia, algo que precisamente lle vimos criticando ó goberno que probablemente neste escenario priorizou repartir da maneira que considerou, evidentemente no do Plan Único considero que foi moi acertado.

Pero a provincia como tal, e casualmente enlazando co tema das estradas, ten que ter o seu correspondente Plan Provincial en servizos sociais, e enténdase por iso non construír residencias, saben que vai unha cantidade económica que rondará os quince millóns de euros en edificios construídos, pero a realidade é que hoxe, día 26 de marzo de 2019, aínda non temos unha praza creada, iso é unha realidade; ou algunha das iniciativas que tivo este Grupo, que incluso algunhas delas que tamén levaban ese matiz de proxecto provincial foron aprobadas por unanimidade da Corporación, tampouco se materializaron; pero se non se fixo o que non poderá dicir o goberno é que foi porque a oposición non lle deixou, e dende logo que é unha decisión bastante pouco frecuente e inusual entre os Grupos Políticos.

Hai que dicir que cando tomamos unha decisión en función de a quen non lle gusta, o Partido Socialista tennos criticado en moitas ocasións dicindo que facemos pinza, que compramos ó Deputado non adscrito, e todo iso que vostedes escoitaron, o Bloque Nacionalista Galego que moitas veces ten coincidido nos plantexamentos e votado a favor de iniciativas que levou este Grupo, aínda que aí tampouco o fai con moito orgullo e parece que se esconde, pero realmente moitas veces coincidimos, e eu agradézolle tamén que apoie as nosas iniciativas; e agora non é que

nos guste nin a forma, nin sabemos ó 100% o destino desa cantidade de 1.550.000 euros, pero si que somos coherentes co que decidimos no ano 2016, e o que se faga mal nesta provincia dende logo non se lle vai poder botar a responsabilidade ó Partido Popular; estamos a case dous meses dunha nova Corporación, e os veciños da provincia xulgarán se tiñamos que ir a un bloqueio e a un asedio ou se deberíamos facilitar a gobernabilidade desta Institución. Nós decidimos facilitar a gobernabilidade, e nesa decisión debe interpretarse o noso sentido da abstención”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Agradecer o apoio do Grupo Popular, e evidentemente destacar que se de vinte e dous millóns e medio que polo de agora se están destinando ós concellos, e vinte e un millóns de euros se destinan a través duns criterios totalmente obxectivos como son os do Plan Único, o que representa esta distribución por parte do Presidente é nada máis ca un 6%; hai que ter en conta que as necesidades dos concellos tamén varían dun día para outro, hai situacións de emerxencia, e, con independencia da contía económica que quede a día de hoxe dese remanente líquido de tesouraría, enténdese tamén que non é convinte executar agora ó 100% ese remanente precisamente porque aínda nos atopamos no primeiro trimestre deste ano”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Ou sexa que hai remanente pero non se nos día aínda cal, paréceme ben, que o garden para os próximos nove anos, pero eu xa non me remito ó que teñan, que o decidirán na próxima lexislatura, estoume a referir a isto. Aparte admite a voceira do Goberno que de criterios obxectivos nada, os criterios obxectivos quedan para o Plan Único porque non lles queda outro remedio, pero aquí o Presidente decide; pero para decidir o Presidente necesita uns colaboradores necesarios que neste momento non é o Deputado non adscrito, pero está ben e é lexítimo e lícito, tamén eu pido na emenda para Becerreá, que os concellos do Partido Popular, do Bloque e os outros, pidan tamén parte deses criterios obxectivos, é constatar unha realidade. Porque non estamos non facilitando a

governabilidade senón que estamos repartindo uns fondos de maneira clientelar, e repito que é lícito e lexítimo, a maioría decide.

E coñecidos os outros remanentes de crédito similares en anos anteriores, que nunca lembra o Grupo Socialista de quen vota con el, resulta que foi así, ningún concello que non entre nese acordo de reparto leva un só euro; unha vez máis vaise facer, e por tanto felicitar ós concellos que reciban eses recursos, que non vai ser ningún independente nin ningún do Bloque, nin o de Becerreá”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“E a algúns do Partido Popular e do Partido Socialista tampouco lles vai tocar nada deste millón cincocentos mil euros, e xa o dixo a Sra. Candia, algúns do PP, non dixo que foran todos.

Menos mal que non é previsible, ou alo menos algúns pensamos que non vai haber maiorías absolutas porque senón, oíndo ós dous Grupos maioritarios, o futuro do Plan Único ía ser escaso, o mesmo futuro que onde gobernan con maioría absoluta tanto uns coma os outros, de Plan Único absolutamente nada; aquí hai Plan Único porque non houbo máis remedio, e dende logo como caía en mans dunha maioría absoluta do señor Darío Campos ou da señora Elena Candia me parece que o futuro vai ser máis ben escaso.

Dicía a Sra. Candia que a súa era unha actitude útil, entón meter o diñeiro nas estradas non é unha actitude útil?, porque di que a súa postura é a de ser útiles para a provincia; é dicir, meter un millón cincocentos cincuenta mil euros que hai neste momento nas peores estradas da provincia non é útil, eu creo que é un pouco incongruente, é máis útil que decida no seu despacho que concellos dos que goberna algún Alcalde do partido Popular van levar unha cantidade de cen mil ou douscentos mil euros, ca que se destinen eses cartos ás estradas?, penso que non é moi coherente.

E en canto ó revanchismo, se algo demostrou o BNG nesta lexislatura é que de revanchismo nada, porque despois dos puteos que tivemos que foron moitos, aínda así sempre estivemos dispostos a ser construtivos; é máis, se sentaran a falar doutras cousas que non fora o reparto dos cartos, pacten entre vostedes o Regulamento porque seguramente que a nós válenos, incluso non nos importa que nos deixen á marxe, pero só se poñen de acordo cando hai que repartir cartos, cando un leva unha parte da tarta, senón é imposible, pasan a vida, e ás veces dá vergoña, tirándose os trastos á cabeza; agora ben, cando se xuntan no despacho para repartir os cartos, aí non hai ningún problema e chegan a acordos rapidamente, e iso non é decente; e dende logo non é unha boa práctica para que algún dos dous caia cunha maioría absoluta, porque iso pode ser terrorífico. Menos mal que penso que iso non vai pasar.

En todo caso nós ratificámonos, que ningún diga que quere amañar as estradas e logo que non vote a favor da emenda que vimos de presentar”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Con todo o afecto e respecto que sabe que lle teño Sr. Ferreiro, quere que lle recorde cal foi a primeira petición que fixo vostede no Plan de Estradas e polo que se enfadou?, porque pedía un millón e medio para Muras, que curioso!; non se trata de contos trátase de contas, e vostedes de contas en reparto sectorio teñen moitos contos que contar. Pero eu non llo tomo a mal porque xa sei que vostede renega dos nove anos de cogoberno desta Institución; pero dígolle máis, sabe vostede cal é o único concello que neste momento se sabe que se vai beneficiar desa incorporación de remanentes?, Ribadeo, díxoo o Presidente públicamente, quen goberna en Ribadeo?; é curioso que a moción para arranxo das infraestruturas deportivas a vaia defender o Grupo Socialista, xa é bastante rocambolesco, porque vostedes como recordarán votaran en contra no seu momento, ó mellor é por coherencia.

Pero eu voume remitir ó que xa dixen, que non por repetilo moitas veces deixa de ser menos importante, a utilidade nesta Institución foi favorecer que puidera ser gobernada e poder funcionar os servizos a pesares dos enfados que tiveron vostedes, porque tamén lle vou dicir que se

algo deu vergoña neste mandato non foi precisamente o Grupo do Partido Popular; asistimos puntualmente a tódalas reunións que se nos convocou, defendemos con coherencia os asuntos que nos tocou votar, correspondemos con aportacións o máis construtivas posible, e nunca faltamos ó respecto a ninguén. Quen deu vergoña foi o que diante da Institución provincial aplaudía a sinatura dunha moción de censura dicindo que o facía para que se recuperara a normalidade democrática na Institución, e ós dous meses saía tirándose dos pelos e con bastantes descualificacións ó goberno e ó Presidente.

Por tanto se algúen deu vergoña foi precisamente a actitude doutros Grupos. E eu non digo que se nos recoñeza, pero cando algo non lles gusta, que pasa a miúdo, e o Partido Popular non está gobernando esta Institución, bastante fixo con intentar que outros a puideran gobernar a pesares de tódolos galimatías en que vostedes nos meteron; e puteos deste Grupo, con perdón da expresión pero utilizo a mesma que vostede, ó seu Grupo nin ó resto ningún, pero ó seu Grupo especialmente cando tivemos capacidade de goberno, ningún; e como voceira do Grupo ademáis absolutamente leal e respectuosa, e informándoo puntualmente de tódalas decisións que se me preguntaron; e iso, se vostede di que é mentira, si que lle vai medrar o nariz”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, quen manifesta o seguinte:

“Recalcar que os fondos evidentemente se distribúen en función das necesidades dos concellos, e que se algúen precisamente traballou para os veciños dos sesenta e sete concellos foi este Presidente, favorecendo en todo momento o diálogo e o clima de entendemento precisamente para satisfacer as necesidades dos veciños e veciñas desta provincia”.

Rematado o debate, en primeiro lugar procédese á votación da emenda presentada polo Sr. Deputado non adscrito, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 3 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular).

Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a emenda presentada polo señor Deputado non adscrito.

A continuación procédese á votación da emenda presentada polo Grupo Provincial do BNG, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 3 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a emenda presentada polo Grupo Provincial do BNG.

Seguidamente efectúase a votación do ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista), votos en contra, 3 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular, Polo que o Presidente declara aprobado por maioría o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda anteriormente transcrito.

--oo0oo--

COMISION DE GOBERNO INTERIOR E RELACIONS INSTITUCIONAIS

3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA RELATIVA Á APROBACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“ANTECEDENTES

Primeiro.- O Pleno da corporación en sesión do 26 de xuño prestou aprobación provisional ao Regulamento Orgánico. Regulamento que, de ser aprobado definitivamente supón a derogación do Regulamento orgánico vixente.

Segundo.- Mediante anuncio inserido no Boletín oficial da Provincia de data 13 de novembro de 2018, sométese a información pública o regulamento inicialmente aprobado.

Terceiro.- Dentro do período de información pública formuláronse alegacións por:

- Por dona María del Mar en calidade de Secretaria de organización do PSdeG-PSOE de Lugo.
- Polos señores/as deputados/as: Dona Mayra García Bermúdez, Dona Pilar García Porto, Dona Sonsoles López Izquierdo, Don Eduardo Vidal Baamonde, Don Lino Rodríguez Ónega, Don Miguel Ángel Sotuela Vega, Don Argelio Fernández Queipo, Don Álvaro Santos Ramos.

Cuarto.- Pola señora Secretaria Xeral emitíuse o preceptivo informe, en cumprimento da orde verbal do señor Presidente e de canto se establece polo artigo 3.c) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

No informe de secretaría, faise unha análise pormenorizada de todas e cada unha das alegacións formuladas, análise do que resulta que, no seu entender, procede estimar boa parte das alegación presentadas, desestimándose as restantes.

No informe de Secretaría xeral, séntase as seguintes conclusións:

“CONCLUSIONES

Primeira.- Non corresponde a esta Secretaría Xeral formular textos alternativos, ou refundidos en relación ao regulamento Orgánico inicialmente aprobado.

Así, de aceptarse no sentido que se deixa informado, todas ou algunha das alegacións, o texto definitivo debería ser obxecto dun estudio pormenorizado na Comisión Informativa correspondente, a fin de evitar contradicións na redacción, melloras de ubicación sistemática, e refundición do texto definitivo do RO.

Segunda.- De aprobarse definitivamente o RO, vén co texto aprobado inicialmente, vén co texto refundido de ter en conta todas ou algunha das alegacións, o Regulamento orgánico deberá remírtirse ao órgano competente da Comunidade Autónoma e da Administración Xeral do Estado, para o control de legalidade do mesmo.

Terceira.- O texto definitivo do RO deberá publicarse íntegramente no BOP.

Cuarta.- A entrada en vigor do RO producirase logo de que teña pasado o prazo que se establece no artigo 65.2 en relación co 70 ámbolos dous da LBRL.

Quinta.- Entendo que no novo RO debería preverse unha disposición transitoria que facilite a transición do vello RO ás disposicións do novo”.

Considerando que o Pleno debe adoptar os acordos que porcedan atendendo sempre ao contido dos informes xurídicos, elevo ao Pleno a seguinte Proposta de acordo:

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas nos termos do informe da señora Secretaria Xeral, mantendo o resto do articulado na redacción dada no acordo de aprobación inicial.

Segundo.- Aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico cuxo texto será o que resulte do refundido, é dicir, o aprobado inicialmente coa incorporación das alegacións estimadas.

Teceiro.- Dado que as alegacións afectan a boa parte do articulado, proponse que o texto refundido do Regulamento Orgánico, o aprobado inicialmente coa incorporación ao mesmo das alegacións estimadas, se faga no seo da Comisión Informativa correspondente. Tal refundición estímase necesaria a fin de que a redacción definitiva responda ao estrictamente aprobado, dotándoo ao mesmo tempo da coherencia sistemática necesaria.

Cuarto.- O Regulamento orgánico, na súa redacción definitiva, deberá remírtirse ao órgano competente da Comunidade Autónoma e da Administración Xeral do Estado, aos efectos do preceptivo control de legalidade do mesmo.

Quinto.- O Regulamento orgánico deberá ser publicado íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, logo de que teña transcorrido o prazo que se establece no artigo 65.2 en relación co 70 ámbolos dous da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local”.

Intervén o Sr. Deputado D. Manuel Martínez Núñez, para manifestar que o seu voto será en contra xa que eses trámites xa foron realizados sendo aprobado anteriormente, e que por manobras xurídico administrativas do grupo de goberno publicouse coa idea de aprobalo definitivamente sen alegacións; manifestando que se rexeiten as alegacións, que se aprobe tal e como estaba redactado con motivo da aprobación inicial, e que se dea por aprobado definitivamente o texto final.

Sometida a votación a proposta da Presidencia, a Comisión Informativa de Goberno Interior e Relacións Institucionais, por maioría, coa abstención do Sr. Deputado D. José Antonio García López, representante do Grupo Provincial Popular, e o voto en contra do do señor Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, acorda informar favorablemente a proposta presentada e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Agardo que consigamos dunha vez por todas que os Plenos vaian con certa normalidade e tranquilidade, que apele ó sentido común e á coherencia; coherencia que creo que tamén está moi relacionada coa proposta que se trae hoxe aquí, e quero deixar claro que o que hoxe se vai votar é o ditame que xa se aprobou favorablemente en relación coa aprobación definitiva do Regulamento Orgánico.

Como creo que todos xa teñen acceso á proposta, quero mencionar só algúns aspectos sen entrar no fondo de todo o que se abordou nesta Comisión Informativa, e simplemente dicir que o 26 de xuño se aproba inicialmente o Regulamento; todo sexa dito, faise a aprobación inicial posto que, en contra de tres informes negativos existentes emitidos polos máximos responsables dende o punto de vista técnico desta Institución, decídese, independentemente diso, tirar para adiante, co cal

se plantexa unha reconversión do acto nulo, que é un acto administrativo polo cal tratamos de darlle validez e retrotraer un pouco o trámite administrativo de maneira que o Regulamento se volve á súa fase inicial de exposición pública, para darlle dereito a todos aqueles que quixeran presentar alegacións a ese Regulamento, porque é un dereito fundamental o feito de poder presentar alegacións a aquelas cuestións que vulneraban algún dereito.

O 13 de novembro prodúcese definitivamente esa exposición pública e preséntanse dúas alegacións; esas alegacións están directamente relacionadas en moitos casos coa vulneración de aspectos xurídicos regulados pola Lei de Bases de Réxime Local, o artigo 5, o 11, vinculadas ós dereitos económicos dos Deputados non adscritos, ou ós aspectos vinculados ás concesións de determinados locais, onde se regula que os Deputados non adscritos non deben ter ningún dereito a maiores cós do Grupo de orixe do que procedían; e tamén outras cuestións, como a recomendación feita pola propia Secretaría, en relación a que debería existir un período transitorio entre o Regulamento anterior e o actual, para poder facer unha transición coherente e acorde co que se tiña feito.

En definitiva, o que se propón nese ditame, que se informou favorablemente na Comisión Informativa, un ditame que está apoiado nun informe da Secretaría Xeral moi exhaustivo, e agradezo o traballo, e sobre todo no que se reflicten unha serie de recomendacións á hora de estimar ou desestimar determinadas alegacións a ese Regulamento. En definitiva, varios puntos de acordo; en primeiro lugar estimar esas alegacións, alo menos as que son susceptibles de ser estimadas; en segundo lugar, aprobar o Regulamento incluíndo esas alegacións; en terceiro lugar, dada a farragosidade de moitas desas alegacións e do propio Regulamento que, insisto, nalgúns casos vulneraba algunhas cuestións, incluso sen vulneralas podería incurrir en contradicións con normas xerárquicamente superiores, dalgún xeito para fusionar todo ese texto crear unha comisión informativa para que posteriormente se aprobe definitivamente ese Regulamento, se publique no BOP e incluso se lle dea traslado ós órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Xunta de Galicia, para que emitan os informes preceptivos de legalidade.

En definitiva isto é todo o que se plantexa, e insistir en que o que se vai votar é ese ditame, se se aproba ou non é xa unha cuestión dos que hoxe estamos aquí”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Antes de nada dicir unha vez máis que o Regulamento actual fora aprobado no seu momento por unanimidade dos Grupos da Corporación, e diso hai xa uns cantos anos, co cal é certo que se necesita unha actualización, esa é unha realidade palpable; xa temos comentado aquí algunha vez por exemplo que non é de recibo que cando un Deputado ou un Grupo pide unha información que se pode ter ó momento se tarde ata máis de dous meses en ser entregada, iso non é normal nunha Institución democrática, e ten un pouco que ver coa forma de repartir os fondos públicos que falabamos antes. Esa actitude de “imos castigar ós da oposición que son moi malos e ímoslles esconder a información”, iso ten que cambiar, pero aínda así iso non significa que haxa que facelo de calquera forma.

Nós dende o BNG votamos en contra da actual proposta de modificación do Regulamento por dúas razóns, tanto polo fondo coma pola forma; en canto ó fondo porque compartimos parte das valoracións xurídicas que se fan dende a Secretaría, non nos parece que poida contradicir leis de rango superior; e pola forma, porque un Regulamento que foi aprobado pola unanimidade dos Grupos non pode ser cambiado só por unha parte, pola metade máis un, dos Deputados; iso ademáis non é operativo porque o que vai pasar en canto cambie a cor do Goberno é que se volvería cambiar o Regulamento, e iso non ten sentido; unhas normas que teñen que servir para regular o traballo de todos deben ser aprobadas por todos, ou cando menos intentalo; lóxicamente se non hai posibilidade, e algún Grupo non quere entrar ó consenso, se se aproba polo 75% dos Deputados ten todo o sentido, o que non pode ser é que a metade máis un lle impongan as normas á metade menos un.

O certo é que aquí nunca houbo vontade nin por unha parte nin pola outra de que iso se dera así; por parte da oposición o único que se quixo facer con este Regulamento foi meterlle o dedo no ollo ó Goberno, desestabilizar aínda máis o funcionamento do Pleno e do que é a propia Institución; e por parte do Goberno nunca tivo nin tan sequera a vontade de facer unha reunión de

tódolos Grupos para intentar poñer enriba da mesa o que había e intentar sacar unha proposta consensuada, foi imposible e nunca se fixo.

Insisto, é inútil, apróbase ou non se aprobe, para esta lexislatura xa nada, pero dá igual porque o goberno que veña a continuación e teña unha maioría solvente vai intentar cambialo e facelo operativo. En todo caso co BNG que non se conte para esta “batallita”, e como hai que cambialo pero non estamos de acordo nin na forma nin no fondo imos absternos nesta proposta”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Efectivamente case que só vou coincidir co voceiro do Grupo Socialista nun punto, en que é un tema bastante farragoso, e eu vou engadir que de escaso interese para a poboación, e á vista están as alegacións que se presentaron que son Deputados do Partido Socialista e unha persoa que se identifica como Secretaria Xeral do Partido Socialista. Está claro que aquí o debate é estritamente político e os veciños da provincia demostraron moi pouco interese.

Pero si que me gustaría puntualizar varias cousas, ademáis de agradecer por suposto todo o traballo que fixeron dende os servizos xurídicos xa que neste tema o informe é exhaustivo, moi laborioso, e seguramente absorveu moitas horas para probablemente non concluir nada, porque desgrazadamente levamos practicamente todo o mandato intentando consensuar un documento que permitira que as sesións plenarias, os acordos, as votacións, foran respectuosas con tódolos Grupos Políticos, e que intentáramos precisamente eliminar moitos dos enfrontamentos.

Nós trouxémolo aquí, incluso retirámolo unha vez que viña na Orde do Día aceptando a indicación do Presidente de que ía convocarnos para un traballo consensuado, iso non se produciu; volvemos traelo a aprobación, fórzase unha aprobación definitiva, quero pensar que non foi por mala fe; despois tivemos que ir a unha reconversión e convertela en aprobación provisional, e despois alegan os mesmos que estiveron aquí no debate que indubidablemente tiñan dende o principio a posibilidade de negocialo e consensualo para traer un documento sen este esperpento e sen facerlle traballar tanto á xente para nada, porque pase o que pase vostedes, aí si que hai que

felicitálos, conseguiron que durante todo este mandato, a pesares de facerlle traballar á xente o que, dende o meu punto de vista, non deixa de ser tamén unha actitude bastante irrespectuosa co traballo da xente e coa dedicación, conseguiron dilatar, torpedear, incluso publicar como definitivo algo que tiña que ser como provisional, para que neste mandato non tiveramos un novo Regulamento, bastante incoherente co que despois din algúns de que todo o arreglamos nun despacho, non sei que medo lle tiñan ó Regulamento, porque indubidablemente se o Presidente tivera ese bo talante que dicía antes a voceira do Goberno, e se pasara esta lexislatura por ese exemplo, qué medo ten a ter un Regulamento consensuado?, non o entendo.

O que si me interesa moito aclarar, porque viñamos acostumados, afortunadamente nos últimos Plenos non, pero si en momentos anteriores, por informes sen precedentes na historia dos informes locais onde pouco menos que se nos ameazaba e facían unhs xuízos de valor máis con opinións subxectivas ca con informes xurídicos, agora non. Pero como ó Deputado que defende este punto parece que aínda lle queda aquilo latente, quixo dar a entender que nós tiñamos feito un verdadeiro atropelo xurídico. O informe remata, e creo que é importante lelo porque o que está escrito non se ten porque malinterpretar, “é todo o que cabe informar ó respecto, sen embargo o Sr. Presidente resolverá o que estime procedente”, e “este informe emítese con carácter non vinculante e sometido a calquera outro informe mellor fundado en dereito”.

Pero como temos algún Auto en concreto que creo que é importante traer a colación aquí, no que precisamente se lle denegaba a medida cautelar de suspensión do acordo de aprobación do Regulamento Orgánico da Excma. Deputación Provincial de Lugo; porque calquera persoa, teña ou non coñecementos xurídicos, que escoitara na primeira intervención ó Deputado, podía interpretar que nós máis ou menos eramos uns terroristas xurídicos que viñamos aquí facer algo absolutamente mafioso e kafkiano, nós sempre defendemos que non era así, obviamente en dereito hai moitas cousas que son interpretables, defendiamos os nosos dereitos como oposición e defendiamos a necesidade de crear un novo Regulamento, que este que propoñemos pode ser mellorable, pero indubidablemente o que había, e aí teño consultado a moitos profesionais de dereito administrativo que me din que era moi mellorable; dado que non podía habelo por consenso traémolo pola outra vía.

Nese Auto onde se lle denega esa medida cautelar de suspensión, en varios apartados lle poñen, e leo literalmente: “por las razones expuestas no se aprecia que la entrada en vigor del Reglamento pueda ser origen o fuente de situaciones jurídicas viciadas de nulidad por motivos competenciales”, por exemplo, algo que vostedes poñían o grito no ceo; e en relación ó tema competencial aínda lle lerei outro parágrafo máis ilustrativo dentro dun pouco. Outro apartado di: “en esta atribución no se aprecia que sea motivo bastante para acceder a la suspensión pretendida”. Dito doutra maneira, que o invito a lelo, básicamente para que despois non confunda á poboación, e insisto, podía ser un documento mellorable, e tempo tivemos ademáis de que fixeran as súas aportacións construtivas sen facerlle traballar de maneira innecesaria ós funcionarios, e sen entrar en gastos porque indubidablemente ir a un proceso xudicial sempre ten varios prexuízos; ademáis era innecesario porque pola nosa parte habería a mellor vontade de chegar a un acordo.

Pero hai varios artigos que merecerían puntualizar nalgunhas das alegacións que o informe considera que se deben admitir e noutros que acepta a proposta, máis ca entrar ó debate disto, que son o 5, o 12, o 32, o 74, o 75, o 33, etc., evidentemente non nos chegarían os seis minutos, pero si me gustaría que quedara claro dende o punto de vista da utilidade do voto desta sesión, porque creo que dende logo chegados a este punto e a dous meses de rematar o mandato é o máis importante; a proposta que trae o Presidente, e aí agradecería que se me concretara se estou interpretando ben ou non, é aprobar o Regulamento coa estimación das alegacións que propón o ditame non vinculante, para iso necesitaría unha maioría absoluta, interpreto que os trece votos, se iso non ocorre e se a proposta do Presidente non consegue os trece votos, a pregunta é se se entende aprobado de maneira definitiva o texto que ía previo as alegacións, e para non confundir a ninguén eu agradeceríalle esa aclaración para unha vez máis, aínda que non lle guste ó Bloque Nacionalista Galego, adoptar unha postura de utilidade e ninguén quede confundido”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Eu non teño nada que dicir do traballo dos funcionarios, eu neste caso non comparto as afirmacións que se fan aí. E polo que respecta ó voceiro do Grupo social arribista obviamente recordarlle aquilo de que mentiron tanto e tan ben que non hai forma de que os seus partidarios descrean de tantas e tan boas mentiras; aquí estamos unha vez máis na manipulación nas opinións de

parte, excusas xurídico administrativas, nun xogo rateril, un xogo de emendar, levar, traer, equivocarse, para que este Regulamento, despois de terse presentado todo tipo de propostas para chegar a acordos, para crear comisión, non se fixera; obviamente a mín dáme igual porque nin cumprían o que hai vixente nin cumpren o que hai agora, vostedes fixeron aquí o que lles deu a gana, entónces qué máis lles dá o Regulamento; non cumpriron os acordos de Pleno, non cumpren as propostas que se fan aquí, dá igual.

Con este Regulamento o que se tratou de facer é que esa política partidaria e sectaria deixara de existir, que houbera un elemento sen dúbida ningunha que lles obrigara a cumprir a lexislación vixente, que non a cumpren. Entónces, despois de moitas voltas o Partido Popular presentou un Regulamento que obviamente recibiu o apoio maioritario, e se vale o apoio maioritario para outras cousas debía valer para isto; e porque se chegou a iso Sr. Ferreiro?, porque obviamente estiveron boicoteando un día tras outro ese Regulamento de consenso que vostede sabe que se presentou hai case catro anos; pero tampouco se lle pode dicir nada, cadaún fai a política que cre que debe facer.

Veñen agora con que hai tres informes negativos, moi ben, pero o informe negativo, como lle dixo a voceira do Grupo Popular, se leran este Auto que lles pega un repaso o menos que podían ter é un pouco de vergoña, eu pódolle ler o referido ó Deputado non adscrito, porque ninguén pide máis dereitos dos que tiña, incluso están aprobados, tanto co Regulamento novo como co vello, os dereitos deste Deputado, e nin con un nin con outro, nunca pedín máis cós que me correspondían, e se é así chámeme mentiroso, pero dáme a sensación de que non van poder. Agora ben, quixeron criminalizar ó Deputado non adscrito, pois criminalíceno, o Deputado non adscrito sobreviviu á lexislatura como lles dixo e xa veremos se non sobrevive á outra, que se cadra teño máis posibilidades de ser Deputado ca vostede ou algúns dos que están aquí; aparte diso dá igual o que acorden, porque ven Madrid e cámbiaos, porque o Partido onde mandaban os militantes xa non mandan os militantes, pero iso é un problema que teñen que arreglar vostedes dentro do Partido, co cal tamén me encontro satisfeito de non ter compartido esa política sanchista.

E dínlle claramente que non cabe anticipar ningún xuízo sobre o seu acomodo á legalidade, pero si cabe advertir que o Regulamento Orgánico derogado no ano 2011 incluía como

competencia do Pleno tanto a aprobación da forma de xestión dos servizos, todo referido a Suplusa, xa o tiñan dende 2011, daquela valíalles, non o cumpren, vai o mesmo no actual, e resulta que o impugnan; e encima por primeira vez na historia desta Deputación e, polo que mirei de tódalas Deputacións de España e o 99% dos concellos, resulta que un Partido Político alega contra un Regulamento dunha Institución, non hai parangón; é verdade que vostedes tiveron unha lexislatura que poden enmarcar non sei se nas súas casas como Deputados ou levar o sillón para a casa porque creo que deben recordala pola súa actuación aquí.

Dílle tamén “.. que se convierte al Secretario en un nuevo órgano de control..”, “... debiendo solamente advertirse que el artículo 114 del nuevo Reglamento es idéntico en su redacción al anterior”, ou sexa están facendo críticas, e un le isto e dálle a risa das alegacións que fan vostedes, tanto o Grupo Socialista coma o Partido, e desmóntanlles unha a unha as actuacións, incluso esa que lles gusta do Deputado non adscrito, porque lles di claramente que en ningún momento se piden máis dereitos cós que tiña, e o que non poderán quitarme, que si que o fixeron, son os dereitos que tiña. E dilles tamén que: “.. no es que sea restrictivo en demasía, sinó que es demasiado amplio, vulnerando el régimen legal en cuanto no supedita el acceso telemático de los Diputados a una previa autorización, prevista legalmente”, o que nos di é que encima nós pedimos máis dereitos, máis transparencia, e máis claridade; acaban de asinar un convenio de transparencia os Presidentes das Deputacións, aplíqueno, pero parece ser que o que lles molesta é a transparencia.

Eu non vou dicir moito máis, o Partido Popular fixo aí unha pregunta de se con trece votos isto se aproba, porque non quero recordar a manobra que fixo o Presidente porque se non a fixo intencionadamente é que é moi torpe, e se a fixo intencionadamente dende logo existe mala fe xurídico administrativa, de publicar o Regulamento como definitivo cando tiña que ser como aprobación inicial, que lle poñían os informes dos Secretarios desta Institución cal era o percorrido, saltouse iso e publicano como definitivo. Cometemos o erro, e eu o primeiro, de aceptarlles esa reconversión en aprobación definitiva, porque senón hoxe o Regulamento estaría en funcionamento, pero tampouco me pesa fiarme ás veces de vostedes aínda que teño un record de enganos e mentiras que é moi difícil de superar no que me queda de vida, mentiron e enganaron persoalmente, tamén institucionalmente, e minten e enganan ós cidadáns desta provincia, e no caso

do Regulamento tamén; non lles importa o Regulamento, o que lles importa é que vostedes podan seguir facendo o que lles dea a gana”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Eu quero aclarar dúas cousas; o que non se pode é mentir, dos Autos pódense ler as partes que consideremos oportuno, pero é lóxico que esa medida cautelar decaera cando nós promovemos unha reconversión do acto; esa reconversión lévase porque o que se está aprobando aquí é o seu Regulamento; e falaban vostedes de colaboradores necesarios, naquel momento a política, esa arte na que os equilibrios varía, e agora, como dixo aquí algún Deputado, a auga xa non vai para o seu rego, co cal agora terá que xustificarse e dicir determinadas cuestións que son así.

Obviamente cando se pide esa reconversión do acto, e pídese fundamentalmente porque vostedes, e non os tildei de mafiosos porque non é o meu estilo, pero si que digo que había tres informes que lles estaban advertindo que podían incorrer nunha ilegalidade, cuestión que é obvia, reiterada, e que se dixo aquí por activa e por pasiva; non foi un erro apoiar a reconversión do acto nulo, foi un recoñecemento de que se tiñan equivocado, son cousas completamente distintas, e o Sr. Deputado non adscrito e o Partido Popular facilitaron a aprobación desa reconversión do acto porque sabían que tiñan metido a pata ata o fondo, equivocáronse, ordenaron publicar un Regulamento; e despois critican tamén que non se cumpren os mandatos do Pleno cando aquí fíxose cumprir estrictamente o mandato do Pleno, non o noso senón o que vostedes, o Sr. Martínez e os Deputados do Partido Popular, aprobaron; publícalo tal e como estaba foi o que vostedes aprobaron, non enganen a ninguén, a pesares de que había tres informes que lles dicían que non se debía facer así.

Por iso tamén cae esa medida cautelar, porque se hai unha reconversión dun acto nulo que precisamente é volver ó estado natural das cousas, e dende o punto de vista administrativo lograr e conseguir que as cousas se fagan ben que, a pesares de que sexa o seu Regulamento, ata este Presidente tivo a decencia de dicirlles que o facían tan mal que incluso lles dixo como tiñan que

facelo; pero é o seu Regulamento non o noso. Entonces de erro nada, foi que se equivocaron, digan as cousas polo seu nome.

E xa para rematar, é certo que hai unhas alegacións e, Sra. Candia, hai que respectar igual que presenten as alegacións uns coma outros, é un dereito fundamental, e que a vostede lle guste máis ou menos será discutible, pero os Deputados do Partido Popular tamén teñen alegado a algún Presuposto no pasado e non nos poñemos colorados, non pasa nada, porque é lexítimo que fagan iso; entón poñernos aquí a cuestionar, aínda que di vostede que o informe non é preceptivo, estamos de acordo e pode que non sexa preceptivo pero creo que o 80% desas alegacións que se estiman as comparte o Partido Popular.

E en relación á pregunta, eu ata agora non son o secretario da Deputación, pero gustaríame, se o Presidente dá autorización, facerlle a pregunta á Sra. Secretaria; e a pregunta sería que pasaría no caso de votar en contra deste ditame ou se non hai maioría absoluta, eu entendo que non se aprobaría o Regulamento”.

Seguidamente intervén a Sra. Secretaria Xeral, D^a. María Esther Alvarez Martínez, no seguinte sentido:

“O que se somete á consideración do Pleno non é unha proposta da Presidencia, é un ditame; ese ditame foi emitido favorablemente para que se pronuncie o Pleno; non foi obxecto de emenda nin de voto particular; polo tanto o ditame que se somete á consideración do Pleno é a proposta do Presidente tal e como vén, é dicir, estimar as alegacións, aprobar definitivamente o texto coas alegacións presentadas, crear unha comisión para facer un texto alternativo, e todos os demais puntos que contén a proposta.

O acordo que adopte o Pleno é de maioría cualificada, é dicir son necesarios trece votos a favor, se eses votos a favor do ditame da Comisión non se producen non se aprobará o ditame, e polo tanto non se aproba ningún Regulamento, segue en vigor o que tiñamos”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“A iso me refería no de que ás veces cando un Grupo Político pon enriba da mesa a posibilidade de empezar a traballar por cambiar algo que non está ben, e entendo que o Regulamento anterior non está ben, todos temos a responsabilidade de intentar non facerlle perder o tempo á xente.

Debe ser a quinta vez que ven un debate do Regulamento ó Pleno, cando a provincia ten tantas necesidades e ademáis hai tantas iniciativas públicas e privadas tan interesantes que deberíamos apoiar e intentar traballar para que poideran saír adiante, e aquí estamos debatendo de cousas que, sen menosprezar as alegacións do Partido Socialista, ó resto da poboación non lle ten moito interese.

É verdade que á oposición si que lle ten interese modificar o Regulamento, pero tamén é verdade que se converteu nunha misión imposible; e se se conseguiu ter Orzamentos, hai que recordar que probablemente pasemos á historia por ser o primeiro Grupo da oposición que presentou por Rexistro de Entrada unha petición de Pleno extraordinario cunha proposta completa de Orzamentos, se tamén lle tiveramos dado prioridade á aprobación dun Regulamento seguramente se tivera conseguido, a pesares dos paus nas rodas.

Quen escoitara ó Sr. Rivera pódelle parecer que quen se equivocou na publicación foi a oposición, pero realmente aquí temos o Boletín Oficial da Provincia e quen asina a publicación ten nomes e apelidos e non hai nada que explicar. E tampouco será a celeridade por cumprir os acordos plenarios porque aínda por exemplo nos nosos concellos non hai os desfibriladores, iso que o tema que tiña que ver coa protección cardiolóxica da nosa provincia era unha prioridade para o Partido Socialista, perdón, era cando había que sacar as pancartas e cando había que ir por aí facendo política, pero non é cando ten que tomar unha decisión dun importe de 200.000 euros por exemplo para a compra de desfibriladores.

Dito isto, e simplemente puntualizando outro parágrafo máis dese Auto, porque enlaza directamente con outras ameazas de multitude de ilegalidades no relativo á competencia da encomenda de xestión, que tamén está xudicializado e ademáis foi obxecto de multitude de advertencias e case de ameazas ó Grupo que represento por defender que efectivamente estabamos facendo o correcto.

Cando lle dicía que se denegaba a suspensión e lle clarificaba ademáis que por temas competenciais non entendía que houbera ningún risco de que se adoptaran actos nulos, concretamente dicía no que afecta ás encomendas de xestión, estoume a referir a todo aquilo que suscitou tanta polémica da encomenda de xestión a Suplusa para a construción e xestión das residencias; pois “.. respecto a esta regulación do novo Regulamento non cabe anticipar ningún xuízo sobre o acomodo á legalidade, pero sí cabe advertir que o Regulamento Orgánico derogado do ano 2011 incluía como competencia do Pleno tanto a aprobación da forma de xestión dos servizos, como a transferencia de funcións e actividades a outras Administracións Públicas e ás encomendas de xestión (art. 57.30). Por este motivo non se apreza que a entrada en vigor do novo Regulamento, xa producida ademáis hai semanas, poida ser fonte de prexuízos irreparables ou de difícil reparación..”.

É dicir, vostedes nunha Xunta de Goberno retiraron a condición de medio propio e entenderon que desaparecía unha encomenda de xestión que no propio Auto do Xulgado dunha maneira clara lles pón que a competencia era do Pleno; non estamos nin obsesionados nin facemos pinza. E despois casualmente levaron ó Xulgado ós Deputados do Consello de Administración de Suplusa advertíndolles que podían responder co seu patrimonio persoal se tomaban decisións en prexuízo da Sociedade; é dicir, por un lado vostedes quitábanlle negocio, por dicilo así, a unha Sociedade pública, por un órgano manifestamente incompetente, e por outro lado levábannos ó Xulgado dicindo que nós administrabamos mal a Sociedade pública, e despois ameazábannos con que estabamos dictando un Regulamento para darlle máis competencias, e facían fincapé nisto nun tema político, cando claramente se era competencia no Regulamento do 2011 era competencia do Pleno na proposta de Regulamento do ano 2015.

Como isto se xudicializou, moi ó noso pesar, seguramente haberá moitos máis Autos e Sentenzas que lle irán poñendo claridade a moitas destas cousas, pero aínda que este debate desgrazadamente non vai valer para nada, e moita xente traballou en vano, si que serve para que saian á luz as verdadeiras mentiras do Partido Socialista que tivo unha auténtica crise existencial neste mandato, e que non lle doeron prendas incluso en xudicializar poñendo en perigo o noso patrimonio persoal con verdadeiras falsidades, que evidentemente o tempo sempre vai poñendo a cadaún no seu sitio.

Entonces eu pido desculpas a todos estes funcionarios que levan traballando para non conquistar nada, pero tamén lle digo que non me sinto responsable porque o intentamos por tódolos medios admitidos en dereito, dunha maneira absolutamente construtiva dende o principio ata o final, e cousas coma isto realmente ademáis de darnos a razón nesas advertencias tan infundadas, e dicía vostede que non se poñía colorado, pois con total humildade un pouco colorado neste punto, se realmente ten algo de coherencia e de responsabilidade, debería poñerse”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Eu creo que xa quedaron claras as intencións, estamos nun novo brindé ó sol para non facer nada, nin aprobamos o Regulamento nin o deixamos de aprobar, unha perda de tempo total e absoluta que é ó que someteu a esta provincia o Goberno social arribista durante estes catro anos.

O que máis me gusta é que me volven interpretar, sempre me gustou nesta Institución, os anos que fun Deputado, que me interpretaran, fixérono cando estaba na oposición e agora tamén o fan, aínda que volvo estar na oposición. Pero non sei a onde van dicindo que o Auto non lles dá a razón, os Autos podémolos compartir ou non pero o Auto é claro.

E di que o Auto se emite porque xa vostedes o tiñan retirado; o 26 de xuño foi cando se aprobou o Regulamento, o 31 de outubro é cando se publica o Auto, probablemente os xuíces estiveron esperando a que se celebrara o Pleno do día 30 para emitir o día 31 o Auto, probablemente funcione así a xustiza pero creo que non. E as datas son claras, vostedes, en contra deses informes negativos de que falan, eu teño aquí dous e fáltame o terceiro, un asinado o 22 de

outubro por D. Manuel Castiñeira onde lles di claramente cal era o procedemento: “aprobación provisional polo Pleno co quorum de maioría absoluta legal, información pública polo prazo de 30 días”, que vostedes dunha maneira rateira se saltaron, porque non me diga que o Presidente da Deputación ou os asesores non saben cales son os prazos para publicalo, e publicárono como definitivo, para seguir nestas manobras dilatorias que están facendo agora; “resolución das alegacións no seu caso”, que tería que ser o que estaríamos a facer hoxe; “e aprobación definitiva polo Pleno”, que se resolverían e tería que aprobarse. Nada diso se cumpre hoxe.

O mesmo lle di outro asinado por D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, de 21 de xuño, feitos con catro meses de diferenza: “... o devandito acordo que terá a consideración de aprobación inicial deberá publicarse iniciándose un período mínimo de trinta días de información pública e audiencia dos interesados para a presentación de reclamacións e suxestións”, isto foi o que se saltaron vostedes, “.. as mesmas deberán ser resoltas polo Pleno coa maioría xa indicada, quen procederá á súa aprobación definitiva; de non presentarse reclamación ou suxestión algunha considerarase definitivamente aprobado o acordo inicial que ata entón será considerado provisional...”. Isto é o que lle dín os informes que vostedes din que son negativos e que vostedes, como pasaron das duascenas setenta e seis mocións que se debateron neste Pleno, pasáronse duascenas polo arco de triunfo, fan ben, vostdes os demócratas, vostedes os socialistas.

E vólvennos agora cunha música que llo di este Auto que non leu a voceira do Grupo Popular, “ .. no sería imputable a la totalidad del Reglamento Orgánico máxime cuando, salvo en determinados aspectos, mantiene la regulación anterior en muchos de sus preceptos, por lo que una suspensión de la totalidad del cuerpo normativo se revelaría como un resultado desproporcionado y desconectado de la necesidad preventiva de daños y perjuicios de difícil reparación que subyace en toda medida cautelar...”, díillo claramente, e díilles claramente todas esas cousas que vostedes alegan aquí, e díilles que non se axustan á realidade, vostedes meten meras opinións que xa aquí os desautorizan totalmente”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Está claro que non lles interesa falar do que hai que falar, que desvían o tema a encomendas de xestión e a cuestións sesgada do que hai, pero a realidade dista moito do que vostedes din, e a realidade é que o publicamos por un mandato plenario de aprobación dun Regulamento que o Partido Popular presenta, non sei se coa connivencia ou non, pero co voto favorable do Sr. Manuel Martínez, iso que non se lle esqueza a ninguén, e o fixeron de maneira ilegal.

Vostede non ten que pedir perdón por que os funcionarios desta Casa traballen moito, polo que lle ten que pedir perdón é por atreverse a votar en contra de tres informes negativos de funcionarios desta Casa; e nunca se me pasaría pola cabeza poñer en dúbida ningún dos informes dos funcionarios desta Casa, porque creo que son excelentes profesionais e que lle adican moito tempo a isto. E non se preocupe, eu non sei se volverei ser Deputado ou non, tampouco me obsesiona, vexo que a vostede si.

En definitiva creo que había que ser coherentes, sinceramente creo que chegado este momento, e despois de que aproveitaran para ensañarse neste punto, a coherencia ditamina que, xa que vostedes non nos deixaron opinar e nos impuxeron un Regulamento, tivemos que buscar a vía para facelo, presentáronse as alegacións oportunas e estimáronse máis do 90% delas, e polo tanto agora teñen a oportunidade de aprobado, saben como facelo porque llelo acaba de explicar a señora Secretaria”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); votos en contra, 1 (emitido polo señor Deputado non adscrito); abstencións, 14 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG). Tendo en conta que os votos a favor foron emitidos por un número de Deputados inferior ó quórum da maioría absoluta requirida polo artigo 47.2.f) da Ley 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Presidente declara non aprobado por falta de quórum o ditame da Comisión Informativa de Goberno Interior e Relacións Institucionais anteriormente transcrito.

--00000--

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA IMPULSAR A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN INTEGRAL DO ESTADIO MUNICIPAL “PEPE BARRERA” NO CONCELLO DE RIBADEO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda di:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para impulsar a execución do proxecto de renovación integral do estadio municipal “Pepe Barrera” no concello de Ribadeo

Exposición de Motivos:

Na actualidade, o estadio municipal “Pepe Barrera” do Concello de Ribadeo é empregado por uns 150 deportistas tanto da SD Ribadeo como do Ribadeo FC. Sen embargo, son moitas as críticas tanto dos afeccionados como dos xogadores sobre o mal estado no que se atopa o céspede, o que obriga a adestrar e xogar aos equipos nunhas condicións lamentables poñendo en perigo a súa integridade física polo risco de lesións.

Tal e como recoñecen directivos e adestradores a situación non resulta nova, xa que o problema ven de lonxe. A falta dun mantemento axeitado do terreo de xogo, a ausencia de drenaxes e unha previsión horaria mellorable no momento de poñer os partidos das categorías inferiores contribúen ao seu deterioro. Os técnicos e os xogadores, tanto locais como visitantes sofren en cada

partido e os árbitros ameazan constantemente con aprazalos porque “cando caen dúas gotas o campo ponse impracticable”.

A estas alturas ningún pode cuestionar que o deporte se ten convertido nesta lexislatura nun dos piares básicos da acción do goberno socialista da Deputación de Lugo, chegando a situarnos como a administración, con moita diferenza, que máis inviste neste eido na provincia. Esta aposta tradúcese tanto en axudas económicas aos clubs como no desenvolvemento do plan de infraestruturas deportivas.

Sendo coñecedores de todo o exposto ata o momento, o pasado 12 de marzo, o Concello de Ribadeo convoca a unha reunión á Deputación de Lugo, á Xunta de Galicia e aos clubs para presentar o proxecto de rehabilitación integral do estadio municipal “Pepe Barrera” valorado en 421.000 €.

En citada reunión, o Alcalde de Ribadeo anuncia que está disposto a poñer unha parte do custo da actuación pero que non ten capacidade económica suficiente para afrontalo en solitario. O Presidente da Deputación de Lugo, que xa días antes manifestara a súa vontade de colaborar na mellora do campo, comprométese a costear 1/3 da actuación sempre e cando o resto de administracións fagan o mesmo. Pola súa banda os representantes da Xunta de Galicia, que non asistiron á xuntanza, aproveitaron na mesma carta na que escusaban a súa ausencia para reafirmarse no ofrecemento dunha “pobre” axuda de 46.000 euros para “colaborar coas obras de drenaxe e renovación do céspede” ou incluso financiar a totalidade das actuacións mediante a utilización do Fondo de Cooperación Local. Cabe destacar que esta última cuestión non deixa de formar parte da demagogia política á que nos ten acostumados o señor Balseiro, posto que estes fondos están destinados, ao igual que o Plan Único da Deputación a asumir gastos ordinarios de funcionamento dos Concellos, pero non para atender circunstancias extraordinarias como é o caso.

Unha vez acadado o compromiso da Deputación de Lugo de aportar un terzo do custo do proxecto, no pleno celebrado en Ribadeo ao día seguinte da reunión, a corporación aprobou por unanimidade (incluído co voto favorable do PP), que tanto o Concello como a Xunta tamén aporten un terzo cada un para cubrir a totalidade do proxecto.

Semella moi razoable que a Xunta de Galicia, atendendo as súas competencias no marco da Lei do Deporte e a súa capacidade de asinar convenios bilaterais extraordinarios tal e como se reflicte no DOG, incrementa a súa participación no proxecto ata os 140.000 €, xa que a proposta actual de 46.000 € apenas representa un 10% do total.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno o seguinte acordo:

- Instar, atendendo ao marco competencial existente, a lealdade institucional e ao máximo respecto á autonomía local, a que o Concello de Ribadeo, a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, aporten cada un, un terzo do custo total do proxecto de renovación integral do estadio municipal “Pepe Barrera”, que ascende a 421.000 €, na anualidade 2019”.

Ante esta moción por parte do Grupo Popular preséntase unha emenda de substitución do seguinte teor:

“Proponse o seguinte acordo:

- Que a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo aporten cada unha das administracións 187.375 € do custo total do proxecto de renovación integral do estadio municipal “Pepe Barrera”, que ascende a 421.000 €, na anualidade 2019; e instar ao Concello de Ribadeo a formalizar, con urxencia, o convenio de colaboración coa Xunta de Galicia que permitirá, de xeito inmediato neste primeiro semestre do ano, unha achega de 46.250 €, con cargo á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, para colaborar na renovación integral do estado municipal “Pepe Barrera”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Imos falar dunha moción que creo que é interesante; desgrazadamente asistimos nos últimos días fundamentalmente a este debate a través da prensa, cuestión que me parece tamén bastante lamentable cando realmente onde se teñen que debater estes temas creo que é precisamente aquí, por iso o Grupo Provincial Socialista trae unha moción para impulsar dalgunha maneira o proxecto de rehabilitación integral do estadio municipal “Pepe Barrera” do concello de Ribadeo.

Na actualidade ese estadio municipal acolle un total de 150 ou 200 futbolistas dos equipos tanto da SD Ribadeo coma do Ribadeo FC, e atópase nun estado, sobre todo cando chove, bastante lamentable, o que fixo que en moitas ocasións os propios árbitros se viran na obriga de suspender determinados encontros.

É certo que isto non é unha cuestión nova senón que a situación do “Pepe Barrera” xa se ven arrastrando dende hai moitos anos, ó mellor o mantemento non foi o máis axeitado, ó mellor a planificación incluso coa creación dos dous equipos, o incremento das categorías inferiores e a carga horaria, fixo que dalgunha maneira se dificultase a súa conservación e mantemento. Ademáis, tal e como recoñecen tanto directivos, como adestradores, como os pais dos nenos que van alí adestrar, cos que se ten falado habitualmente, a situación estase volvendo complicada porque en determinados momentos incluso se pon en perigo a integridade física dos xogadores.

Eu creo que a estas alturas ningún pode poñer en cuestión a aposta que se fixo polo deporte durante esta lexislatura por parte da Deputación de Lugo, e sendo un pouco coñecedores desa situación o pasado 12 de marzo o concello de Ribadeo, concretamente o seu Alcalde, fai unha convocatoria para que alí estean presentes tanto os clubs implicados como a Xunta de Galicia, que ten moitas competencias en materia de deporte, a Deputación de Lugo porque é sabedor da colaboración que se ven facendo, e o propio concello, para abordar e presentar o proxecto de rehabilitación co arquitecto correspondente. A Xunta de Galicia contesta que non vai estar porque por cuestións de axenda o Delegado Territorial non pode asistir, lóxicamente se non ven o Delegado Territorial non lle vai dicir que vaia o Xefe Territorial; sobre todo isto pon de manifesto que tampouco había tal vez demasiada vontade de pasar por alí.

Dito isto, un día despois o propio Pleno do Concello de Ribadeo aproba por unanimidade que cadaunha destas Administracións aporten un tercio do custe da rehabilitación, o que ven sendo uns 140.000 euros aproximadamente. Días despois que o propio concello de Ribadeo, todo hai que dicilo, fai unha modificación de crédito para poder cubrir e licitar con certa rapidez eses 365.000 euros, máis os 46.000 que é o que ofrece a Xunta de Galicia; é dicir, o Sr. Balseiro foi manchar os zapatos por 46.000 euros, acompañado do señor Daniel Vega que non pasou por Ribadeo en catro anos, agora ocúrreselle pasar porque debe ser o candidato.

Unha vez acadado este compromiso da Deputación, compromiso que acaba de ser refrendado coa aprobación dos 1,5 millóns dos remanentes nos que irá incluído, como xa adiantou a voceira do Partido Popular, polo cal tamén se vai destinar unha parte deses remanentes a cocellos onde non gobernan nin o Partido Popular nin o Partido Socialista senón neste caso o Bloque Nacionalista Galego; e o que nós pedíamos, que creo que é unha cuestión tremendamente coherente, e entra dentro da lealdade institucional, algo que aprobaron os seus concelleiros no propio concello de Ribadeo, é que cadaunha destas Administracións, en base á autonomía local e á lealdade institucional, aporten un tercio da totalidade do proxecto que ronda os 421.000 euros.

Esta é a proposta que traemos a debate. Hai unha emenda que vostedes plantexan aquí, e que me parece un insulto á intelixencia, a mín gustaríame saber sinceramente se o Sr. Balseiro vai a calquera concellos de vostedes, teñen un proxecto de medio millón de euros e lles di que vai poñer 46.000 euros e que o resto o poñan vostedes do Fondo de Compensación, o que farían, lóxicamente calar; pero non parece serio, eu creo que traer as propostas, formulalas dunha maneira concreta, e ser coherente, e se apelamos ó respecto á autonomía institucional, que a Xunta de Galicia ofrezca 46.000 euros, e encima meta présa por aceptalos, dun proxecto dun total de 421.000 euros, e logo xa lle pedirían á Deputación, porque por aí se paseaban tanto a voceira do Partido Popular coma o Sr. Demetrio Salgueiro; ademais ó Sr. Demetrio Salgueiro vino onte dicindo que unha das súas aspiracións a medio prazo era construír un pavillón polideportivo, cousa pola que o felicito porque o deporte é fundamental, e seguro que se o Sr. Balseiro vai por alí e lle di que lle da un 10% gustaríame ver a cara que pon.

Polo tanto hai que ser serios, e eu creo que aquí tráese unha proposta coherente, apoiada no concello de Ribadeo, unha proposta aprobada polos seus propios concelleiros, hai un proxecto enriba da mesa e hai que apoialo. Entonces a proposta está clara, 421.000 euros repartidos un tercio cadaunha das Administracións, Concello, Deputación, e Xunta de Galicia, ademáis co visto e prace por parte dos clubs que adestran alí tódolos días”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Rivera, quen no o coñeza que o compre, eu non sei se vostede vai ser Deputado para as próximas ou non pero alo menos se non o dan posto de suplente deberían poñelo porque vaia marróns que lle meten a vostede, e sae vostede con alegría para adiante.

Por tanto un pouco de seriedade, este Partido, non vostede porque estamos a dous meses das eleccións e veñen con programas electorais deses que nos teñen acostumbrados de inaugurar residencias o día antes; era o día 31 de marzo do 2015, e teño aquí a acta da sesión, e este Partido trae a este Pleno unha proposta para que se acondicione un campo en Ribadeo que hai moitos anos que está moi mal, un clube que naquel momento nos representaba muy dignamente en terceira división, o único da Mariña; un equipo que se agora está en preferente ó mellor tamén foi por ter que xogar nun patacal; un equipo que cada día abrían os periódicos da provincia dicindo como estaba; onde estaba o goberno da Deputación e esa área que tanto inviste en deporte?, non estaba.

E ademáis cando o Partido Popular trae esa proposta no ano 2015, e xa non era un tema novo, vostedes votan literalmente que non, que esa non era unha prioridade para a provincia, que había outras prioridades; e resulta que catro anos despois faise vostede o voceiro máxico da coherencia, cando o que ten que ser é un pouco serio, eu se quere leolle o que dicía o voceiro do PSOE naquel entón, e agora que nos vai contar?, todo o contrario?.

Pero hai un tema moito máis grave ca ese, temos alí un señor Alcalde, que parece que é o Conde de Romanones ou o Duque de Suárez, que resulta que cando dende a Xunta de Galicia ou dende a Deputación o Grupo Popular intenta que se arregle unha situación caótica, o peor estadio

de xogo da categoría na provincia, e entón se nos di que hai preferencias para Ribadeo e que esa non é unha preferencia; pero iso non o di hai catro anos, dio hai dous anos, hai tres, e hai tres meses; e é cando a Xunta de Galicia, a través do seu Delegado, convoca ós presidentes da sociedade deportiva e do clube de fútbol Ribadeo e lles brinda unha axuda, non lla piden senón que a brinda, de 46.000 euros, resulta que agora vostedes empezan a mover a maquinaria e queren arreglar o mundo.

É a Xunta quen toma a iniciativa vendo como está un patacal; é a Xunta quen pon o tema enriba da mesa; e agora vostedes van a remolque, o Presidente vai alí e compromete un diñeiro que non ten, compromete poñer un tercio dun diñeiro que hoxe, grazas á abstención deste Partido, poden ter ese diñeiro para alí; pero el vai e comprométese, e paréceme ben porque é necesario, pero resulta que o Bloque non o quere, e vostede ven dicindo que coa Xunta, que é a primeira Administración que se adianta e que pon un diñeiro sen pedirlo, e brinda 46.250 euros, di que é unha esmola, pois será máis esmola que o propio Alcalde do BNG, un concello grande dos da provincia, cun presuposto grande, estaba disposto a poñer 50.000, pois se a Xunta de Galicia pon o mesmo có concello, que é o titular único e indiscutible da instalación, déixese vostede de vir aquí darnos discursos; a nós vostede non nos vai convencer, a provincia xa sabe quen é vostede, e os do Bloque creo que o teñen moi claro.

Se o Sr. Suárez, Alcalde, e eu creo que ningún Alcalde do Partido Popular tería un estadio de fútbol así, o teña reiterado no tempo e que diga que non é un tema prioritario, o Sr. Veiga, que naquel momento era un flamante Vicepresidente, que levaba a área de deportes e era a Administración que máis investía, vota tamén que non; pero hoxe volve facelo, porque cando a nosa voceira lle di que nos remanentes o único que se sabe é que unha parte vai para un concello por compromiso do Presidente, vostede vota que non, vota que non a Ribadeo; claro que eu entendo que vostede tiña que facer o que diga o Alcalde de Ribadeo, se vostede é Deputado é porque no 99% o decide. No ano 2015 vostedes votan en contra, cando a Xunta de Galicia fai unha proposta resulta que o Alcalde de Ribadeo di que iso non vai con eles, e vostede ven aquí darnos uns grandilocuentes discursos da Deputación.

Eu fágolle unha emenda moi clara, en vez de poñer os 175.000 que lle pide o Sr. Alcalde de Ribadeo, porque a proposta é 50.000 el, 175.000 e 175.000, poñan 187.000 euros, que o concello que é o propietario da instalación poña outro tanto, e a Xunta o que xa ten comprometido que son 46.250 euros para unha instalación que non é dela. E con iso, cando chegue o parón da liga na última semana de maio, se poderán acometer as reformas e telas para que comece en setembro a liga; se vostedes queren outras cousas duns convenios que non teñen ese diñeiro consignado nin o concello nin a Deputación, pois o que estaremos facendo é o que lles vale a vostedes, que Ribadeo siga como está.

Polo tanto a Xunta de Galicia liderou e impulsou isto; se vostedes traen esta moción e isto estano pedindo cando votaron que non no concello en repetidas ecasións, e votaron que non na Deputación, é porque a Xunta de Galicia e o Partido Popular deu un paso para que a sociedade deportiva e o clube de fútbol Ribadeo, que se hoxe están en preferente un dos motivos, aparte das lesións dos xogadores, foi porque posiblemente nin concello nin Deputación fixeron os seus deberes cando os tiveron que facer e estean na categoría que están, e a partires de aí empezaremos a funcionar.

Por tanto creo que aquí o Partido Popular o que trae é unha proposta clara, seria, e decidida, para que se unan tres Administracións e que en xuño poda haber contratación de obra e en setembro estar o campo rematado; se vostedes queren seguir liándoa e queren facer o que fixeron no 2015 e perdernos nas formas, vostedes saberán o que fan e saberán a resposta que lle dan á xente que fai deporte en Ribadeo e ó concello de Ribadeo en xeral”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Anunciar xa que imos votar a favor desta proposta que fai o Grupo Socialista. Tamén facer algunha nota aclaratoria despois das auténticas barrabasadas que acaba de dicir o Sr. Armesto, porque moitas delas non se axustan á realidade.

Respectamos profundamente a autonomía local dos concellos; respectamos profundamente o que valoran as Corporacións Municipais en cada momento; respectamos cando o propio concello de Ribadeo dixo que tiña outras prioridades antes có campo de fútbol; aí hai un Alcalde e un grupo de goberno valente que saben cales son as prioridades, non son demagogos nin enganan á xente; e o que vostede dixo que dixeran o Alcalde de Ribadeo é certo, iso díxoo no seu día e trasladoullo a tódolos clubs deportivos, porque falando claramente non hai ningún problema, despois ven o PP contar mentiras. E agora vou explicalas e desmontalas unha por unha tódalas que dixo.

Dende logo que o estadio municipal “Pepe Barrera” presenta un estado bastante deteriorado, máis nos últimos anos dado o alto número de licenzas deportivas; en Ribadeo hai dúas concepcións distintas no tema do fútbol, un o Ribadeo FC que ata agora apostaba máis por unha liña de subir de categorías; e outra entidade deportiva como é a SD que traballaba a base; creo que están nun bo punto de entendemento, eu teño falado cos presidentes moitas veces e creo que están facendo un labor moi bo tanto un clube coma o outro.

A raíz disto hai moito uso dese estadio que sempre presentou defectos, e pode dicilo o Presidente que xa ten xogado nese campo de fútbol, igual que eu teño xogado tamén cando estaba no Instituto, e nunca estivo en moi boas condicións; e co paso do tempo, ao non intervir nel e o propio desnivel que ten, fai que toda a auga se acumule na parte baixa, e os que asistimos alí os domingos ós partidos de fútbol vemos cal é a situación.

Agora o Partido Popular, concretamente o seu candidato á Alcaldía en Ribadeo, di que a gran inversión que quere facer en Ribadeo, debe ser para darse bombo, é destinalle 40.000 euros a un proxecto que vale 421.000, iso é non saber de que vai a cousa alí. Pero é curioso porque o que di aquí o Sr. Armesto e o que di o candidato do PP en Ribadeo, non ten nada que ver co que din os catro concelleiros do Partido Popular no pleno do mes de marzo en Ribadeo que votaron a favor dunha modificación de crédito, e de propoñerlle ás Institucións que aportaran cada unha delas un tercio o concello, a Deputación, e a Xunta; ou sexa que o estado do “Pepe Barrera” é deplorable pero o estado do PP en Ribadeo é moito peor aínda, aí está o problema. E entón ese marrón agora metéronllo ó Sr. Armesto non llo meteron ó Sr. Demetrio nin tampouco ó Sr. Ginzo que son da Mariña.

O estadio municipal “Pepe Barrera” vaise amañar aporte ou non aporte cartos a Xunta, fíxose unha modificación de crédito, pregúntelle ós seus concelleiros de Ribadeo para que se fixo e por canto se fixo. E ademáis trasládolle de parte do Alcalde de Ribadeo que o segundo punto desa emenda xa o vai cumprir, está no concello de Ribadeo a formalizar con urxencia o convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, porque non van dar máis pero eses cartos dende logo que os queren. E despois que veña Dani Vega explicar a Ribadeo porque o Partido Popular só puxo o 10% desa obra que tanto anunciou, e incluso a propia señora Elena Candia foi hai dous anos sacar unha foto á porta porque non foi capaz de entrar no campo, non foron capaces nin de falar co concello nin coa presidenta do Ribadeo.

Nós sabemos que ese campo, a pesares do Partido Popular, vaise arranxar; e houbo outras moitas propostas que eran facer un campo de herba artificial, outro dos motivos polos que aínda está así o campo, o daquela concelleiro de deportes, Vicente Castro, dixera públicamente que mentres el fora concelleiro de deportes, e xa o tiña falado cos clubs, o estadio municipal “Pepe Barrera” nunca sería un campo de herba artificial senón que sería campo de herba natural; e supoño que a proposta que están facendo agora, a que aprobaron en Ribadeo, creo que recolle tamén que vai ser un campo de herba natural como se merece un estadio dun club que ten máis de cen anos de historia e que ten o torneo vicedecano de todo o Estado español”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Non fai falta que se alporice Sr. Armesto, e coincido co voceiro do BNG en que se ben o outro día presumía na prensa a Sra. Elena Candia e o Sr. Demetrio de terse reunido coas directivas dos clubs, agora que lle toque a vostede defender isto é cando menos incoherente, pero é igual. E tampouco se preocupe polo tema de ser Deputados ou non, tamén di que a mín me tocan as causas imposibles, pero non esqueza que antes de ser Deputados nos teñen que comprar nos nosos concellos, que ó mellor non é tan fácil coma un pensa.

Volvendo ó obxecto da moción, tamén me gustaría saber, e pídolle que me resposte, se vostede o 26 de maio é Alcalde, se lle gustaría que o Sr. Balseiro fora manchar os zapatos por 46.000 míseros euros, que benvidos sexan pero son 46.000 míseros euros dun proxecto de 421.000 euros; saía dicindo o outro día o Sr. Lete, ese que tiveron que repescar de Madrid porque o Sr. Feijóo non o daba colocado en ningún lado e se cargou a Marta Míguez, que por certo non era unha mala Secretaria Xeral para o Deporte, en Castro de Rei dicindo que ían investir de aquí a final de ano 1,9 millóns de euros en infraestruturas deportivas, será despois das eleccións, porque logo ó mellor nos olvidamos e non facemos nada.

Entonces que a mín se me diga, como dicía tamén o voceiro do BNG, que o candidato do Partido Popular en Ribadeo vaia ó “Pepe Barrera”, en condición non se sabe moi ben de que, e diga que vai poñer 46.000 euros, e algo que me parece moitísimo máis grave, e sobre todo co agravante de forzar un pouco o concepto de autonomía local do concello, que o financian enteiro pero contra o Fondo de Cooperación Local; creo que a ningún de aquí que son Alcaldes ou formamos parte dunha Corporación que nos diga o Sr. Balseiro o que temos que facer co Fondo de Cooperación a mín concretamente non me faría ningunha gracia, é como se aquí eu lle digo a vostede que no Saviñao utilice o que lle corresponda do Plan Único para facer algo porque a mín me interesa que o faga así, pois non; pero isto supón un gasto extraordinario, que tódolos días abrimos o DOGA e vemos convenios excepcionais con algúns concellos que case ningún é dunha cor distinta dos que están aí enfronte. Entonces non nos imos raxar as vestiduras porque o Partido Popular da Xunta de Galicia teña que aportar 94.000 euros máis a un concello como é Ribadeo para arranxar un campo.

E vostede saberá moito doutras cousas pero de fútbol non ten nin idea, non é só polo estado do campo porque hai outras cuestións que afectan para estar en terceira división ou en preferente como a xestión deportiva, a dirección deportiva, e moitas máis cousas que pasaron, e se se involucra un pouco máis sabería que existiron certos problemas no propio clube, se crearon categorías inferiores, e son cuestións que afectan e repercuten no global do tema. Entonces, que o Partido Popular veña aquí defendendo unha moción onde a Xunta pase desapercibida con 46.000 euros, iso non é grandilocuente senón que é ridículo, e debería caerlle a cara de vergoña de defender unha proposta desa magnitude, porque estamos a falar de que non é nin o 10% do proxecto total. A Xunta de Galicia está rindo dos ribadenses porque lles está dicindo que van poñer

46.000 euros e xa recoñecen que non van poñer nin un céntimo máis. E se eu fora veciño de Ribadeo vería que a Deputación está poñendo, o concello está poñendo, e a Xunta pon 46.000 euros, xa lle digo que lle fan un favor moi malo ó seu candidato facendo isto.

Por tanto teñen unha oportunidade aquí, ademáis xa votaron no concello de Ribadeo por unanimidade, que se aprobe un tercio, creo que é o xusto e o coherente, xa se ten feito noutras cuestións, vaise facer coa escola de música de Viveiro, pois empezamos a ser coherentes e aportar un tercio cada Administración, respectemos a autonomía local, sexamos leais; vostedes que defenden todo iso, póñano en práctica algunha vez, e o que estou plantexando aquí non creo que sexa ningunha loucura”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Vostede segue insistindo en que 46.000 euros non é nada, pois é o que se puxo para o estadio de Viveiro, e unha Alcaldesa do seu Partido agradeceuno e firmouno ó momento. Eu non sei porque vostedes se resisten tanto a querer poñer a emenda para que Ribadeo teña un estadio de fútbol digno, onde pedimos que a Deputación poña con cargo a eses remanentes 186.375 euros, en definitiva pouco máis de dez mil euros máis do que lle pediu o Alcalde de Ribadeo.

E con respecto a manchar os zapatos, eu por 46.000 euros marchos os zapatos, e vostedes fano por seiscentos euros, vostedes, con ese Plan Único que din que é finalista, foron inaugurar por aí adiante magostos e festas de seiscentos euros; tanto é así que nas bases de execución, e a proposta do BNG, houbo que facer unha emenda para que non foran inaugurar cuestións que baixaran de seis mil euros, e resulta que agora aquí somos todos ricos.

Eu non sei porque a vostedes, co cariño que colleron ó campo da Fonsagrada, o ilustre estadio Sr. Besteiro, non lles preocupa igual Ribadeo; e non lle pido que poñan o mesmo diñeiro que para A Fonsagrada, estamos falando de 187.000 euros; creo que aí o que se demostra é se lles interesa ou non.

Pero o que xa é un despropósito sen precedentes é o do Alcalde de Ribadeo, eu creo que nunca vin en política unha forma igual de facer, resulta que o señor non quere o campo, ven unha moción ó concello e á Deputación presentada polo PP e votan en contra o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, e el di que ten outras preferencias e que iso non o necesita; e cando a Xunta de Galicia promove unha inversión de 46.000 euros alí e falan coas dúas directivas dos clubs é cando se pon a facer o proxecto e de repente pide financiación; e o señor manda unha carta onde non é que veña á Deputación pedir diñeiro, ou non é que vaia á Xunta, senón que convoca unha reunión en Ribadeo con 48 horas de antelación para que lle poñan o diñeiro para o campo, e el quere poñer cincuenta mil euros; creo que se o campo é municipal, e isto dicíao así o Sr. Veiga na súa intervención, dicía: “esquécese dunha cousa, Sra. Candia, o estadio “Pepe Barrera” é municipal, non é do Ribadeo FC, e non temos enriba da mesa ningunha proposta nin ningunha intención do concello de arranxar ese campo; lóxicamente o concello de Ribadeo ten as súas prioridades, e iso decidirao con autonomía o concello”.

Entonces cando o PP pon enriba da mesa esa necesidade e esa obriga é cando empezamos todos. Eu xa entendo que o Partido Socialista lle intentou gañar a batalla ó Bloque neste tema, o Bloque goberna en Ribadeo, non trae esta iniciativa, e o PSOE lles intenta meter unha iniciativa onde están gobernando; o Partido Popular non vai estar nin ás iniciativas duns nin dos outros, defendémolo no ano 2015, defendémolo en febreiro coa visita do Delegado e o compromiso firme de 46.000 euros, e eu creo que é o único concello de Galicia que dubida asinar un convenio cando lle dan 46.000 euros que outra administración xa quixera para ela”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Para anunciar o voto favorable á proposta”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Efectivamente Sr. Armesto, iso que acaba de ler da acta é certo, pero iso xa llo dixeran eu na primeira intervención, esa moción trouxérona vostedes cando Elena Candia sacou unha foto penso que era xa con Daniel Vega ó lado da porta, non da porta principal senón da de saída dos xogadores, e como non van ó fútbol como imos outros non saben por que porta se entra, e despois trouxeron esa moción; eu díxenlles iso porque foi o que dixeran o concelleiro de deportes e o Alcalde de Ribadeo, xa llo expliquei antes, é un Alcalde e un grupo de goberno valente, e que falaram cos clubs, cos que vostedes daquela aínda non falaran, e dixéronlle que tiñan que esperar porque había outras prioridades, por exemplo a residencia que está boicoteando o PP entre outras cousas; e agora é o momento.

Naquela moción dixíranse vostedes á Deputación, para que o campo de fútbol o fagan outros. O Partido Popular en Ribadeo non está nin se lle espera, e levan moitos anos sen que estea e sen que se lles espere; e vólvolle dicir o que me dixo o Alcalde que lle trasladara a quen defendera a moción, que o segundo punto desa emenda xa o ía facer e non fai falta que o poña nun papel, que veñan 46.000 euros para o concello de Ribadeo; é o pouco que da o Partido Popular, e por iso non está nin se lle espera en Ribadeo nin en moitos sitios da Mariña”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Creo que está clara a postura do Partido Popular, vai deixar orfos ós veciños de Ribadeo, a tódolos clubs que utilizan o campo; creo que tiñan unha oportunidade histórica, e se eu fora o candidato do Partido Popular en Ribadeo estaría bastante decepcionado coa postura do Grupo Provincial Popular nesta Institución. Ás veces hai que mollarse, mollar os zapatos non é só ofrecer un 10%, lóxicamente benvido sexa, pero hai unha diferenza importante do exemplo que poñía vostede, nós sei que imos mollar os zapatos naqueles sitios onde a Xunta non poña nin un céntimo, nós estamos ó carón de moita xente á que a Xunta lle da as costas, esa é a principal diferenza.

E que vostede me poña a escusa de que se convocou por carta, claro que se convocou por carta con corenta e oito horas de antelación, pero non creo que o Sr. Balseiro sexa máis importante có Presidente da Deputación, e puido ir, pero o Sr. Balseiro nin foi nin autorizou que fora o seu

Xefe Territorial; e a verdade é que iso saca a relucir cal é a situación, o Partido Popular dá as costas ó concello de Ribadeo, á SD Ribadeo, e ó Ribadeo FC, o cal lamento profundamente.

Non lles imos aceptar a emenda porque me parece ridícula e irrespectuosa, unha falta de lealdade institucional con esta Deputación e co que se votou no Pleno do concello de Ribadeo, por tanto procedamos á votación e o tempo e o 26 de maio poñerá a cadaún no seu sitio”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA A CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN, E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO DO CONCELLO DE CASTROVERDE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI: Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para a conservación, protección, e posta en valor do patrimonio arquitectónico do concello de Castroverde

Exposición de Motivos:

Dende hai unha década o patrimonio arquitectónico do concello de Castroverde está a sufrir un deterioro e desatención importante, máis destaca un maior desgaste aquel relacionado co Camiño Primitivo a Santiago.

Entre os numerosos elementos que se poden atopar neste concello, hai algúns de gran influencia cultural e social que co paso do tempo están a representar desleixo máis ca riqueza. Sobre todo trátase de Bens de Interese Cultural (BIC) catalogados pola Xunta de Galicia.

Comezando a nomealos de norte a sur, e seguindo o percorrido do Camiño Primitivo, é preciso destacar a situación da Igrexa de Vilabade. Coñecida popularmente como “A Catedral de Castroverde”, trátase dunha igrexa de estilo gótico que data do Século XV e de obrigada parada para os miles de peregrinos que durante o ano se chegan a este concello provintes da Serra da Vacariza. Esta construción presenta dende hai varios anos preocupantes filtracións de auga nas súas paredes e polo tanto unha alta concentración de humidade no seu interior, condicionando a estancia do visitante. Temese tamen polo estado do retablo que preside o Apóstolo Santiago ao lombo do seu cabalo, pois a recente restauración pódese ver afectada pola propia humidade.

Continuando o Camiño e xa na vila de Castroverde, coroa o seu Burgo Medieval a Torre da Fortaleza, datada do Século XIV, eríxese como o emblema do concello. Propiedade privada declarada BIC, precisa dunha actuación de urxencia, pois as pedras da súa parte superior estanse a precipitar continuamente e a estrutura comeza a volverse cada vez máis feble. Asemade, as actuacións forestais do seu arredor, onde se localiza a antiga muralla ao pé dun castro, amósanse pouco respectuosas coa súa catalogación. A Xunta de Galicia está a permitir que os propietarios da Torre esteán a incumprir co seu Deber de Conservación segundo o establecido no *Artigo 32 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*.

Chegando polo Camiño Primitivo ao límite co concello de Lugo, atopámonos coa maxia no lugar de Soutomerille. Singular conxunto histórico do concello, componse por unha igrexa prerrománica, as Casas da Torre de Arriba e de Abaixo (declaradas BIC) e dun dos cemiterios máis

cativos de Galicia. Os expertos e principais dirixentes políticos procuraron na lexislatura autonómica do “Bipartito” poñer en valor este núcleo, máis coa chegada á Xunta de Galicia do Sr. Núñez Feijoo todo esforzo quedou en nada. Tal é así que actualmente rodea ao edificio anexo á igrexa unha muralla de chapas de aceiro galvanizado que se prestan máis como lenzo de grafiteiros que como medidas de protección para o acceso ao que se ía destinar como centro de interpretación do Camiño. Esta situación foi demandada insistentemente por distintos colectivos perante o organismo autonómico, mais nunca se apreciou movemento algún por desmontalas.

Dende o Grupo Provincial Socialista entendemos que a Xunta de Galicia, administración con competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia, debe actuar con responsabilidade e procurar tanto conservar os bens en deterioro como atender as demandas da poboación, sobre todo daquela que amosa un interese por mantelos no tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes acordos:

1º.- Instar a Xunta de Galicia a que realice as actuacións necesarias para acondicionar a Igrexa de Vilabade para poñer fin aos problemas de humidade interior.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a que leve adiante os trámites para facer monumento público a Torre da Fortaleza de Castroverde e acometer posteriormente as labores de estabilización estrutural e restauración do ben, así como o acondicionamento da súa contorna.

3º.- Instar á Xunta de Galicia a que recupere e execute o proxecto de posta en valor do conxunto de Soutomerille, limpando e afianzando os bens e rematando as obras proxectadas no seu momento no edificio anexo á igrexa para destinalo a Centro de Interpretación do Camiño Primitivo.

4º.- Instar á Xunta de Galicia a que garanta as labores técnicas de coordinación, recuperación e divulgación dos citados monumentos mediante dotación orzamentaria suficiente”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo

Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Antes de nada saudar de xeito singular, pola moción que agora levamos, ós veciños de Castroverde e ó seu alcalde que están hoxe con nós.

Dende hai tempo, e especialmente na última década, o patrimonio arquitectónico da provincia sofre unha desatención importante, mentres na prensa vemos constantemente noticias que anuncian un futuro certamente prometedor por parte de quen ten as competencias, a Xunta de Galicia, porque se fala por exemplo de que se aspira a acadar os 700 BICs antes de 2020, é dicir neste ano, e dende logo na nosa provincia disto algo sabemos xa que contamos con máis de cen bens incluídos no Rexistro de Bens de Interese Cultural, e sen dúbida un patrimonio que debemos por unha banda preservar e por outra transmitir.

Que un ben estea catalogado como BIC implica a súa protección, por iso non é suficiente con catalogalo senón que é necesario que a Xunta dispoña da vontade pero tamén dos medios necesarios para poder deseñar alo menos un plan de protección destes bens.

A ningún se lle escapa ademáis que son un elemento fundamental dende o punto de vista turístico, e podémolo comprobar en palabras da mesma Directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, que remarca que o turismo cultural é o de maior potencial de crecemento só superado pola gastronomía e a paisaxe. Preservar o patrimonio favorece economicamente ós concellos nos que se sitúan estes bens, e permite ademáis fixar poboación e crear emprego en moitos dos destinos onde se atopan eses bens, moitos deles no rural, e disto na nosa provincia tamén sabemos algo.

No caso que hoxe traemos a Pleno facemos referencia a un concello rural da nosa provincia, Castroverde, onde, entre os numerosos elementos que se poden atopar nese concello hai algúns que teñen gran influencia cultural e social, que co paso do tempo están a representar un abandono máis ca unha riqueza, e sobre todo trátase de Bens de Interese Cultural catalogados pola Xunta de Galicia. Se empezamos a nomealos de norte a sur, e seguindo ademáis o percorrido do Camiño Primitivo, é preciso destacar a situación da igrexa de Vilabade, coñecida ademáis de xeito popular como a “Catedral de Castroverde”, unha igrexa de estilo gótico do século XV, e de

obrigada parada para os miles de peregrinos que durante o ano se achegan a este concello e que proveñen da Serra da Vacariza. Esta construción, dende xa hai anos, presenta desperfectos, e os máis perigosos para a súa conservación son as filtracións de auga que ten nas paredes, o que fai que se acumule unha altísima concentración de humidade que dificulta as visitas ás estancias para coñecela, pero que fai tamén temer pola conservación do seu retablo que está presidido polo Apóstolo Santiago e que recentemente foi restaurado.

Se continuamos o Camiño e xa na vila de Castroverde, imos atopar dentro do seu Burgo Medieval a Torre da Fortaleza que data do século XIV, eríxese como emblema do concello. É certo que é unha propiedade privada declarada como BIC, pero que tamén precisa dunha actuación de urxencia porque as pedras da parte superior están caendo continuamente, e a estrutura cada vez é máis débil. Ademais tamén ó seu carón diferentes actuacións forestais non favorecen a conservación deste ben.

E por último chegando polo Camiño Primitivo ao límite co concello de Lugo, nos atopamos coa maxia do Lugar de Soutomerille, un singular conxunto histórico do concello que está composto por unha igrexa prerrománica, as Casas da Torre de Arriba e de Abaixo, declaradas BIC, e tamén conta cun dos cemiterios máis pequenos de Galicia. Cabe dicir aquí que os expertos e os principais dirixentes políticos procuraron xa hai anos durante a lexislatura do “bipartito” poñer en valor este núcleo, pero coa chegada de Feijóo, do Partido Popular, á Xunta de Galicia todo o esforzo anterior quedou en nada; tal é así que actualmente rodeando o edificio que está pegado á igrexa hai unha auténtica muralla de chapas de aceiro galvanizado que se presentan como a única paisaxe que contemplan dende o camiño os peregrinos e coa igrexa ó fondo. Este conxunto ademais está rodeado polo Camiño Primitivo nunha das súas variantes.

Nós entendemos que a Xunta de Galicia é a Administración con competencias exclusivas sobre o patrimonio cultural de Galicia, polo tanto debe actuar con responsabilidade, pero tal e como dixemos nalgún encontro que tivemos cos veciños deste concello, a petición deles, nós non eludimos a nosa parte de colaboración se é precisa, pero si esiximos ser parte, non ser todo, e que a Xunta de Galicia poña os medios necesarios e as cantidades suficientes para poder atallar o abandono no que están estes tres monumentos do concello de Castroverde.

Por iso os acordos que propoñemos, e que agardamos sexan compartidos pola maioría deste Pleno, consisten en que a Xunta de Galicia realice as actuacións precisas para acondicionar esa igrexa de Vilabade para acabar con eses problemas de humidade que ten no interior, e que poñen en perigo o retablo recentemente restaurado. Tamén que a Xunta de Galicia leve adiante os trámites para facer monumento público a Torre da Fortaleza de Castroverde, e despois poder levar a cabo os labores de estabilización estrutural e restauración do ben, tal e como aconteceu con outros bens nesta provincia. Que a Xunta de Galicia recupere e execute o proxecto de posta en valor do conxunto singular de Soutomerille, que se limpen e que se afiancen os bens e que se rematen as obras proxectadas no seu momento. E por último que a Xunta de Galicia, que ten as competencias, garanta por unha banda os labores técnicos e de coordinación, e tamén as de recuperación e divulgación dos citados monumentos coa dotación orzamentaria suficiente.

E deixamos enriba da mesa o noso compromiso colaborador de ser parte no que haxa que facer nestes bens que son importantes para os veciños e veciñas de Castroverde, pero non sendo o todo porque sería por unha parte imposible e por outra non é competencia desta Administración”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Agradecer o percorrido que fixo a voceira do social arribismo sobre Castroverde, percorrido sempre agradable e ameno, e mais cando coñezo o concello perfectamente. Eu non vou discutir a oportunidade ou non desta moción, obviamente creo que é importante para calquera concello da provincia que nun momento determinado os Deputados desta Institución nos acordemos deles, e por iso vou votar a favor.

O que me chama a atención é que aquí só instamos á Xunta de Galicia a todo que, como dixo tamén a voceira do Grupo social arribista, parece ser que ten as competencias. Pero antes vimos que en Ribadeo, non sei quen ten as competencias, había un intento de acordo entre as tres Administracións; eu non sei a dispoñibilidade que pode ter o concello de Castroverde a colaborar en todas estas actuacións que eu creo que vai facelo; pero a mín gustaríame saber antes de votar,

aínda que vou votar a favor igualmente, que contificación económica terá isto, porque acabamos de aprobar un millón e medio de remanentes dos que probablemente podíamos destinar trescentos ou catrocentos mil euros da Deputación a estas actuacións que lles parecen tan importantes, aínda que se lle esixa á Xunta de Galicia unha cantidade similar.

Gustaríame saber se vai poñer algo a Deputación ou só vai poñer a literatura, porque a Deputada dixo que colaboraría se é preciso, eu creo que se a restauración, con todo o que poñen aquí, é así, entendo que é necesaria non a colaboración dunha Administración senón de todas, e ademáis facer extensivo isto a outros concellos onde existen BICs en situacións similares; porque tirar coa pólvora do rei, non concretar nada, e facer fogos artificiais, xa os fixemos antes e imaxino que agora imos polo mesmo camiño. Contifique e diga canto pode custar isto, canto lle pedimos á Xunta de Galicia, e canto están dispostos a poñer vostedes”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Antes de nada tamén anunciar o noso voto favorable, estamos de acordo con moito do que dixo a Deputada de Cultura, é unha actuación completamente necesaria e imprescindible facer isto en Castroverde, igual ca noutros moitos concellos da provincia; de feito quizá botamos de menos nesta moción que non sexa un pouco máis xenérica e que non se intenten levar este tipo de actuacións á conservación do inmenso e valioso patrimonio histórico artístico que hai en toda a provincia, en Castroverde sen lugar a dúbidas, pero tamén en moitos concellos da provincia, e moi necesitada de que administracións de ámbito superior actúen de forma contundente porque hai moitos Alcaldes en moitos deses concellos que simplemente o que é o patrimonio artístico e cultural llela trae ó pairo literalmente, e estase destrozando tódolos días.

Compartimos tamén coa Deputada as súas manifestacións de que o coidado do patrimonio é un investimento que resulta rendible, non só pola consolidación da nosa autoestima como pobo senón incluso como motor económico en moitos concellos e en moitas comarcas, é un investimento rendible, e non é tirar os cartos como lle parece a moitos Alcaldes e Alcaldesas da nosa provincia.

E tamén lembrar que o propio BNG hai xa bastantes meses trouxera unha proposta na mesma liña, aquí falouse por exemplo de que a Torre é propiedade privada, fálase tamén dunha igrexa que teóricamente tamén é propiedade privada; e aquí dende o BNG trouxeramos unha proposta para que se elaborara algún tipo de plan precisamente con axudas da Deputación e, se fora necesario e quixera colaborar, tamén da Xunta, para que eses elementos patrimoniais pasaran a ser propiedade pública neste caso de acordo cos concellos. Lembro tamén que non se aprobou co voto en contra tamén dos que propoñen agora esta moción, pero non pasa nada, isto é positivo para Castroverde, e dende logo nós ímolo votar a favor. Pero é certo que tería que aplicarse a moitos outros concellos da provincia que tamén teñen un rico patrimonio histórico artístico.

E remato, creo que é de xustiza, e ó mellor explica en parte porque ven aquí esta moción, destacar o inmenso e boísimo traballo que fan as asociacións de defensa do patrimonio de base en Castroverde, é algo espectacular, e posiblemente sen o seu traballo e sen o seu labor diaria e desinteresado non estaríamos falando agora aquí de Castroverde, e dende logo ó mellor parte do patrimonio que hai en Castroverde posiblemente xa non existiría. Creo que é de xustiza recoñecérllelo porque o traballo que fan é impresionante, igual có de outros moitos pero estamos falando agora mesmo de Castroverde, e creo que se lles debe recoñecer ese traballo que están a facer”.

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Nós estamos de acordo só de xeito parcial con esta moción, compartimos cos propoñentes da moción que é preciso poñer en valor o patrimonio de Castroverde; compartimos con vostedes que é preciso protexelo, adoptar as medidas necesarias para evitar a súa perda ou desaparición; pero non podemos compartir con vostedes a obriga de que unha Administración pública rehabilite íntegramente este patrimonio que pertence a propietarios privados, porque habería que resolver primeiro o problema da propiedade antes de levar a cabo calquera actuación.

O que non se pode facer, baixo o noso punto de vista, é traer unha moción a este Pleno coa que se pretenda que unha Administración rehabilite íntegramente o que está en mans alleas; e non o

dicimos respecto á igrexa de Vilabade, porque aí si que é certo que, aínda estando en mans alleas, hai convenios de colaboración subscritos entre a Xunta de Galicia e os Bispados, a Igrexa, que permiten a través da Lei de Subvencións de Galicia destinar cantidades económicas para a rehabilitación destes elementos, pero non así respecto da propiedade privada; e vostede que é Deputada de Cultura debera coñecer a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, que no artigo 32 explícalle claramente que os propietarios posuidores e arrendatarios de bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia, están obrigados a conservalos, mantelos, e custodialos, e evitar a súa perda ou destrución e deterioro.

Polo tanto no caso de Soutomerille e da Torre da Fortaleza entendemos que son os seus titulares os obrigados a levar a cabo estes labores de conservación, sobre todo de evitar a súa destrución ou deterioro. O que sucede é que se trae aquí a Pleno unha moción que, como moitas outras que se presentan nesta Institución, ten un carácter xenérico, busca facer ruxido, e chamar a atención a dous meses das eleccións municipais e a un mes das xerais, pero para nós non é unha moción sensata nin realista porque vostedes saben perfectamente que, aínda que saíra de aquí un voto unánime de tódolos Deputados desta Institución, isto non se ía cumprir, porque primeiro habería que resolver o problema da propiedade privada. Polo tanto que é o que traemos a Pleno?, unha declaración de intencións?, unha moción para quedar ben cos veciños e veciñas de Castroverde?, é iso o que queremos facer?, pois da a sensación de que si.

Que unha Administración pública teña competencias nunha materia determinada, neste caso a Xunta de Galicia en materia de patrimonio, implica que ten unha función de control sobre ela, pode actuar sobre ela, funcións de posta en valor e de recoñecemento, pero non implica que teña a obriga de rehabilitar todo aquilo do que é competente, non tería ningún sentido.

O que eu vexo é que se vostedes quixeran chegar a algún resultado con esta moción, deberan traer unha moción coordinada, pedir primeiro que se rehabilite o que sexa necesario na Catedral de Castroverde, o que se coñece como a Igrexa de Vilabade, neste caso xa se puxo de manifesto por parte do cura párroco que había un proxecto feito dende o ano 2017, que a actuación ascendería a uns 55.000 euros; tamén se puxo de manifesto que o Bispado de Lugo estaba disposto a cofinanciar parte destes traballos, e incluso por parte do párroco se dixo que con isto se instalaría

un sistema de ventilación para evitar as humidades, cambiaríase parte do tellado, e faríanse varias actuacións; pode ser que a igrexa necesite máis cousas, pero de momento o principal é atallar as humidades.

Por tanto traian a Pleno unha moción na que efectivamente se inste á Xunta a cofinanciar estes labores de recuperación da Catedral de Castroverde, da Igrexa de Vilabade, e nós votamos a favor; pero o que non poden pretender é que nós votemos a favor unha moción na que se pretenda que unha Administración pública rehabilite íntegramente edificios que non son da súa titularidade, porque xa administrativamente nunca podería facelo, sería totalmente imposible.

Tampouco estamos de acordo con vostedes na afirmación que fan na exposición de motivos da moción cando din que dende hai unha década o patrimonio de Castroverde está sufrindo deterioro, pero isto non ven dende hai unha década, Soutomerille e a Torre Fortaleza hai máis de corenta anos que están en estado de deterioro, eu persoalmente visiteinas polos anos 85 ou 86 cando era un neno, e recordo perfectamente que Soutomerille estaba como está hoxe, e a Fortaleza igual; por tanto non se pode dicir que isto sexa un problema que veña de onte, nin de hai unha semana, nin dende que estaba o bipartito, o bipartito evidentemente fixo un proxecto pero todo quedou aí e non se fixo nada máis.

Ademáis vostedes teñen que entender que non só a Xunta de Galicia é competente, vaian á Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, o artigo 2.2 déixalles ben claro que o resto das Administracións públicas teñen a obriga de cooperar na recuperación do patrimonio; aquí temos o concello de Castroverde, temos ó Alcalde sentado alí ó fondo, e non se pode pretender que o concello asuma íntegramente estes labores de rehabilitación, pero despois do tempo que leva gobernando algo faría para tratar de falar cos propietarios e tratar de recuperar a propiedade; incluso un concello pode expropiar o patrimonio cultural en virtude da Lei de Patrimonio; é dicir, se os propietarios, ante o descuido e o deterioro que sofre o patrimonio, non o rehabilitan, a Administración local está facultada para expropialo, non se pretende, como digo, descargar no concello exclusivamente tódalas funcións de rehabilitación deste patrimonio; pero se un concello é propietario dun elemento patrimonial evidentemente entre as axudas de turismo que saca a Xunta de Galicia cada ano, e aquelas que dá para bens inmoables situados no Camiño de Santiago, pódese

conseguir rehabilitar en boa parte este patrimonio.

Polo tanto eu creo que aquí non é unha cuestión de levantar a man, aprobar a moción, e despois que non se poida levar a cabo esta moción como vostedes pretenden”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Non sei porque os señores do Grupo Popular se enfadan tanto cando estamos nos Plenos, porque deberían ser cuestións nas que é moito máis doado poñerse de acordo se falamos ca se nos enfadamos permanentemente cos que temos enfronte.

A primeira aclaración que quero facer é con respecto ó Deputado non adscrito que falaba da colaboración económica, e eu creo que foi das primeiras cousas que puxen enriba da mesa, a disposición desta Institución, alo menos no que a nós nos compete, para colaborar, os veciños son bos coñecedores disto, para facer a aportación económica que lle corresponda nun reparto xusto á Institución provincial; ó que non estamos dispostos é a asumir o traballo e a responsabilidade que ten que facer a Xunta de Galicia, pero nin nisto nin noutras cousas; a xente desta provincia sabe ben quen inviste e quen pensa nos veciños, e dende logo os señores do Partido Popular da Xunta de Galicia hai moito tempo que nin están nin se lles espera por aquí, isto xa non é novo senón que é dende hai anos.

Entonces con respecto a esa aclaración, dicir que en concreto para o arranxo da igrexa o proxecto do que se nos fixo achega creo lembrar que era de 45.000 euros, a Deputación de Lugo podería afrontar unha parte, o que non parece xusto é que teña que afrontalo na súa totalidade nin a Deputación, nin o concello, nin o Bispado, nin ó mellor a Xunta, aínda que é quen ten as competencias, pero dende logo a Deputación en solitario non parece xusto que tivera que facelo, e moito menos cando os veciños lle deron traslado destas necesidades á Xunta de Galicia no ano 2017 e aínda están esperando por unha resposta, sempre lles din que non hai cartos, ou algo así, pero o certo é que este ano a Xunta de Galicia no seu Orzamento incrementou para patrimonio 1,3 millóns de euros, e ós veciños de Castroverde nin os cheiraron, e perdoen pola sinxeleza na

expresión.

Comparto co Bloque Nacionalista Galego a necesidade e ampliar isto a bens da provincia, pero a motivación de traela hoxe foi pola insistencia dos veciños de Castroverde neste tema, pero é certo que habería que ampliar esta proposta a moitos máis bens da provincia de Lugo porque sofren practicamente a mesma situación de deterioro e abandono.

E con respecto ó Partido Popular, paréceme que vostedes se poñen na posición cómoda, comparten esa parte de poñer en valor o patrimonio e protexelo, a ver se así resulta atractivo para o turismo e os veciños non protesten, pero hai que mollarse nestas cuestións, hai que estar aí, e hai que dicir algo máis que palabras. Non comparten a obriga do da Torre porque é privada, e de Soutomeirille, pero a Lei de Patrimonio de Galicia tamén di que a Xunta de Galicia, aínda que sexa patrimonio privado, ten a obriga de velar pola súa conservación.

Polo tanto eu creo que aquí tamén habería que tomar nota do acordo que nós lles propoñemos, que non é nada difícil senón que é que a Xunta de Galicia leve adiante os trámites para que ese monumento se faga público, para que a Torre da Fortaleza de Castroverde se faga pública, e posteriormente, unha vez realizado este trámite, se podan realizar labores de estabilización e conservación. E non é descabellada senón que é unha proposta bastante realista.

E os señores do Partido Popular véñennos a dicir que temos que presentar mocións realistas, pois esta é unha moción ben realista e factible, porque o que pedimos é que a Xunta de Galicia faga o mínimo, unha parte incluso contificada economicamente por ese proxecto que presentan os veciños. Está ben falar da posta en valor, pero para poñer en valor non só hai que dicilo senón que hai que actuar, e nós estamos agardando a que unha parte deses 1,3 millóns de euros que a Xunta de Galicia di que destina a patrimonio, a maiores do que viña destinando en anualidades anteriores, caia en Castroverde.

A Xunta de Galicia si que está obrigada; vostede ven falar aquí e dicir que se o concello, que se a Deputación, pois o concello e a Deputación tamén, pero non se preocupe que seguro que o Alcalde de Castroverde e a Deputación de Lugo van estar aí, o que teñen que dar vostedes é o paso

adiante, porque vostede se retrotraía no tempo atrás e dicía que isto ven de corenta anos atrás, é certo, e é certo que hai dez anos estaba outro goberno na Xunta de Galicia, pero tamén é certo que ese goberno, tal e como dixo, deixou feito un proxecto, pero que inmediatamente despois entraron a gobernar vostedes e non fixeron absolutamente nada por recuperar ese proxecto, investir nel, ou facer outro se non lles gustaba, pero nada de nada.

Polo tanto nós cremos que esta proposta de acordos que lles traemos é realista e factible, e a Xunta de Galicia dende logo que pode abordalo, e vai contar sen dúbida coa colaboración da Institución provincial para poder levalo a cabo, e o concello de Castroverde seguramente tamén na parte que lle toque estará encantado de poder participar. Ademáis anticipolle outra cousa, o Bispado, que tamén algo ten que dicir nalgún destes bens, está coas mans abertas”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Acotado xa o debate da moción, onde queda claro que hai unha serie de bens que son propiedade particular, pero a mín paréceme ben que tamén dende a moción se chame un pouco a atención sobre eses bens porque, aínda que haxa que ter a aceptación dos propietarios, non está de máis que os propios propietarios saiban a preocupación que neste caso temos a Deputación Provincial, o Grupo Socialista, por esta situación.

Polo que respecta ó caso concreto da Igrexa, a mín gústame concretar as cousas para ver o que hai, e sigo sen saber canto estarían dispostos a poñer uns e outros. Pero si que hai uns antecedentes aquí que se podían retomar; na pasada lexislatura ou na anterior, por parte do Grupo Socialista, do que eu formaba parte naquel momento, firmouse un convenio co Bispado para arranxar unha serie de igrexas nesta provincia, colaborando entre as dúas partes se non recordo mal ó 50%; ó mellor era o momento, como din vostedes moi ben dada a desidia e a pouca preocupación que ten o Partido Popular polo patrimonio cultural e artístico, nós, nun acto máis de defensa dese patrimonio, e como adalides da defensa do mesmo, e nestes casos concretos que ademáis teñen xa uns antecedentes claros, retomar ese acordo; invítoos a retomar ese convenio co Bispado e facer unha relación de igrexas que teñan problemas como se fixo daquela, para poder levalos a cabo,

independentemente do que faga a Xunta de Galicia que non ten preocupación ningunha polo patrimonio como vostede moi ben di”.

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Eu non me enfado, ó mellor son un pouco serio falando e ó mellor me interpretou mal, pero non me enfadei nin o máis mínimo, nin se me ocorre enfadarme por unha moción.

Eu non falei para nada da Deputación na miña intervención, en ningún momento citei que esta Institución tivera a obriga de cofinanciar as obras na Igrexa de Vilabade; eu propóñolles un trato, traian para o próximo Pleno unha moción na que nos pidan que apoiemos que se inste á Xunta a que cofinancie, xunto co Bispado, as obras na Igrexa de Vilabade, e verá como lla aprobamos, porque eu creo que a sensatez e o realismo deben imperar en calquera moción.

E non lle estou dicindo a vostede que teña defectos a moción no que é a forma, a forma está ben pero o fondo falla; porque ademáis nós somos políticos non afeccionados, e se o que queremos conseguir é a rehabilitación de Vilabade, porque ademáis eu teño que recoñecer que me gusta moito o patrimonio e gustárame velo recuperado, temos que buscar a forma correcta para chamar a atención e conseguir eses 55.000 euros sen que os poña a Deputación. Eu creo que entre a Xunta e o Bispado poden asumir perfectamente a realización desas obras necesarias para que se poda levar a cabo a rehabilitación de Vilabade. E en segundo lugar, ir por partes, se se quere rehabilitar Soutomerille e a Torre Fortaleza, hai que conseguilo desa maneira, pero o que non se pode facer é votar a favor cando non se resolveu aínda o problema da propiedade.

E o tema das competencias non é que eu llo diga, senón que está escrito nunha Lei que está en vigor, que é a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia do ano 2016, e ademáis está respaldada pola Lei de Patrimonio Histórico Artístico Español do ano 85; polo tanto son normativas que din todas o mesmo, que hai que protexelo pero non polo feito de que a Administración, estatal ou autonómica, sexa competente ten a obriga de investir todo o diñeiro á hora de rehabilitar ese patrimonio; polo tanto iso é o que eu lle quería transmitir.

Vostede di que a Xunta non está nin se lle espera, e todos sabemos que a Xunta investiu máis de un millón de euros na recuperación do Camiño Primitivo dende Fonsagrada a Castroverde, todos sabemos que o Camiño tamén é competencia da Xunta pero tampouco se pode dicir que non se lle espera, pois sexa polo Cebreiro ata Compostela, ou sexa polo Camiño Primitivo, hai unha afluencia importantísima de peregrinos que tódolos concellos agradecen; e eu creo que se algunha das cousas que fixo ben a Xunta de Galicia en materia patrimonial foi esa, conseguir recuperar rutas históricas e culturais das que os maiores beneficiarios foron os concellos. Polo tanto nós seguimos insistindo nestas cuestións que poñemos de manifesto”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“E nós insistimos tamén. O acordo que lle traemos é ben sinxelo, vostede intenta dicir que non é factible pero é moi fácil; co tema da Igrexa de Vilabade o que lles propoñemos é que a Xunta de Galicia faga as actuacións necesarias para acabar coas humidades, e brindámoslles a posibilidade de colaborar economicamente incluso dende a Deputación de Lugo, ese é o primeiro dos acordos, cremos que é sinxelo e factible.

O segundo, que fai referencia á Torre Fortaleza, o que pretende é que a Xunta de Galicia inicie os trámites para que pase a ser un ben público, e despois xa falamos, pero primeiro que se faga o trámite para que sexa ben público ó igual que aconteceu con outros; polo tanto eu creo que tamén é factible votar a favor.

O terceiro dos acordos que lles propoñemos é que a Xunta de Galicia recupere e execute o proxecto da posta en valor do conxunto de Soutomeirille, cando menos que se limpen e se afiancen eses bens de interese cultural. Se non lles gusta o proxecto que había tamén lles brindamos a posibilidade de que a Xunta de Galicia desenvolva outro, pasaron dez anos, ó mellor ese non é o máis axeitado neste momento sobre todo porque hai outro centro de interpretación que está ubicado na cidade de Lugo, pero seguramente que os veciños estarán encantados de que se acolla un proxecto adaptado ós novos tempos alí nese conxunto.

E o último punto que lles poñemos enriba da mesa é que a Xunta de Galicia garanta os labores técnicos, non é algo difícil, para coordinar a recuperación e a divulgación dos monumentos que acabamos de citar, e que vaia dispoñendo da dotación orzamentaria, non é tan difícil. E para saber canto vai custar é interesante saber cales son as actuacións necesarias para que estes bens se conserven.

Iso é o que poñemos enriba da mesa; cremos que é perfectamente factible que o vote calquera forza política, e en todo caso agardamos que a Xunta de Galicia, ó igual que aconteceu en ocasións anteriores e con bens patrimoniais desta provincia que a Deputación impulsou a súa posta en valor, e voulle poñer algún exemplo concreto, tome nota, e a partires de aquí comece a actuar. O ano pasado cando fixemos unha exposición e unhas xornadas sobre Santa Eulalia de Bóveda, ó día seguinte a Xunta de Galicia abriu as portas de Santa Eulalia de Bóveda; curioso tamén que este ano cando facemos unha xornada sobre as Covas vostedes decidan catalogar unha das Covas desta provincia como BIC na Xunta de Galicia; e dentro de pouco, e despois de Castroverde, ó mellor lles traemos a muralla de Lugo para que deixe de ser un xardín vertical.

Agardo que apoiem a nosa proposta, e que entre todos teñamos en conta que apostar polo patrimonio en definitiva é apostar tamén pola nosa provincia a través da economía, do turismo, pero sobre todo a través da calidade de vida dos nosos veciños”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA QUE SE ADAPTEN AS ESTRADAS PROVINCIAIS ÁS NECESIDADES DA ACTIVIDADE AGRARIA E DO DESENVOLVEMENTO XERAL DO RURAL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción para que se adepten as estradas provinciais ás necesidades da actividade agraria e do desenvolvemento xeral do rural.

Nos últimos tempos estanse a instalar limitacións de tonelaxe nas estradas da Deputación, limitacións que na súa maioría impiden a circulación a vehículos que superen o peso de 20 toneladas e que se poñen, teoricamente, por necesidades das vías e para preservar o seu estado.

Ao mesmo tempo, é unha realidade que a maioría destas estradas dependentes da Deputación discorren por concello eminentemente rurais, o que implica que os colectivos máis afectados por estas limitacións serán precisamente as persoas que viven ou teñen os seu medio de vida nese ámbito rural, medio de vida ou actividade na que destaca sobre calquera outra a actividade agraria, seguindo a ser unha das máis importantes no produto interior bruto da provincia. Dada a evolución das explotacións agrarias nos últimos anos, tamén é unha realidade que os vehículos e maquinarias agrícola actuais, así como os apeiros asociados e os camións de subministro ás explotacións agrarias, son cada día de maior envergadura, sobrepasando moitos deles ese límite de peso. Isto provocaría que con estes sinais colocados, todos estes vehículos non poderían circular por estas estradas.

É bastante evidente o estado deplorable de moitas destas estradas dependentes desta institución e tamén é evidente que tanto a normativa que se pretende aplicar como o tipo de estradas da Deputación así como o seu estado non evolucionaron ao mesmo ritmo que avanzaron o tipo de explotacións agrarias e os vehículos que estas necesitan para o seu funcionamento, estando neste momento moitas delas completamente obsoletas e necesitando unha urxente revisión para adaptalas a realidade actual.

Esta situación afecta a practicamente todos os concellos da provincia, pero algúns deles dunha forma especial dado o seu carácter eminentemente agrícola e as dimensións das súas

explotacións. Deste xeito, de non atopar unha solución urxente a este problema, impediría xa nesta mesma primavera o inicio da campaña de ensilado o que tería unhas consecuencias demoledoras para unha gran cantidade de explotacións levando á ruína moitas familias e concellos da nosa provincia.

Sexa como sexa, resulta completamente inaceptable que a Deputación de Lugo se converta coas súas actuacións nunha rémora para o desenvolvemento dunha actividade económica tan importante para esta provincia como é a agraria e da cal seguen a comer moitos milleiros de persoas da provincia.

Nestas datas, polo xeral, procédese a aprobar o reparto de remanentes de tesourería que proceden dos anos anteriores, remanentes cos que se financia unha boa parte do Plan Único e que logo, os varios millóns de euros restantes, se reparten de forma maioritariamente arbitraria polo goberno da Deputación, co acordo co PP, entre os concellos que lles interesa por cuestións políticas ou electorais, sen que o Pleno saiba nin poida opinar a onde van destinados nin para que investimentos van dirixidos estes fondos.

Dende o BNG cremos a mellor forma de repartir estes fondos de forma obxectiva, unha vez financiado o Plan Único, sería precisamente no investimento nestas estradas das que estamos a falar, actualizando o seu firme e trazado para adaptalos ás necesidades actuais e evitando dese xeito ter que poñer unhas limitacións de peso aos vehículos que circulan por elas que impidan ou dificulten as actividades económicas das que viven moitos milleiros de persoas que viven nesas zonas.

É por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que unha vez financiado o Plan Único tal e como figura nos orzamentos, se destinen todos os remanentes de tesourería dispoñibles a adaptar as estradas provinciais aos vehículos agrícolas e relacionados coa actividade agraria que teñen que circular por elas, evitando dese xeito

a limitación de peso que impediría o funcionamento de moitas das explotacións agrarias da provincia.

2º.- Que de forma urxente, mentres que estas estradas non son modificadas, que se retiren estes sinais de limitación de tonelaxe ou, no seu defecto, que se exima do seu cumprimento aos vehículos agrícolas e de servizo das explotacións agrarias”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Non creo que necesite todo o tempo da intervención dado que xa se falou en parte deste problema, e penso que a outra parte está en vías de solución. Isto suscitouse cando nos últimos días nalgúns concellos, eminentemente agrícolas, se empezaron a colocar sinais de tonelaxe, concretamente limitacións de tonelaxe de 20 tm., o que impedía que algunhas máquinas agrícolas, algúns tractores cos seus aperos correspondentes, e camións de subministros agrarios non puideran circular con esa limitación de peso, e se o facían arriscábanse a fortes sancións por incumprir a normativa. As consecuencias eran evidentes, nunha zona rural en concellos que son agrarios por exemplo corría perigo a propia campaña do ensilado onde as máquinas que usan superan ese peso, aparte do funcionamento das propias explotacións.

Parece ser que o que se vai propoñer é que se cambien os sinais de 20 Tm. polas de 40, de momento quitáronse que xa é un paso aceptable, alo menos algo que se solicitaba mentres que non se solucionara o problema cando menos que se eliminaran os sinais para poder levar adiante eses traballos, elimináronse; xa é un primeiro paso, pero agora ven a segunda parte, que é adaptar as estradas, adaptar o firme, o trazado, ás necesidades que hai no medio rural da provincia. Tamén o dicía antes, e insisto agora nesta proposta que é a que traemos aquí, non pode ser que as estradas que dependen da Deputación sexan un freo para o desenvolvemento agrario, forestal, ou outros sectores económicos primarios ó longo da provincia, non pode ser, xa chegan as dificultades que temos para desenvolver os nosos sectores produtivos para que por riba haxa administracións que pola falla de investimento neste caso en estradas sexa un freo a ese tipo de desenvolvemento económico.

Desa maneira o que se propón é que tódolos remanentes que se podan producir unha vez dotado o Plan Único, tal e como está previsto no Orzamento deste ano 2019, se invistan no que é a mellora das estradas provinciais tanto no seu firme coma no seu trazado. Creo que é algo perfectamente posible, factible, entendible, e que non hai ningún inconveniente para que iso se faga, agás que ese diñeiro se queira distribuir de forma subxectiva para outras cuestións, é a única cousa que pode impedir que a alguén lle pareza ben esta proposta. Todo o diñeiro que se xere de remanentes do ano 2018, agás os que están aprobados para o Plan Único, e o millón e medio que se perdeu xa coa votación do primeiro punto da Orde do Día de hoxe, o que se xere, e antes recoñeceuse que hai ou vai haber máis fondos de remanentes, que se meta absolutamente todo para arranxar as estradas provinciais de Lugo, lóxicamente priorizando as que en peor estado están, sempre evidentemente dunha forma obxectiva.

Eu creo que o ideal sería facer unha ou varias xuntanzas entre os distintos Grupos, asesorados polos técnicos, para que estes determinaran cales serían as prioridades de actuación, e aí decidilo de forma consensuada. En todo caso esa é a proposta que creo que está perfectamente clara”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Jesús Carreira Ferreiro, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Non cabe dúbida de que o estado das vías provinciais neste momento encóntranse bastante deterioradas, o cal é moi prexudicial para toda a zona rural, para tódolos comercios e incluso para zonas industriais, e eu creo que a Deputación debía proceder, dentro do posible, a facer un esforzo e arranxar estas vías para un mellor desenvolvemento de todo o rural, que basicamente é onde máis estamos todos, e para iso non cabe dúbida de que hai que aumentar o presuposto para as vías provinciais.

Eu entendo que o Sr. Delegado de Vías e Obras tamén o quere e fará ese esforzo, pero creo que a Deputación ten que involucrarse máis nese sentido. Pensar que estas vías da Deputación son unhas vías prioritarias tamén para os concellos porque hai moitas vías municipais que van a

estas carreteras, e se o estado destas estradas non é bo prexudícanos a todos, e tamén prexudica a todo o comercio das zonas.

Eu recordo que cando o Presidente da Deputación D. Francisco Cacharro estaba á fronte desta Institución practicamente as vías provinciais era difícil encontrar unha que estivera con fochancas, digamos que moitas vías municipais sempre nos achacaban que miráramos para as vías provinciais; hoxe en día é certo que case é ó revés, están mellor as vías municipais cás vías provinciais, o cal lóxicamente é prexudicial para todo o desenvolvemento.

Nese sentido eu diría que se aumenten os esforzos, que se aumente o presuposto, para que poidan ser arranxadas, e se non pode ser con aglomerado alo menos que todas estean en perfecto estado para que os vehículos podan circular sen problemas e a maquinaria agrícola poda ir tamén a unha velocidade un pouco máis do que pode ir agora, ten que ir moi despacio porque sabemos que van autocargadores que van moi despacio polas fochancas que hai nesas vías.

E eu diría tamén en canto ás limitacións da tonelaxe, que iso é inviable totalmente, porque lóxicamente 20 toneladas na zona rural é imposible que poidan facer os labores tódolos agricultores, pensar que hoxe unha cisterna cargada pasa das 20 Tm., un autocargador tamén pasa de 20 Tm., o cal sería parar a actividade na zona rural, e penso que tódolos que estamos aquí non quereremos iso, e por iso digo que se deben quitar eses sinais.

A moción do Bloque di que se retiren de forma urxente mentres que estas estradas non son modificadas, que se retiren estes sinais de limitación de tonelaxe, ou no seu defecto que exima do seu cumprimento aos vehículos agrícolas e de servizo das explotacións agrarias; eu este acordo non o chego a ver porque lóxicamente eximir do seu cumprimento ós vehículos agrícolas non soluciona o problema porque ás explotacións van camións, vai o camiión do leite, que van superar eses límites; e hai unha cousa, que non pode eximirse porque se se fai a autoridade competente os sancionará, e estará no seu lexítimo dereito de podelos sancionar.

Polo tanto eu diría que se retiren os sinais de limitación e que se arranxen as vías provinciais”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Entenderán que polo tema que trata esta moción un teña certa sensibilidade sobre a proposta. Obviamente existe un problema non só nas vías provinciais senón en tódalas vías de tráfico, incluso nas carreteras do Estado que non son autovías, e ven ocasionado sobre todo pola carga e descarga de materiais, basicamente madeira.

Na experiencia que eu tiven na Delegación de Vías e Obras un 90% dos danos viñan ocasionados por empresas madeiras, de feito negociouse con elas, fixéronse borradores de convenio onde estaban incluso de acordo eles, e eu creo que daba garantías xurídicas ás dúas partes, tanto ás empresas de transformación de madeira como á propia Deputación; porque hai que ter en conta que os firmes obviamente cambiaron, as carreteras da Deputación, incluso as que teñen firmes antigos de rego ou de gravilla solta, presentan maior flexibilidade e se cadra se ocasionan menores problemas.

Co tema do aglomerado a tonelaxe non é o problema, ó aglomerado a tonelaxe non lle fai dano, o que lle fai dano basicamente son as operacións de carga e descarga e de acceso, cando hai un escalón obviamente se ese escalón non se regulariza previamente para que podan acceder sen saltar non teñen porque sufrir danos as carreteras provinciais. Tamén afecta ós concellos todo este tipo de actividade, e eu creo que, independentemente da tonelaxe, basicamente malas prácticas e malos hábitos de algúns sectores, non de todos, pero si dalgunhas partes ou elementos deses sectores, de feito tíñanse corrixido creo que nunha porcentaxe moi ampla os danos ás carreteras, o feito de ter que abrir expedientes e sancións era moi limitado e incluso sempre se trataba de chegar a acordos con eles.

A mín paréceme ben que poñan a tonelaxe das estradas o que queiran, pero falan de retirar os sinais, pero retiren ou non os sinais a tonelaxe da carretera segue a ser de 20 Tm., de feito en carreteras que non hai sinais de 20 Tm. no inicio, igual ca cando non hai sinais de animais soltos, se hai un accidente os axentes da autoridade actúan igual.

Se queren subilo a 40 pódeno subir, están no seu dereito, e creo que tampouco estaría mal, pero tampouco vai solucionar o problema porque calquera tipo de maquinaria desta que din aquí xa pesa as 40 Tm., co cal imos a 60 ou 70 e entón haberá que mirar de aumentar e poñelo se cadra como as carreteras do Estado, en 80 ou 100 Tm., porque vai seguir existindo o problema, no momento en que un axente da autoridade pese un deses vehículos que ten unha tara de 40 Tm., todo o que leve encima sobrepásoo.

Ou sexa que non deixa de ser un parche, agás que se deixe barra libre nas carreteras provinciais, que tamén é posible, e nesa barra libre intentar chegar a acordos cos setores que son moi concretos, eu non recordo danos por maquinaria agrícola nas carreteras provinciais, o máximo que viñan facendo era ó saír deixar a carretera sucia pero destrozala non, senón que iso está ocasionado por unhas empresas concretas que son as de retirada da madeira, e non incluso polas empresas de retirada senón polos vehículos que contratan para cargar esa madeira e que tratan de facelo o máis rápido posible e non toman as actuacións mínimas para que non se rompa o aglomerado.

Eu vou votar a favor, paréceme ben que se regule porque os anos que pasaron son importantes, pero creo que isto necesita tamén un acordo das partes, un acordo coa industria madeireira, un acordo coa industria agrícola, porque esa posta de 40 Tm. non vai cubrir os problemas que sofren este tipo de transportes porque sempre van pasar das mesmas”.

Intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, no seguinte sentido:

“Facendo un pouco de historia de todo isto, o 8 de marzo do ano 1982 aprobouse neste Pleno subir o peso de 15 a 20 Tm., e no Boletín Oficial número 66 do 21 de marzo de 1992 aprobáronse as taxas que tiñan que pagar todos aqueles vehículos que circularan polas vías provinciais e que pasaran desas 20 Tm., iso a día de hoxe, a pesares de que pasaron moitos anos, segue a estar vixente.

Independentemente de que esa sinalización estivera posta ou non, a obriga de respectar ese límite de tonelaxe estaba aí, e agora pola aplicación deste PERF afortunadamente en tantas carreteras da nosa provincia, incorporado a ese mesmo proxecto foi a colocación deses sinais de limitación, eses sinais levantaron agora mesmo moitas suspicacias e nós estamos de acordo en que eses sinais de limitación agora mesmo hai que cambialos, e neste momento os sinais de limitación que estaban colocados xa se retiraron para que, independentemente de que persista a obriga dese límite de toneladas, non fose precisamente un motivo de sanción por parte dos axentes da autoridade para que os que circulan polas estradas se viran obrigados a respectar ese límite.

De todas formas a retirada dos sinais non implica, como dicía, que non haxa que cumprilo porque a obrigatoriedade está aí. Nós traemos unha proposta de urxencia tendo en conta que este é un tema moi sensible, para que, e dado que tamén se aveciña agora todo o tema dos traballos agrarios, tódolos veciños do rural podan circular sen ningún tipo de problema.

Hai que recordar que as estradas da rede provincial, como tamén as carreteras locais, foron executadas no seu día primando facer máis distancia cun determinado capital ca o control de execución mesmo desas obras, co cal o firme desas obras é deficiente. Se ben é verdade que os parques evolucionaron e agora mesmo un límite de 20 Tm. está totalmente fóra de xogo polas necesidades que ten agora mesmo tanto o setor madeireiro coma o agrícola, e co setor agrícola refírome tamén á xente de recollida do leite, estamos en situación precisamente de cambiala; nós agora mesmo temos un informe que xa se verá na proposta de urxencia que imos presentar, que é favorable a que ese límite de 20 Tm. se pase a 40.

Pero o que dicía o Deputado non adscrito de que hai que falar cos setores implicados para preservar de cara ó futuro ese bo estado das carreteras, seguramente que aparte diso que fagamos agora hai que modificar as Ordenanzas, e cando se modifiquen hai que levar tamén incorporada esa interlocución cos diferentes setores, tanto agrícola como forestal, que se podan ver afectados por esa limitación nova que se vai acordar.

Quero dicirlle ó BNG que este primeiro punto de acordo que vostedes presentan, e que di que os remanentes se apliquen única e exclusivamente á conservación de carreteras, eu creo que hai

outros moitos setores dentro do noso ámbito na provincia que necesitan tamén inversión, pode ser o ámbito agrícola, servizos sociais, etc., entóns destinar íntegramente todos eses remanentes precisamente á conservación de carreteras non me parece lóxico. Agora mesmo temos este plan que chega a tódolos concellos cunha financiación importante de 20 millóns de euros, e se empezamos a detraer ó mellor tamén habería que detraer de aí, e supoño que ningún dos que estamos aquí presentes estaría disposto a que ese Plan Único se reducira para incrementar no tema de conservación. A conservación é fundamental, e hai que buscarlle un método de financiación que seguramente é un tema que vai ter que abordar a próxima Corporación, e os que estean nesta próxima Corporación que a partires do 26 de maio xurdirá das eleccións serán os que digan o que hai que facer con este tema.

Nós votaremos esta moción a favor sempre e cando ese primeiro punto se retire e se manteña o segundo punto destes acordos que vostedes suxiren”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Evidentemente non imos retirar o primeiro punto porque esa é a moción, porque aquí parecía que se estaba discutindo o segundo punto, cando o segundo é accesorio mentres que non se cumpra o primeiro. Por iso o que dicía o voceiro do Grupo Popular de sacar os sinais, é que é todo mentres que non se solucione o problema das estradas, o problema é que as estradas non valen para que en moitas delas circulen vehículos de 20 toneladas, pero non podemos de repente impedírllo, e mentres que non se soluciona o firme e o trazado das estradas para que poidan circular os vehículos coa tonelaxe que teñen actualmente, cando menos quitalas, pero só mentres tanto, ou o que os técnicos opinen, nós non temos técnicos ó noso servizo que nos digan como se pode facer na transitoria ata que se solucione o problema do firme.

Por iso o deixamos aberto, que se retiren os sinais ou que se exima de cumprimento ós vehículos relacionados, non só ós tractores, na exposición de motivos está perfectamente claro, ós tractores, á maquinaria agrícola, ós camións do penso, ás cisternas do leite, etc., a todos aqueles que o necesitan; pero a solución é cambiar o firme das estradas, o resto son apaños; o que non pode ser

é que por unha estrada dun concello non poda circular un vehículo de 25 Tm. porque non sirva o firme para iso. O de quitar os sinais, o de pasar de 20 a 40 son apaños para saír do apuro, son necesarias as dúas cousas, pero non soluciona o problema; o problema soluciónase cambiando o firme e o trazado das estradas, e destinando diñeiro.

Ó mellor ó señor Vicepresidente parécelle máis interesante facerse con eses remanentes un campo de fútbol no seu concello, ou un centro para que os cazadores despecen as pezas que cazan, pero a nós parécenos que as estradas son prioritarias non só polo estado de abandono en que están senón que é necesario para poder desenvolver o tecido produtivo da nosa provincia. E non se pode dicir que todos recoñecemos que están moi mal e que están abandonadas, pero cando hai o diñeiro para investir nelas decídese utilizalo para outra cousa, pois este é o momento; recoñeceron na Comisión que había máis fondos de remanentes, pois agora mesmo estamos poñendo un destino para eles, de forma consensuada facer unhas prioridades para ver onde se van meter, e ese diñeiro investilo nas estradas, que eu creo que non hai ningún na provincia que lle parecera mal; é certo que hai moitos sitios onde metelo, pero concretamente esta decisión se a tomamos aquí de forma unánime nin a un só veciño de toda a provincia lle vai parecer mal que se invista o diñeiro que “sobrou” do ano pasado en amañar as estradas que están en peor estado, para que poidan circular por elas vehículos de calquera tipo, creo que é bastante razoable.

E logo haberá que abordar algún día, porque non tódolos concellos teñen capacidade de facelo, facer algo similar tamén coas estradas que son competencia dos concellos, porque o que lles toca do Plan Único tal e como está dotado non creo que chegue para que moitos concellos poidan adaptar tamén as súas estradas a este tipo de cousas, pero ese é outro debate e xa se abordará por quen lle toque en posteriores lexislaturas.

Eu creo que a proposta é bastante clara, e non ten interpretación posible”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Jesús Carreira Ferreiro, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Simplemente dicir que os arranxos destas vías son imprescindibles para tódolos veciños dos concellos, imprescindibles para o desenvolvemento da provincia, e moi especialmente para o noso rural. Pero tamén creo que canto máis diñeiro se invista nestas vías, que o necesitan, mellor; entendo que para os remanentes tamén haberá outros compromisos aos que haberá que facer fronte, como pode ser, e acabámolo de dicir hai un pouco, o campo de fútbol de Ribadeo. Creo que hai que ser cautos e investir todo o que se poida; eu dicía antes que o Delegado de Vías e Obras estaría encantado de que lle deran máis financiación, e espero que así sexa.

Por outra banda, celebro tamén o cambio; e suxeririlles que para a próxima vez se pense mellor a decisión dun límite de velocidade, pois do contrario podemos chegar a non poder pasar polas vías provinciais nin coas colleitadoras”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Hai unha cousa que non entendín da intervención do voceiro do Grupo Socialista neste momento, que era que ningún Alcalde quería que se quitara o Plan Único, eu creo que a proposta do BNG, e se non é así corríxanme, di que unha vez sacados os remanentes para o Plan Único o que haxa se adique a carreteras; a mín, como ex Deputado Delegado de Vías e Obras, paréceme ben, recoñezo que o esforzo que se fixo nesta Deputación, incluso coa aprobación, co apoio do Partido Popular, do presuposto de 15 millóns de euros extraordinarios para as carreteras é necesario, daquela falabamos incluso de que serían necesarios outros tantos, se cadra sesenta millóns, neste momento a metade das estradas creo que están con bo firme, é verdade que moitas son estreitas, tamén hai dificultade para adquirir terreos, etc., e a disposición dos mesmos se non se fai con expropiación é case imposible, e iso obviamente retrasaría tódalas obras.

Eu sigo dicindo o mesmo, esta Corporación ou a seguinte vai ser quen de poñer o límite de tonelaxe; pero o que estamos en principio poñendo aquí, esta proposta máis a que se debaterá despois, é un parche, porque ó quitar os sinais non cambiou absolutamente nada só que non se ven, polo que a Garda Civil cando queira actuar contra un tractor ou un camión de recollida de leite, vaino poder seguir falcendo.

Eu creo que había *de facto* un acordo, e nunca houbo problemas, incluso aquí hai un setor que non se nomeou e que tivo problemas no seu día, como son as canteiras, chegouse a un acordo con eles e pediron unhas autorizacións especiais que non teñen por que ser caras nin crearlles ningún problema económico grave, e solucionouse de feito ata agora, non sei se por culpa deste PERF que se está a facer, que xorden os problemas. Repito que as estradas provinciais hai que seguir a melloralas na cantidade máxima que se poda por parte do goberno de turno, e a partires de aí dar facilidades para que a xente circule que era o que se facía.

E, repito, da miña experiencia en nove anos que fun Deputado Delegado, agás conflitos moi puntuais, a xente cumpría e non había problemas, e cando os houbo solucináronse e non se sancionou, no caso dos tractores que houbo algún caso, recordo un de recollida de leite, co cal a porcentaxe é ínfima, e ás veces tamén por exceso de celo do propio axente, pero danos ás estradas, agás o setor da madeira que si, pero co resto non houbo problemas. Tamen estamos en período electoral e obviamente cadaún aproveita para presionar e pedir o que lle pareza e que o deixen andar libremente”.

A continuación intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, para dicir o seguinte:

“Eu non dixen que quitar os sinais non fose motivo de sanción, senón que dixen que quitar os sinais lóxicamente abría a posibilidade de que os axentes á hora de multar tivesen menos razóns para poder facelo. De todas formas nesa proposta que levamos de urxencia iso vaise modificar.

Tamén é verdade que ata o momento creo que van seguir circulando polas estradas os mesmos vehículos que o viñan facendo, independentemente de que tivesen 20, 30 ou 40 toneladas, levan circulando por elas dende hai moitos anos, e agora mesmo traemos isto a Pleno porque houbo unha serie de queixas por parte da cidadanía precisamente na aplicación desa Orde de marzo de 1982, que poñía enriba da mesa o límite de peso nas estradas provinciais, iso leva en vigor dende aquela e o único que se fixo foi, precisamente co PERF que se promoveu dende esta Deputación, que eses sinais de 20 Tm. se colocaran en todas aquelas carreteras en que se fixese esa mellora de firme. Eses sinais, como dicía, están retirados, e non van ter razón de ser cando remate este Pleno

porque nesa proposta de urxencia, que eu espero que se aprobe por unanimidade, ese límite de 20 toneladas vaise pasar a 40.

Eu anuncio que se ese primeiro punto non se retira nós imos votar en contra desta moción porque a moción en si xa está subsanada con esa proposta de urxencia que imos presentar; e en canto ós remanentes se xa hai acordos neste Pleno precisamente sobre eses remanentes eu non lle vexo razón de ser”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Simplemente unha cousa que esquecín na segunda intervención en canto ó que dixo o Sr. Vicepresidente de que destinar todo era moi esaxerado, pero nós non podemos propoñer outra cousa; se dixeran cantos cartos hai dos remanentes podíamos dicir qué cantidade propoñemos para as estradas e que cantidade imos deixar para que fagan con ela o que consideren oportuno ou para outros proxectos, pero como non sabemos canto hai temos que poñelo así porque non hai outra forma. E insisto, é algo que a todo o mundo lle vai parecer ben menos a aqueles que queiran gastalos noutras cuestións”.

Rematado o debate, efectuada unha primeira votación, e téndose producido erro durante o desenvolvemento da mesma, o Presidente anuncia que se efectuará unha nova votación.

Efectuada a nova votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 3 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA QUE SE DOTE DE PERSOAL SUFICIENTE ÁS OFICINAS AGRARIAS COMARCAIS DE LUGO

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción para que se dote de persoal suficiente ás oficinas agrarias provinciais de Lugo.

En practicamente todos os plenos celebrados nesta institución durante este mandato houbo algunha iniciativa ou moción relacionada co recorte de servizos, servizos básicos que “casualmente” case sempre afectaban ao ámbito rural.

Nos últimos tempos, hai só dous meses, vimos neste mesmo pleno como se traía a debate a retirada dun médico e o peche do consultorio do Castro, en Carballedo ou a eliminación dun mestre no colexio de Portomarín, aínda que non se producira ningunha rebaixa no número de doentes a atender nin de alumnado neste ano en ningún dos concellos respectivamente.

No referente ao funcionamento das Oficinas Agrarias Comarcais parece que a liña de traballo por parte da Xunta segue a ser a mesma.

Hai uns días, dende o Pleno da Xunta de Persoal dos Servizos Periféricos da Xunta denunciaba o grave recorte de persoal que se está a producir na Oficina Agraria Comarcal de Lugo, recorte que se pode estender, aínda con menor intensidade, ás outras oficinas da provincia de Lugo e que demostra moi ás claras a liña política que a Xunta quere seguir con respecto a estas oficinas e ao traballo que estas levan a cabo, traballo que é fundamental para desenvolvemento da actividade agraria no rural, sobre todo no relacionado coas pequenas e medianas explotacións.

No caso concreto da Oficina Agraria Comarcal de Lugo, a situación de falta de cobertura de persoal é insostible tanto para o persoal empregado público que aínda queda (por ter que asumir unha carga de traballo desbordante), coma para as/as administrados/as que se lles presta servizo.

A Oficina Agraria de Lugo conta na RPT (Relación de Postos de Traballo) da Consellería do Medio Rural con dous postos de administrativo e tres postos de técnicos. Na actualidade tan só están cubertos 2 postas (1 administrativo e 1 técnico), xa que non foron substituídas as vacantes deixadas pola xubilación dunha administrativa dende 2016 e polas comisións de servizos de dous técnicos que marcharon para o servizo de infraestruturas Agrarias en xuño de 2018.

Esta oficina periférica da consellería do Medio Rural desenvolve entre outros os seguintes traballos:

- Atenden a seis concellos da zona centro da provincia de Lugo (Lugo, O Corgo, Guntín, Portomarin, Outeiro de Rei e Rábade) con 7.321 explotacións agrarias das que 694 son explotacións prioritarias.
- Na actualidade a oficina situada en rúa Doutor Fleming N°2 de Lugo é tamén rexistro auxiliar de Presidencia tendo un volume anual de 3.000 rexistros de entrada e 300 rexistros de saída ao ano (o que supón unha media de 15 rexistros de entrada 2 rexistros de saída por día).
- Presta atención ao público a máis de 6.000 persoas ao ano (unhas 30 persoas por día) e xestiona máis de 1.500 expedientes anuais de distinta índole que supoñen investimentos próximos aos 10 millóns de euros e que se aproximan aos 5 millóns de euros en axudas públicas.
- Entre as expedientes que se tramitan destacan os plans de mellora das explotacións agrarias e pequenas explotacións (cunha media de 100 ao ano) e a incorporación de persoas mozas (nunha media de 40 por exercicio). Estes expedientes poden verse gravemente prexudicados pola falta de persoal o que pode supoñer adiamentos na aprobación e pago de axudas e incluso a perda de parte dos fondos europeos cos que se cofinancian as axudas.
- Tamén se realizan distintas tramitacións vinculadas a achegas da PAC que supoñen 11,2 millóns de euros anuais (duplicidades, xestión de pastos, superficies, subrogacións, transferencias de dereitos), explotacións agrarias (cambios de titularidade, fiscalidade, altas e modificacións no REAGA, prioritarias), rexistro vitícola, solicitudes ao Banco de Terras, outras tramitacións (cambios de actividade, axudas de danos, ...).
- Realízanse tamén labores de inspección no ámbito da sanidade vexetal e da condicionalidade da PAC (con máis de 50 inspeccións ao ano).

- A maiores nos últimos anos levan desenvolvéndose unha media de 10 accións de transferencia e outros tantos cursos de formación con máis de 500 persoas participantes ao ano.

No resto da provincia a situación, sen ser tan dramática, tampouco é moito mellor. Así, estre as deficiencias de persoal detectadas están:

- Falta de 1 técnico e 1 administrativo na OAC de Foz.
- Falta 1 administrativo na OAC de Chantada.
- Falta de 1 técnico e 1 administrativo en OAC Sarria.
- Falta de 1 técnico e 2 administrativos en OAC Vilalba
- Falta de 1 técnico na OAC de Monforte.
- A maiores hai 4 prazas de técnicos que están en RPT sen dotación orzamentaria pendentes de amortizar (corresponden á OAC de Mondoñedo, Monforte, Castroverde, Fonsagrada)
- O mesmo ocorre con 5 postos de administrativos (correspondentes ás OACs de Fonsagrada, Viveiro, Quiroga, Vilalba, Monterroso) que estando na RPT da consellería tampouco están orzamentadas.

En total faltan 21 persoas para cubrir todas as prazas que contempla a RPT que son un total de 81 postos de traballo. Isto equivale a faltar un 25% do persoal.

Para o BNG este tipo de decisións políticas veñen a afondar na liña que vén tendo o goberno actual da Xunta que non é outra que a de ir estrangulando todos os servizos que afectan ao medio rural, sobre todo naqueles concellos que están a ter máis dificultades de poboación ou, como é neste caso, cun servizo que é fundamental para o funcionamento das pequenas e medianas explotacións agrarias, que son precisamente ás que poden manter vivo o medio rural.

É por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta á Xunta de Galicia a que dote ás Oficinas Agrarias Comarcais da provincia de Lugo co persoal contemplado na súa propia RPT para poder prestar un servizo público e de calidade e que as persoas do medio rural necesitan e requiren.

2º.- Que se solucione o gravísimo e inaprazable problema existente na OAC de Lugo destinando de forma urxente a esa oficina a unha persoa administrativa e dúas técnicas, tamén como contempla a RPT.

3º.- Que se transmita este acordo á Xuta de Galicia para que actúe en consecuencia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Máis do mesmo, máis andanadas contra o medio rural, total para que quede como reserva natural cuns cantos indíxenas e para que veñan os madrileños e os europeos a tirarnos cacahuetes, que parece que é o que se quere conseguir; primeiro non lles amañamos as estradas e agora quitámoslles os técnicos de asesoramento das pequenas e medianas explotacións.

Esta moción ven a raíz dunha denuncia que fixeron, ademáis dirixíronse a nós e creo que a algún Grupo máis para que o trasladamos ás Institucións onde temos representación, a Xunta de Persoal da Xunta de Galicia en base ó recorte de persoal que están tendo as Oficinas Agrarias Comarcais, as chamadas anteriormente Axencias de Extensión Agraria.

Un recorte de persoal que é coherente coa política que está a seguir a propia Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo, cando dicía que esta ía ser a lexislatura do medio rural non se equivocaba en nada, é a lexislatura do recorte de servizos básicos do medio rural. Aquí non hai moito que falamos de como se eliminaba un médico e un consultorio no concello de Carballo, a pesares de aprobarse de forma unánime instalos a que reconsideraran a decisión seguen sen o médico e co consultorio pechado; tamén aquí hai pouco tempo tratamos como se eliminaba un mestre no colexio de Portomarín sen descender o número de alumnos, simplemente se xubilaba un mestre e aproveitábase para eliminar un mestre.

E agora isto é máis do mesmo, o 25% do persoal que estaba asesorando nas Oficinas Agrarias Comarcais da provincia de Lugo elimínano, a pesares de que están na propia RPT da Consellería do Medio Rural, e non cumpren a súa propia normativa de persoal da que se teñen dotado.

A situación é gravísima en toda a provincia, pero non caso da Oficina de Lugo é tremenda, das cinco persoas que tiñan que estar prestando servizos aí segundo a RPT unha xubilouse, dúas trasladáronse, e quedaron dúas para facer todo o inxente traballo que teñen que é materialmente imposible que o leven a cabo; unha Oficina Comarcal que ten ó seu cargo preto de 7.000 explotacións e onde traballa sobre todo con explotacións pequenas e medianas, que son as que necesitan o traballo destes técnicos, porque as grandes explotacións teñen outros mecanismos e outros asesores e non os necesitan; quen necesita o traballo son as pequenas e medianas explotacións, que son as que aguantan do medio rural, e son ás que se lle retira en gran parte o seu asesoramento; porque, insisto, digan o que digan é imposible que na oficina de Lugo hoxe leven a cabo o seu traballo, seis concellos, sete mil explotacións, un técnico e un administrativo, é imposible, cando segundo a RPT tiña que haber cinco.

Pero aparte desas tres persoas que faltan na Oficina de Lugo, falta un técnico e un administrativo en Foz, un administrativo en Chantada, un técnico e un administrativo en Sarria, un técnico e dous administrativos en Vilalba, un técnico en Monforte, e catro prazas de técnicos que aínda que están na RPT non teñen dotación orzamentaria, co cal cando haxa as xubilacións correspondentes xa non se van cubrir. É dicir 21 prazas de 81 non están cubertas, o 25% do persoal destinado a asesorar ás pequenas e medianas explotacións da provincia, entre outras moitas cousas como por exemplo controlar as subvencións da PAC, etc.

Lóxicamente esta Deputación non ten competencias nesta materia, pero pode instar á Xunta de Galicia a que cumpra a súa propia normativa e dote dos postos que ten aprobados na súa propia plantilla. E de xeito urxentísimo, porque non se pode retrasar nin unha semana máis, que cubra as prazas de Lugo porque é completamente imposible que fagan o seu traballo. E o terceiro punto de acordo que se lle transmita este acordo, de ser o caso, á propia Consellería e á Xunta para que

sexan conscientes de que en Lugo non estamos conformes con esta forma de actuar en canto ó asesoramento que se lle está dando dende a Xunta ás pequenas e medianas explotacións da provincia”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“É verdade o que di o voceiro do BNG, non é situación que se poña de relevo agora mesmo senón que xa se ven arrastrando dende hai moito tempo, non se reduce a un problema exclusivamente de RPT, de dotación de postos de traballo, de non cubrir as xubilacións, de non cubrir as baixas, de non cubrir as comisións de servizos, e todo o que se ten dado dende a Xunta de Galicia para o funcionamento destas Oficinas tan importantes no seu momento e que agora están dalgunha maneira desvirtuadas pola falta de coordinación e pola falta de efectivos que debían ter para prestar o seu traballo.

Como digo, é un recadro máis no taboleiro do desmantelamento de servizos, e que apuntaba o voceiro do BNG; hai anos todos recoñeciamos o gran labor que se facía dende estas oficinas, antes coñecidas como as Oficinas de Extensión Agraria, onde os técnicos e os administrativos interactuaban co medio rural favorecendo novas aplicacións, apoiando o cooperativismo, apoiando novas formas de procesar e de desenvolver as políticas e, como non, as realidades do medio rural.

Pero agora mesmo, tamén impulsado por esa falta de persoal, pero sen dúbida por esa desconexión que a propia Xunta de Galicia provoca en relación ós servizos propios da Consellería ao non haber tan sequera un plan agrario galego que vaia máis alá do PDR do 2014-2020 dunha maneira digamos que medio imposta, e non hai coordinación coas distintas estruturas da Consellería, nin co Agader, nin co Fogga, nin co control leiteiro, nin coas concentracións parcelarias, nin cos aproveitamentos forestais; polo tanto estanse a converter nun apagalumes das decisións institucionais políticas que veñen dadas moitas veces por unha profusa normativa, e que a Xunta de Galicia se despacha moi facilmente mandando unha carta a tódalas explotacións e

dicíndolles que para máis aclaracións pasen pola Oficina de Extensión Agraria tramitar o que teñan por convinte.

Como digo non é cuestión só da RPT senón de ter un bo plan de traballo e de coordinación cos novos retos que hoxe en día nos temos que obrigar para estes profesionais moi cualificados, profesionais que na maioría dos casos se teñen que autoformar, porque para todas aquelas disposicións que moitas veces veñen dadas da propia Unión Europea a Xunta de Galicia non dá nin tan sequera a formación que debía dar a estes profesionais para cumprir cos seus traballos.

É evidente que estamos a favor desta moción, de que se dote urxentemente de persoal ás Oficinas, pero tamén é evidente que temos que reclamar, e témolo que facer a un novo Conselleiro que non hai moito acaba de tomar posesión do cargo, e que como única medida probablemente o que leva feito ata hoxe en día foi cambiar as impresoras e os ordenadores pero nada sobre os novos retos e as novas inquiredanzas, incluso as novas pragas nas que estes profesionais deben estar traballando de primeira man cos gandeiros e cos agricultores, para dalgún xeito dar saída a estes retos dos tempos de hoxe.

Polo tanto votamos a favor da moción, e reclamamos ademáis que non sexa só o cumprimento da Relación de Postos de Traballo senón que sexa a formación e a coordinación que, hoxe por hoxe, por desgraza a descoordinación dos distintos servizos da Consellería de Medio Rural é o que predomina na Administración galega; polo tanto facémola extensiva, e dámoslle a aprobación reclamando maior coordinación e maior formación para estes profesionais”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar Sr. Ferreiro, e sen utilizar a vehemencia o ímpetu ó que nos ten acostumados vostede, si lle direi moi alto e claro que tanto para o Partido Popular, como para este Grupo Provincial, como para este voceiro que lles fala, e tamén para os que temos labores e funcións de goberno municipal, é primordial o mantemento e a mellora dos servizos públicos, e sobre todo aqueles nos que hai unha atención directa á cidadanía.

Coincido cos anteriores voceiros no labor importante que desenvolveron ó longo dos anos, que seguen e seguirán desenvolvendo as Oficinas Agrarias Comarcais no noso tecido agrogandeiro, fixérono tanto no labor de asesoramento coma no trámite de tódolos procedementos administrativos que desenvolven nesas oficinas, son por tanto o desenvolvemento do que é o medio rural no territorio galego, e son os servizos públicos máis próximos á cidadanía, encargados nese caso de resolver todas aquelas dúbidas e atender todas aquelas necesidades que ten a cidadanía preto deles.

Entonces, como non pode ser doutra maneira, todas aquelas iniciativas, como é neste caso esta moción que presenta o BNG, que vaian encamiñadas a mellorar a dotación de persoal de que poden adoeecer nalgún caso estas Oficinas Agrarias Comarcais lóxicamente van ter o noso apoio.

Dicir que o problema da RPT dos traballadores que están a dispor desa RPT non é só un problema que afecte ás Oficinas Agrarias Comarcais, senón que afecta a outros servizos públicos e a outras Administracións, co cal ninguén pode pensar que poida haber unha interferencia política á hora de tratar de que non estean dotadas con suficiente persoal esas Oficinas Agrarias.

Debemos dicir que contamos no territorio galego con 70 Oficinas Agrarias Comarcais nas que hai 300 profesionais, entre eles veterinarios, enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas, e tamén persoal funcionario, e en recentes datas incluso se incorporaron 17 novos enxeñeiros e 6 veterinarios. Co cal, e a pesares das súas verbas, emprazo a vostede Sr. Ferreiro a que me diga, e pódolle asegurar que ningún expediente dos que se presentaron deixou de tramitarse ou se deixou de certificar e de resolver por falta de persoal, sobre todo porque hai excelentes profesionais en todas e cada unha das Oficinas Agrarias e incluso tamén na nosa provincia, e tamén pola colaboración que prestan as outras Administracións, como son o persoal moi eficiente dos Servizos Provinciais de Explotacións Agrarias de Lugo, e como non tamén a colaboración da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural, axudando a estas Oficinas Comarcais, e concretamente tamén á de Lugo, a tramitar moitas das axudas para as pequenas explotacións, agás as visitas que se fan de campo, e tamén aquelas axudas para a incorporación de mozos no que tamén colabora a Administración.

Lóxicamente todo é mellorable, e de feito naquelas ocasións en que se necesita un reforzo polas épocas do ano en que hai maior tramitación tamén se leva a cabo a contratación de persoal interino para reforzar esas Oficinas Agrarias. E como lle dixen antes, debido á profesionalización, e que camiñamos cara a un futuro telemático e moitas das actividades que se facían antes na Oficina Agraria Comarcal agora xa se poden facer de forma telemática, e pódono facer os nosos gandeiros dende as súas explotacións, fai que ningún deses expedientes se deixasen de tramitar por falta dese persoal”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Penso que é certo que non se deixou de tramitar ningún expediente por falta de persoal, pero polo sacrificio extra que teñen que facer os poucos que quedan, os dous que hai; porque, insisto, dúas persoas teñen que facer o que facían cinco nunha oficina como era a de Lugo e a que máis carga de traballo tiña; e dígolle máis, o persoal que non hai no resto de Oficinas non se nota tanto coma en Lugo, falta persoal pero vano levando, pero en Lugo é imposible que podan seguir facendo o seu traballo, e só se fai a base de sacrificio das dúas persoas que hai nese momento aí, o de Lugo é dramático e non espera máis porque van quedar sen ningún se seguen así porque non van aguantar o ritmo, e iso non pode ser en ningún sitio e moito menos nunha Administración pública.

Dicía o Sr. Vidal que había máis cousas ca propia falta de persoal, totalmente certo, o que pasa é que o recorte de persoal que asesora ás pequenas e medianas explotacións é un síntoma de algo máis xeral que é o abandono do rural en xeral pero das pequenas e medianas explotacións en particular. É certo que agora se fai moito por vía telemática, pero tamén é certo que quen fai iso son as grandes explotacións, as pequenas e medianas explotacións son as que teñen por distintas razóns menos acceso a ese tipo de posibilidades de tramitación por vía telemática. As grandes explotacións son as que menos necesitan estas Oficinas porque xa teñen os seus mecanismos, teñen capacidade para facer outras cousas, os pequenos e medianos non, por iso é tan grave a perda de calidade neste asesoramento.

Pero dado que parece que van votar a favor, tampouco é cuestión aquí de poñernos a discutir cando imos votar todos a favor, benvido sexa o apoio, simplemente que ás veces se consegue algo máis con el ca se conseguiu co que pasou últimamente co médico de Carballedo ou co profesor de Portomarín que, a pesares de ter o apoio do Partido Popular neste Pleno, aínda hoxe están sen o médico e sen o mestre”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para anunciar o seu voto favorable.

Intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Con respecto á intervención do voceiro do Grupo Popular, ou eu entendín mal, que poder ser, ou interpretei que a Xunta de Galicia non tiña interferencia política na RPT; evidentemente se non é o propio Conselleiro de Presidencia, se non é a propia política sobre a aplicación, o cumprimento, ou a renovación da RPT non sei quen o vai facer; entendo que aí hai un pequeno desfase no que vostede dicía.

Claro que imos cara a novos retos telemáticos, pero tamén lle podo dicir que se non chega a ser porque as pequenas explotacións derivan en gran parte as súas obrigas para poder facer os trámites telemáticos hacia os sindicatos, facéndolle un favor excepcional neste caso á Administración e incluso ás asesorías agrarias privadas, evidentemente as pequenas explotacións non teñen recursos nin teñen forma de poder chegar a eles.

E en canto a eses novos retos desa lexislatura do rural que anunciaba o Sr. Presidente da Xunta ó comezo do seu mandato, estase a converter na lexislatura da desesperación do medio rural, precisamente por esta falta de ir a novos retos e a novas situacións que o campo galego necesita e que esmorece; por tanto é o momento xa non só de dotar nas RPTs oportunas as Oficinas Agrarias senón tamén de cambiar ese rumbo para non terminar xirando nun círculo que non nos leva a ningures.

Para rematar anunciar o noso voto favorable”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Cando dicía que non hai ningunha interferencia política refírome a que o único que fai o Partido Popular é xestionar mellor os servizos para que cada vez sexan de mellor calidade, e cheguen mellor á cidadanía, e non o que fan vostedes que iso si que é unha interferencia política.

E, mal que lles pese a vostedes, o futuro do campo galego, do setor agrogandeiro e forestal, está dende hai moitos anos vencellado ós gobernos do Partido Popular, a evolución que pasou das pequenas explotacións que tiñan unha economía de subsistencia pasamos a unhas explotacións que son un modelo e un referente, e que compíten coas grandes explotacións a nivel europeo. Supoño que a vostedes, tanto ó Partido Socialista como ó BNG, lles gustaría que seguise sendo as explotacións das catro vaquiñas, das zocas, da lama, do carro das vacas, das vacas pacendo, pero iso evolucionou vencellado ós gobernos do Partido Popular e ó esforzo do Partido Popular por mellorar; e de feito os gandeiros e os agricultores danse conta diso, e por iso nos ofrecen a súa confianza elección tras elección e goberno tras goberno, non viven de costas á realidade como viven vostedes.

E con respecto ás Oficinas Agrarias si que é necesario dotalas de persoal, alí onde se poda cubrir eses postos que están recollidos nas RPTs, pero tamén camiñamos cara a un futuro distinto; igual ca nas Administracións Locais, os que estamos nelas sabemos que evolucionamos e pasamos a unha Administración electrónica onde agora os trámites se fan doutra maneira, lóxicamente tamén require menos persoal; e agora a xente sabe que pode acceder dende as súas casas a unha oficina agraria virtual tanto para trámites gandeiros, como trámites de sanidade vexetal, como rexistro vitícola, e iso a partires do pasado 22 de marzo xa a través dun Portal Único.

Iso é evolución e iso é adaptarse ós novos tempos; e lóxicamente iso fai que se requira menos persoal; e a veces o persoal tamén depende da eficiencia, non por ter moito máis persoal vai ser moito máis eficiente, e temos claros exemplos, eu pódolle dicir que o Centro de Saúde de

Begonte con dous médicos funciona mellor ca con tres, e iso pódese consultar a calquera veciño do concello; por tanto nunha Oficina Agraria poden funcionar mellor con dúas persoas ca con catro, sobre todo cando os trámites a nivel telemático van reducir moito a carga de traballo para ese persoal.

Pero se vostedes iso non o queren ver e o queren seguir utilizando politicamente eu enténdoo porque estamos nun período electoral e poden querer facer méritos para iso, pero a realidade é ben distinta, o campo evolucionou e temos explotacións punteiras que están competindo e a uns custes de produción cada vez máis achegados ó que pasa no resto de Europa, e somos un referente a nivel de produción; e iso, como xa lles dixen, grazas ós sucesivos gobernos do Partido Popular, e seguirannos dando a súa confianza para seguilo facendo ó longo de moitos anos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Iso de que funciona mellor con dous ca con tres dirao vostede porque no meu concello, e non funciona mal, eu teño que facer unha analítica o xoves e hai un mes que pedín cita, e se houbera algún profesional máis non creo que tardaran un mes en darme cita, e a culpa non é dos profesionais que traballan alí, simplemente que non dan para máis.

Só unha aclaración, porque esta discusión sobre o tema do tamaño das explotacións xa a tivemos máis veces; creo que ninguén, e paréceme que coñezo un pouco o setor agrario e o mundo da gandeiría, me oirá a mín nunca defender o de volver ó carro de vacas nin a ese tipo de cousas; eu o que defendo e defenderei sempre é que a solución non é ter explotacións de máis de 500 vacas en exclusiva, é máis, os que fixan poboación e os que fan que haxa unha dinámica de vida no rural son precisamente esas explotacións de 30, 40 ou 50 vacas, sen ter esas dimensións tan descomunais que teñen as outras que son máis empresas ca explotacións agrarias, que son as que dan moitísima riqueza ó rural, e son as que pola política que está a seguir a Consellería non interesa e quérese facer o posible para desfacerse delas.

A a solución para o campo galego non é esa, a solución non son explotacións de 500 vacas, é parte da solución e pode habelas pero tamén teñen que coexistir con outras máis pequenas; e o que nos dín e o que existe noutros países de Europa moi desenvolvidos é precisamente iso, non son explotacións de 500 vacas o que levantou por exemplo a parte oeste de Alemania senón que son máis ben explotacións de 40, 50 ou 60 vacas, ou incluso menos, iso é así; agora aquí apóstase por outro tipo de cuestións, pois moi ben, é unha aposta, pero non está producindo ningún tipo de beneficio ó que é o desenvolvemento e a fixación de poboación no rural, e este tipo de medidas afontan niso.

En todo caso se vai ser unánime o apoio á moción, benvido sexa, e agradecerlle a tódolos Grupos esa unanimidade”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, RELATIVA AO MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA E O EMPREGO DA CENTRAL DE ALCOA EN SAN CIBRAO.

Logo de ver a moción presentada polo Grupo Provincial Popular en data vinte de marzo de 2019 en relación co asunto figurado no epígrafe; así como o escrito de data vinte e seis de marzo de modificación dos acordos recollidos na moción, indicando que a modificación se propón como consecuencia da reunión do 22 de marzo entre tódolos alcaldes da Mariña e o Comité de Empresa da Central de Alcoa en San Cibrao; quedando redactada a moción do seguinte xeito:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa ao mantemento da actividade económica e o emprego da Central de Alcoa en San Cibrao, que se basea nesta

Exposición de Motivos

A planta que a multinacional Alcoa ten en San Cibrao ten unha vital importancia para a realidade socioeconómica da comarca da Mariña xa que supón un emprego directo duns 1.200 traballadores (sumando as fábricas de aluminio e alúmina) e indirectamente estímase que a economía dunhas 6.000 familias depende deste complexo.

En outubro de 2018 o grupo Alcoa Inespal anunciaba o peche das súas plantas da Coruña e Avilés. Ante esta situación, desde o Grupo Provincial Popular presentamos unha “moción relativa ao mantemento da actividade económica e o emprego das centrais de Alcoa en San Cibrao, A Coruña e Avilés”, a cal foi aprobada por unanimidade, pola que se acordou, entre outros puntos, “instar ao Goberno do Estado a que se implique e adopte medidas necesarias para que se dea a estabilidade necesaria para que se siga a garantir o mantemento do emprego e a actividade na factoría de San Cibrao”.

Dende outubro de 2018, lonxe de apagar o incendio, as novas medidas propostas polo Goberno do Estado para compensar á gran industria dos elevados gastos eléctricos e, polo tanto, de produción, avivaron o lume. De feito, non son suficientes para igualar os custes cos competidores europeos.

Neste senso, o estatuto do consumidor electrointensivo que propón o Goberno do Estado fixo que Alcoa alerte que a súa central sita en San Cibrao está en perigo. E a proposta non foi ben acollida tampouco polos representantes dos traballadores e as administracións autonómicas asturiana e galega.

Ante este escenario, son sorprendentes e inauditas as declaracións da Ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, nas que afirma que “o estatuto do consumidor electrointensivo, que contén esas medidas compensatorias, dá unha seguridade a Alcoa sobre o prezo da enerxía”.

Desde o Grupo Provincial Popular reclamamos que o Goberno do Estado teña un plan serio de traballo, sobre todo nun asunto de tal importancia coma este, tal é como fixo o anterior Goberno do Estado tomando as medidas necesarias, cando xurdiu algunha problemática, para garantir o mantemento da actividade económica da central de Alcoa en San Cibrao.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción relativa ao mantemento da actividade económica e o emprego da Central de Alcoa en San Cibrao, e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno galego e ao Goberno español a que se constituía unha Mesa de Traballo onde estean presentes todos os sectores afectados, sen exclusións e transparente, para desenvolver o estatuto da industria electrointensiva.

2º.- Instar ao Goberno español a que se vaian facendo efectivas de inmediato estas medidas nos Orzamentos Xerais do Estado para o 2019, e se contemplen no texto definitivo de regulación do estatuto de consumidores electrointensivos as seguintes medidas que nos dotarán dun marco enerxético estábel para a industria electrointensiva:

- Modificar o sistema tarifario para que as industrias hiper-electrointensivas non soporten os seguintes peaxes que non forman parte do custe de produción da enerxía: primas renovábeis, custes extrapeninsulares, pagos por capacidade, 2ª parte do ciclo do combustible nuclear e déficit tarifario. Peaxes que deben ser asumidas polos Orzamentos do Estado para non repercutir no resto de consumidores.

Por esta rebaixa no prezo da tarifa eléctrica, co esforzo social que supón pasar estas peaxes aos Orzamentos, as empresas, que se acollan a esta tarifa, deberán manter o emprego propio e fixo en todos os seus centros de traballo, así como inversións que garantan a adecuación ás novas tecnoloxías. Medidas que deben ser controladas pola administración públicas.

- Con cargo aos Orzamentos do Estado, a industria hiper-electrointensiva terá a máxima compensación permitida pola UE por CO₂, por competir con industrias instaladas noutros países onde non se limitan as emisións de dióxido de carbono.

- Lexislar as opcións de contratos bilaterais entre as empresas hiper-electrointensivas e as compañías eléctricas segundo o modelo francés que permite asinar contratos a longo prazo, 10 anos. Favorecendo así plans industriais e de inversións.

- Ademais, para producir unha rebaixa xeral no prezo da electricidade, sen que se repercuta no funcionamento do sector eléctrico, haberá que retirar do mercado maiorista (pool), as centras hidráulicas e nucleares, que pasarán a cobrar por custes recoñecidos aprobados a proposta da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.

- De manterse algún tipo de compensación pola interrompibilidade dentro do regulamento do estatuto de consumidores hiper-electrointensivos esta será como mínimo de carácter trianual.

- Ata a entrada en vigor desta nova tarifa, que é urxente e inaprazable, manteranse con carácter transitorio, para as industrias electrointensivas as poxas de interrompibilidade, mantendo a medidas dos importes dos últimos anos, cos mesmos bloques e recuperando o aviso previo de parada de 2 horas”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Como xa se falou, abrírase un turno de intervención para cada Grupo, coa posibilidade de que se poda acordar unha declaración institucional”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Agradecer que se leve como unha proposta institucional porque creo que é a forma de lanzar unha mensaxe de unión entre todos nun asunto de vital importancia para a comarca da Mariña pero creo que tamén para toda a provincia de Lugo.

A ningún se lle escapa que estamos nunha situación complicada, a factoría de Alcoa emprega neste momento a uns dous mil traballadores, 1200 de forma fixa e uns 800 en empresas auxiliares que desenvolven o seu traballo fundamentalmente dentro da planta, pero aparte ten unha repercusión na economía da Mariña estimada nunhas seis mil familias que viven do comercio, do

turismo, da hostelería, e do transporte; empresas de moitas familias que viven directamente da actividade económica que xera Alcoa ó seu arredor.

Por iso creo que é importante lanzar unha mensaxe de unión en defensa deses postos de traballo que hoxe en día máis ca nunca se ven ameazados, e creo que ata este momento lanzamos xa dúas mensaxes de unión en dous Plenos pasados, o último hai uns meses, con motivo do anuncio de peche das factorías de Avilés e A Coruña, e que ata este momento sempre se vía a ameaza de Alcoa coma unha forma que tiña a empresa de reclamar melloras, de reclamar máis fondos, ou mellores condicións nos prezos da enerxía.

Pero unha vez anunciado o peche de A Coruña e Avilés vemos que Alcoa é unha multinacional que o seu centro de decisión non o ten aquí, e que ó final o que lle importa son os números e non lle importan nin as familias nin os postos de traballo, por tanto ó final o que importa é esa conta de resultados; e eu creo que é tarefa de todos establecer os mecanismos para que a empresa gañe cartos porque dese xeito gañaremos todos, gañarán as familias, os traballadores, e tamén toda a provincia de Lugo.

Como xa se falou noutras ocasións, Alcoa representa máis do 30% do PIB da provincia, de aí que non só a Mariña sexa afectada por calquera problema na planta senón que sería un problema para toda a provincia, e incluso iría máis aló porque é o máximo consumidor de enerxía de España, consome máis do 3% da enerxía nacional, entón crearía un problema en cadea que repercutiría a máis setores.

É importante tamén dicir que a empresa pasou por problemas noutros momentos, a verdade é que se tomaron decisións que contribuíron a unha solución puntual como foron as poxas de interrompibilidade no seu momento, ou como foi a construción dese gaseoducto por importe de máis de 20 millóns de euros, que fixo que a planta de Alúmina que ata ese momento estaba dando perdas pasara a dar beneficios, e eu creo que é unha aposta importante polo mantemento do emprego na zona.

As poxas de interrompibilidade foron un parche puntual, neste momento están ameazados pola competencia en Europa; e entónce agora ponse sobre a mesa un mecanismo novo, que é un borrador que se presentou do Estatuto do Consumidor Eléctrointensivo, no que todos tiñamos moitas esperanzas depositadas, pero que lonxe de dar unha solución o que fai é fomentar máis incertidume ao non establecer mecanismos claros para as empresas electrointensivas. Ata este momento as empresas electrointensivas consideradas así e que teñan acceso á interrompibilidade eran oito ou dez empresas en toda España, co novo borrador hai máis de 250 empresas que terían acceso a estes recursos económicos.

Por tanto é necesario, a través das alegacións que presentarán os distintos Grupos Políticos e tamén os representantes dos traballadores, que o Estado mire este tema con delicadeza pola importancia que ten, e que acepte esas alegacións, o que suporía que Alcoa puidera seguir coa súa actividade na Mariña, xa que doutro xeito sería nefasto para a Mariña, para Lugo, e para Galicia.

Unha vez celebrada unha reunión de tódolos Alcaldes da Mariña co Comité de Empresa o pasado venres modificouse a proposta de acordo recollendo a totalidade da proposta que nos aportou o Comité de Empresa e que nos pediu que levamos así, e por tanto así ven a proposta literal. Entónce, apelando a esa unanimidade, lanzar unha mensaxe de esperanza e pedirlle ó Goberno que se poña mans á obra, e que acepte estas alegacións porque serán boas para tódolos traballadores”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Indicar que hoxe recibimos tamén no Rexistro da Deputación a moción sobre a modificación ao borrador de regulación do Estatuto de Consumidores Electrointensivos que precisamente nos trasladou o Pleno do Comité de Empresa de Alcoa. E se ben creo que é preciso neste momento trasladarlle á cidadanía, sobre todo ós traballadores de Alcoa e ós veciños da comarca da Mariña o noso apoio e unha mensaxe de unidade, como ben dicía o voceiro do Grupo Popular, creo que tamén é preciso poñer en valor o traballo feito por parte do Goberno.

Nese sentido quero resaltar que nos últimos meses, concretamente en decembro, aprobábase un Real Decreto Lei precisamente coas medidas de carácter urxente para o impulso da competitividade económica no setor da industria e o comercio en España, no que se comprometían a aprobar nun prazo máximo de seis meses dende a entrada en vigor o Real Decreto que regulara o Estatuto de Consumidores Electointensivos e que recoñecera as particularidades destes consumidores, dos que teñen un elevado consumo eléctrico ou un elevado consumo cando hai baixa demanda e unha curva de consumo estable.

Antes do transcurso de seis meses fíxose a primeira consulta previa pública, e abriuse un prazo de presentación de alegacións dende o un ó quince de febreiro; e logo presentouse este proxecto ó que se refería o Sr. Salgueiro, e evidentemente tamén se da un prazo de alegacións para melloralo. Pero o que está claro é que hai a vontade de ter por primeira vez un mecanismo que regule a estes consumidores; e polo tanto é o que ó mesmo tempo tamén hai que poñer en valor, que nun espazo curto de tempo se intenta dar resposta, e obviamente non vai estar ó gusto de todos porque todo é mellorable, pero se ben se presentou este proxecto tal e como se acordara xa en decembro”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Para transmitir o apoio e a solidariedade ó Comité de Empresa de Alúmina e ós seus traballadores; e dende logo intentar que este acordo, que segundo parece vai ser por unanimidade e que se vai converter en institucional, faga chegar a calquera que sexa o Goberno despois das próximas eleccións, que haxa un acordo, non sei se de Estado, alo menos entre os grandes Partidos, que eviten que cada pouco tempo esteamos coa incertidume e co problema de que nos poden pechar, como dixo o voceiro do Partido Popular, unha das empresas punteiras deste país, e un dos elementos principais de recursos e de PIB da provincia de Lugo.

Dende logo o peche de Alúmina sería un mazazo sen precedentes para esta provincia e tamén para Galicia, e esperemos que esas ameazas ou eses ventos en contra que soan por aí non se fagan realidade”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Pola nosa banda sumarnos a esta unanimidade; e simplemente facer un pequeno recordatorio, aínda que o Alcalde de Xove, Sr. Demetrio, explicou perfectamente cal é a situación, efectivamente non afecta só á comarca da Mariña nin ós concellos de Xove e Cervo, afecta a toda a provincia que, como ben dixo, supón máis do 30% do PIB desta provincia, pero afecta incluso a outras provincias galegas, como comentaban onte os representantes do Comité, afecta á provincia de A Coruña, afecta tamén ás Pontes que é quen fornece de enerxía á planta na súa maioría, que consome segundo dín 3.600.000 megavatios que é moitísimo, efectivamente o 30 ou 40% da enerxía que se consome na provincia de Lugo a consome esa factoría, que é curioso que tamén coincida co 30 ou 40% do PIB.

Con respecto ó consumo das electrointensivas e das rebaixas conseguidas, temos un exemplo moi claro que é o do País Vasco que conseguiron unha rebaixa de 23 euros por megavatio mentres que para aquí a rebaixa é de 4 euros por megavatio, independentemente de que uns ou outros esteamos a favor da tarifa eléctrica galega, porque esa moción trouxémola nós a debater aquí e uns votaron en contra e outros abstivéronse, independentemente de que haxa tarifa eléctrica galega ou non, ou como lle chamen, porque por exemplo no País Vasco non leva o nome de tarifa eléctrica vasca, pero si que cada ano se negocia tanto para as empresas pequenas como para as electrointensivas unha rebaixa, dixo si que hai que tomar nota.

Con isto non quero romper a unanimidade; en todo caso solicitarlle ó Presidente, como xa lle dixen na Xunta de Voceiros, así como tamén á Sra. Elena Candia, que renunciemos todos a calquera emenda que puideramos propoñer aquí, para que a proposta que rexistrou hoxe pola mañá o Comité de Empresa, e que nos trasladou a tódolos Grupos Políticos, sexa o acordo unánime de apoiar a proposta que achegou o Comité, que é a que o Grupo Popular recolle na moción que foi modificada, pero que o Pleno da Deputación respalde a proposta do Comité”.

Unha vez producido o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, o Pleno da Corporación por unanimidade, e con carácter institucional, acorda aprobar a proposta do Comité de Empresa de Alcoa, do seguinte teor:

“As liñas da proposta son:

- Modificar o sistema tarifario para que as industrias hiper-electrointensivas non soporten os seguintes peaxes que non forman parte do custe de produción da enerxía: primas renovábeis, custes extrapeninsulares, pagos por capacidade, 2ª parte do ciclo do combustible nuclear e déficit tarifario. Peaxes que deben ser asumidas polos Orzamentos do Estado para non repercutir no resto de consumidores.

Por esta rebaixa no prezo da tarifa eléctrica, co esforzo social que supón pasar estas peaxes aos Orzamentos, as empresas, que se acollan a esta tarifa, deberán manter o emprego propio e fixo en todos os seus centros de traballo, así como inversións que garantan a adecuación ás novas tecnoloxías. Medidas que deben ser controladas pola administración públicas.

- Con cargo aos Orzamentos do Estado, a industria hiper-electrointensiva terá a máxima compensación permitida pola UE por CO₂, por competir con industrias instaladas noutros países onde non se limitan as emisións de dióxido de carbono.

- Lexislar as opcións de contratos bilaterais entre as empresas hiper-electrointensivas e as compañías eléctricas segundo o modelo francés que permite asinar contratos a longo prazo, 10 anos. Favorecendo así plans industriais e de inversións.

- Ademais, para producir unha rebaixa xeral no prezo da electricidade, sen que se repercuta no funcionamento do sector eléctrico, haberá que retirar do mercado maiorista (pool), as centras hidráulicas e nucleares, que pasarán a cobrar por custes recoñecidos aprobados a proposta da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.

- De manterse algún tipo de compensación pola interrompabilidade dentro do regulamento do estatuto de consumidores hiper-electrointensivos esta será como mínimo de carácter trianual.

- Ata a entrada en vigor desta nova tarifa, que é urxente e inaprazable, manteranse con carácter transitorio, para as industrias electrointensivas as poxas de interrompibilidade, mantendo a

medidas dos importes dos últimos anos, cos mesmos bloques e recuperando o aviso previo de parada de 2 horas”.

Por todos estes motivos, solicítase ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno galego e ao Goberno español a que se constituía unha Mesa de Traballo onde estean presentes todos os sectores afectados, sen exclusións e transparente, para desenvolver o estatuto da industria electrointensiva.

2º.- Instar ao Goberno español a que se vaian facendo efectivas de inmediato estas medidas nos Orzamentos Xerais do Estado para o 2019, e se contemplen no texto definitivo de regulación do estatuto de consumidores electrointensivos as medidas antes sinaladas que nos dotarán dun marco enerxético estáble para a industria electrointensiva”.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, PARA QUE A DEPUTACIÓN DE LUGO INCREMENTE OS FONDOS PARA A CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA PROVINCIAL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para que a Deputación de Lugo incremente os fondos para a conservación da Rede Viaria Provincial, que se basea nesta

Exposición de Motivos:

A Excma. Deputación Provincial de Lugo é a institución responsable de realizar as labores tanto de conservación ordinarias como de mantemento na rede viaria provincial.

Desde o Grupo Provincial Popular canalizamos de xeito continuado, a través dos medios dos que dispoñemos, as solicitudes tanto de veciños como de asociacións e de entidades locais sobre a necesidade de que en vías de titularidade provincial se desenvolvan actuacións tanto de conservación e mantemento como de mellora ou ampliación. Neste senso, na presente lexislatura temos presentado cinco mocións relativas ás estradas de titularidade provincial.

Hai que destacar a posta en marcha do Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firmes de Vías Provinciais 2017-2019. Un plan froito do acordo e consenso entre os diferentes Grupos Políticos provinciais e que xurdiu e impulsouse polo Grupo Provincial Popular a través da moción, aprobada por unanimidade no pleno de xullo de 2017, pola que se instaba ao Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo a que sometera a aprobación do pleno da corporación unha proposta dun Plan Provincial Plurianual de Estradas.

Desde o Grupo Provincial Popular defendemos que a existencia de infraestruturas viarias de calidade resulta esencial tanto para o día a día dos lucenses, como para o desenvolvemento económico e turístico da provincia.

A comezos deste mes de marzo a estrada LU-P-1611 que atravesa a Ponte Maceda no Concello do Corgo, quedou pechada ao tráfico por un afundimento da calzada na ponte; ou a estrada LU-P-5207, Ribadeo-Vilela (LU-133), atopase nun mal estado o cal provoca problemas de seguridade para os seus usuarios. Estes son só dous exemplos aos que se poderían engadir moitos outros e que demostran que é preciso que a institución provincial intensifique os seus esforzos nesta materia.

Polo tanto, consideramos necesario que a Deputación Provincial de Lugo incremente os fondos e recursos para conservación da rede viaria provincial.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción para que a Deputación de Lugo incremente os fondos para a conservación da Rede Viaria Provincial e proponse a aprobación do seguinte acordo:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordo:

Que a Excma. Deputación Provincial de Lugo incremente os fondos para a conservación do conxunto da rede viaria provincial”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Creo que a defensa desta moción debe ser rápida por canto levamos falando xa en varias mocións anteriores sobre a situación da Rede Pública Provincial de Estradas, e tamén sobre a necesidade do seu mantemento, do seu arranxo, e demáis.

Creo ademáis que se falou antes de que a estas alturas de mandato, practicamente a piques de rematar a lexislatura, que había unha serie de mocións que se podían considerar electorais, e é certo que ó mellor si que fai falla facer un pequeno resumo do que foron estes catro anos, porque cremos humildemente que o Partido Popular nestes catro anos ven denunciando claramente varias eivas que lle achacamos á época, dende logo nada boa para esta provincia, do Presidente Besteiro; e claramente dende o ano 2015 que se iniciou hai varias cousas que deixamos moi claras.

Creo que o Partido Popular, e a súa voceira así o defendeu dende o principio, viñamos dicindo que nesta Deputación, despois de oito anos de bipartidismo PSOE-BNG, había un sectarismo importante nas inversións, e un castigo con respecto a concellos nos que gobernaba o Partido Popular durante eses oito anos, e ese sectarismo que denunciarnos é claramente fixemos dende as distintas posicións que tivemos ó longo desta lexislatura os esforzos necesarios para combatelo. Froito diso, e sen arrogarnos máis importancia da que podamos ter dentro desta Cámara, é certo que se conseguiu por unanimidade ese Plan Único do que parece que agora todos estamos moi contentos, pero o único certo é que mentres gobernaron nesta provincia o PSOE e o BNG non o permitiron; polo tanto a ese sectarismo empezouse a poñer coto.

Despois había outro tema que denunciarnos e se falou dende o principio, que era a situación da Rede Provincial das estradas nesta provincia; hai un dato que se repetiu en numerosas ocasións,

que é que a lonxitude das estradas provinciais pasa dos 4000 quilómetros, está claro que é unha rede extensísima e non se amaña e se mantén soa senón que fai falla un esforzo inversor mantido no tempo e claramente coñecedor da importancia que esta Rede ten para a socioeconomía desta provincia.

Polo tanto xa estamos na terceira ou cuarta vez que traemos a este Pleno a necesidade de que esta Deputación afronte con máis fondos o mantemento desta Rede. Froito daquela primeira petición e daquela primeira pelexa por mellorar esta Rede foi aquel Plan de Estradas que no ano 2017 se conseguiu tamén por unanimidade, e que veu, pese ó que dixo cadaún, refrendar que as estradas provinciais de Lugo estaban nunhas condicións deplorables; froito diso foi a inversión que se tivo que levar a cabo deses 15 millóns de euros anuais. Pero xa daquela, o cal ven a xustificar que o que dicía o Partido Popular era certo, tiña habido anteriormente un abandono durante oito anos de tódalas carreteras provinciais.

Pero tamén xa naquel momento o Partido Popular fixo un esforzo en dicir claramente que con este plan de inversión non chegaba, porque unha cousa era un plan de choque para amañar o que estaba desfeito, e outra moi distinta era darlle a importancia que esta Rede ten para esta provincia, o cal necesita sen dúbida máis fondos.

No ano 2018, hai agora mesmo un ano, presentamos unha moción nese mesmo sentido, recordando a necesidade de poñer máis fondos a disposición do mantemento desta extensa rede de carreteras provinciais. E curiosamente lendo aquela acta e o resultado da votación, desgrazadamente quedamos sós, porque tanto socialistas coma nacionalistas consideraron que non eran precisos eses fondos, é máis, votaron en contra e esa moción non saíu adiante.

Pero nós persistimos xa a exemplo de final da lexislatura porque cremos o mesmo que criamos no ano 2015, que efectivamente esta Rede tan extensa precisa deses fondos, e estámolo a ver cando vimos debater sobre os sinais verticais, sobre os pesos máximos autorizados, e incluso sobre a necesidade de limitar; e escoitando as intervencións que acaba de facer o BNG neste caso cando hai un ano votou en contra agora parece que non só non está en contra de que se necesitan

máis fondos senón que estaba, sen outra previa análise, disposto a adicarlle a esta partida tódolos remanentes desta Casa.

Polo tanto creo que é un bo momento para que rectifiquen, para que humildemente recoñezan que se equivocaron no ano 2018 non apoiando esta moción, e invítalos a que apoien o que realmente acabamos de ver nas mocións anteriores, que temos unha Rede de estradas moi extensa, e son necesarios uns fondos adicionais porque os que hai dende logo non chegan ou se administran mal, preferimos pensar que non chegan, para mantelas en condicións.

Ademáis nin sequera vimos orfos de exemplos, senón que vimos con exemplos absolutamente contificables e observables hoxe en día, no concello do Corgo hai unha estrada provincial cortada porque se afundi nunha enorme fochanca unha ponte por falla de mantemento; ou en Ribadeo onde existen uns problemas de seguridade tremendos tamén nunha carretera provincial, que está creando auténtica inseguridade e temor en tódolos habitantes desa zona. Polo tanto ó que é a infraestrutura viaria desta provincia deámoslle a importancia que ten, estamos falando dunha provincia eminentemente rural e turística, que necesita ter unhas estradas nunhas condicións que neste momento non se tivo.

Polo tanto invitámoslos a que rectifiquen, e que apoien unha moción que desgrazadamente hai un ano non apoiaron”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez para expresar o seu apoio á moción.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“En principio, cando empezou a falar o voceiro do Grupo Popular, co primeiro que dixo eu estaba complementamente de acordo, a defensa desta moción xa a fixeron hoxe no segundo e no sexto punto da Orde do Día; e xa lle adianto que lle imos votar a favor porque é o que levamos defendendo toda a mañá; pero gustaríame que me dixera de onde van vir eses fondos, porque nós

propuxemos exactamente o mesmo pero dicindo de onde iamos sacar os fondos, non podendo dicilo doutra maneira porque non temos máis datos, e vostedes votaron en contra; agora vostede di que se poñan máis fondos pero non di de onde, nós si que propuxemos sacalos dos remanentes porque é do único sitio de onde se poden sacar a estas alturas cos Orzamentos aprobados, alo menos as cantidades que se necesitan para esta proposta que fan vostedes; vostede só di que se aumenten, pero de onde?, dígame de onde porque ó mellor nos parece ben, pero algo terá que dicir.

Eu non sei que pasou hai un ano, pero do que estou seguro é de que se votamos en contra foi por algo completamente xustificado, porque sempre defendemos o mesmo, cando menos dende que eu estou aquí. Pero aínda así imos votar a favor, se antes defendemos que se invertira o diñeiro que houbera dispoñible para as carreteras agora non lle imos votar en contra, só que boto de menos que me diga de onde vai sacar o diñeiro, de onde vai recurtar ou a que llo vai sacar, o diñeiro que lle toca a algúns concellos que goberna o Partido Popular de remanentes vano adicar ás estradas?, dígame de onde porque dalgún lado sairá; porque o pouco que sei do tempo que levo aquí é que cando se fai unha proposta cos Orzamentos aprobados, e é unha proposta de cantidades considerables, so hai os remanentes de Tesouraría, non hai outros; e aquí estamos falando de cantidades moi importantes se queremos actuar sobre o problema senón non se vai facer absolutamente nada máis ca unha capa de cosmética.

E insisto no que dixen na primeira intervención, os 15 ou 17 millóns que se meteron no Plan de Estradas non serven para amañar o problema, é unha capa de cosmética, pero non aumenta por exemplo a posibilidade de que circulen camións con máis tonelaxe, necesítanse reformas integrais en moitas das estradas, e moitos cartos para iso, cartos que teñen que saír dalgún lado, e vostedes votaron en contra, así que non veñan agora dicindo que incrementemos os fondos, porque é unha tomadura de pelo”.

Intervén o Sr. Vicepresidente D. Argerio Fernández Queipo, no seguinte sentido:

“En canto a esta moción eu preguntaría o que xa preguntei na de antes, de onde imos sacar eses fondos?, se do Plan Único, do Servizo de Axuda no Fogar, ou doutras Áreas; eu creo que o

Orzamento da Deputación neste momento está perfectamente estruturado e que se sabe o que hai en cada partida.

De todas maneiras eu quería resaltar o que vai feito nestes catro anos nos que se investiron de orde de 45 millóns de euros no mantemento e en mellora de estradas, imos ter por enriba dos dous mil quilómetros con aglomerado en quente; hai que ter en conta que o mantemento das vías tamén supón un custe importante tódolos anos, no ano 2015 houbo un contrato que abarcou catro anos, neste momento estamos nunha prórroga de contrato ata nove meses, que no momento que se saque o novo contrato esa prórroga deixará de existir, e esta mellora para o mantemento de estradas tamén vai incrementada.

Creo que se temos que racionalizar o gasto e temos que seguir na senda da inversión en obra nova e manter un sistema de conservación eficiente o que non podemos facer é nos dous mil quilómetros de estradas restantes intentar dotar en moi pouco tempo de aglomerado en quente, hai que ir priorizando, hai que ir facendo ese mantemento diario das estradas, nas que teñen menos entidade hai que ir facendo unha reparación puntual, e nas que teñen máis demanda ir dotándoas desa nova capa de rodadura ou das obras adicionais que se necesitan.

Nós estamos de acordo coa moción, pero eu creo que esta moción deberían solventala os que veñan como resultado das eleccións do 26 de maio, a nova Corporación terá que decidilo, e non será cuestión de que esta Corporación lle deixe todo decidido á que entre.

Por tanto anunciando o noso apoio á moción, dicir que non sabemos de onde se van sacar os cartos, nós estamos de acordo en que se incremente a partida de infraestruturas para eses quilómetros que anualmente se veñen facendo e cada vez teñamos unha Rede máis ampla, mellor dotada, e cunha capacidade de soporte superior, para que tamén con eses límites de tonelaxe dos que xa se falou anteriormente non teñan ningún problema os vehículos modernos para poder circular por elas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Alegrámonos moito desta previsible unanimidade, e non esperamos deste goberno que faga iso, en primeiro lugar porque non hai tempo material, e en segundo lugar porque está claro que non é unha das súas prioridades. Polo tanto cando traemos esta moción non é agardando que vostedes fagan o que non fixeron en catro anos, porque non o van facer no mes que ven; pero si que é certo que se vostedes tiveran esa coherencia da que presumen xa tiveran apoiado o ano pasado esta moción do Grupo Provincial Popular, á que votaron todos en contra, e grazas ós seus votos non saíu adiante.

Se hai un ano se tivera apoiado esa moción, ó mellor neste proxecto de Orzamentos desta Deputación si que terían que ter estudado de onde ían sacar ese diñeiro, e das partidas que ó mellor non eran tan prioritarias, e adiantámoslles que as hai, e moitas. Polo tanto ó final atopámonos na incoherencia desta lexislatura dun proxecto fallido, sen presuposto, e sobre todo sen proxecto para esta provincia. Agora resulta que imos apoiar o que votaron en contra hai un ano, a única coherencia é do Partido Popular; o Sr. Ferreiro xa foi máis claro porque di que non lembra o que votaron hai un ano, pois lémbrollo porque está na acta dese Pleno, e aparte de votar en contra desta mesma moción dicían o contrario do que din agora.

Polo tanto xa sabemos que non vai servir para que o fagan, porque o fará o próximo goberno que agardamos que sexa do Partido Popular, pero que alo menos saiban que van cambiar o criterio de voto do que votaron hai un ano en que dicían xusto o contrario; mentres que deste lado da bancada levamos dicindo dende hai catro anos que é preciso dar solución ó desleixo no que quedou a rede provincial de estradas durante oito anos do goberno PSOE-BNG.

E tamén lles podó asegurar que esa situación caótica na que están moitas estradas desta provincia, incluídas esa do Corgo ou a de Ribadeo, non é froito deste ano, víase vir, e tamén se verán moitos máis casos, porque se precisa máis esforzo e priorizar máis o que é unha necesidade prioritaria para esta provincia”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu non dixen que non lembrara que votara en contra, ou que me abstivera, dubido moito que votara en contra, eu dixen que non lembraba os motivos daquel momento; pero ata puidera ser que nos equivocáramos, e con humildade o digo, e repito que non lembro os motivos; pero vostedes cambiaron de criterio dende hai dúas horas, porque o tema de onde se van sacar os cartos puxéronllo enriba da mesa con dúas propostas e votaron en contra, impediron dotar economicamente o que está pedindo nesta moción co seu voto porque tiñan capacidade de aprobalo, hai dúas horas que votaron en contra de poñer o diñeiro que había para isto porque preferiron metelo noutras cousas, e logo comprobaremos que proxectos se van financiar con ese diñeiro que vostedes impediron que fora parar ás estradas provinciais, a esas que están tan mal; nós votamos a favor de que se dotara economicamente a mellora das estradas, e agora votamos a favor da súa moción.

Polo tanto isto é unha tomadura de pelo, e só pode pasar nunha Institución como a Deputación onde a xente que estamos aquí non nos teñen que votar os veciños e veciñas para estar aquí, nun concello iso sería imposible porque os veciños botaríannos a patadas; só pode pasar nunha Institución coma esta, que non ten sentido ningún, antidemocrática completamente, porque o que fixeron hoxe vostedes aquí, uns e outros, é unha tomadura de pelo á cidadanía, e rirse deles; hai dúas horas que votaron o contrario, así que alo menos non se rían dun”.

Intervén o Sr. Deputado D. Jose Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Poplar, quen maniesta o seguinte:

“Non se enfade tanto Sr. Ferreiro; é bastante grave que un Deputado coma vostede diga que estamos nunha Institución antidemocrática, e se cre que é así o que lle falta é tempo para marchar e non estar pisando o sitio no que está, é unha falta de respecto importante. Se considera que está nunha Institución antidemocrática pouco di iso de vostede.

Nos Presupostos de 2018 desta Deputación non hai na proposta un incremento desa necesidade de aportación económica para manter a Rede porque vostedes negaron o problema no ano 2017; se este Pleno votou en contra dunha moción na que se solicitaba iso, entendo que non

veña vostede agora solucionar nada. E vostede di que non se acorda, pero pásolle agora a acta porque votou en contra vostede tamén Sr. Ferreiro.

Polo tanto agradéceselle que recoñeza que se equivocou, despois a verdade é que esa equivocación non leva propósito de emenda porque conleva un enfado absolutamente desmesurado pola súa parte, porque o que no ano 2017 non facía falta nin un euro máis para as carreteras provinciais resulta que hai dúas horas facía falta todo o Orzamento que ten esta Deputación e tódolos remanentes que existían. Eu neste tema só quedo con algo que dixo un compañeiro, e que tamén lle escoitei a outra persoa que ademáis aprezou, nas carreteras desta Deputación non van pasar nin as colleitadoras”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- MOCIÓN DO SR. DEPUTADO NON ADSCRITO, RELATIVA Á ENCOMENDA DE XESTIÓN A SUPLUSA PARA A CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DA RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES E CENTRO DE DÍA EN A PONTENOVA.

Logo de ver a moción do Sr. Deputado non adscrito a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Manuel Martínez Núñez, Diputado Provincial, ao abeiro do disposto no artigo 130 e seguintes do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, propón ao Pleno a adopción da seguinte Moción:

Parte Expositiva:

O Pleno da Deputación Provincial acordou no ano 2010 a construción na provincia de Lugo dunha rede de centros de atención á terceira idade que incluían centro de día. Programa que tería que ser desenvolvido nos seguintes anos.

Posteriormente, no inicio do ano 2016, dentro do mandato do actual Presidente da Deputación Provincial, decídese a inclusión dentro da citada rede de residencias de novas instalacións, concretamente nos Concellos de A Pontenova e Folgoso do Courel.

O acordo do ano 2010 establecía que a construción e xestión da citada rede faríase por encomenda á Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A.

Na actualidade os centros encomendados a SUPLUSA, como son os dos Concellos de Castroverde, A Fonsagrada, Ribas de Sil, Navia de Suarna, Pol, Trabada, Meira e Pedrafita, que son dos que se dispuxo de terreos e dos acordos municipais necesarios para a súa execución, están todos eles rematados e cun alto nivel de acabados como así se recoñeceu nos actos de inauguración. A xuízo do Deputado que presenta esta moción, un dos Concellos que necesita con urxencia unha dotación social deste tipo, á vista dos datos da súa poboación, é o Concello de A Pontenova, Concello que por unhas cousas ou outras e a pesar de tomarse a decisión, no ano 2016, de construír unha residencia, a día de hoxe, máis de tres anos despois nin tan sequera dispón de proxecto técnico.

A decisión de construír unha residencia en A Pontenova e o inicio dos seus trámites coincidiu no tempo coa de Meira, ca diferenza de que a de Meira tívaa encomendada SUPLUSA e a de A Pontenova os servizos da Deputación.

Hoxe máis de tres anos despois a de Meira leva rematada un ano e na de A Pontenova nin tan sequera se aprobou o proxecto, por esta situación que perxudica gravemente ós veciños de A Pontenova.

Propoño ao Pleno da Deputación a adopción do seguinte acordo:

Que, en aras a que A Pontenova dispoña no prazo mais breve posible dunha residencia de persoas maiores con centro de día e ante á parálise na que entrou dita dotación, e para levala a cabo o antes posible se encomende á Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A a construción e a xestión da residencia para atención a persoas maiores e centro de día deste Concello”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Por todos é coñecido que o Pleno desta Deputación no ano 2010 aprobou a construción dunha rede de centros de atención á terceira idade que incluían centro de día, e que a día de hoxe, basicamente polas manobras xurídico administrativas do Grupo de Goberno, non están abertas, a tódolos días se están a incumprir os acordos de Pleno reiterados que ten tomados esta Institución.

No inicio deste mandato, a principios do ano 2016, o Presidente da Deputación Provincial, Sr. Conde, decidiu a inclusión dentro desa rede de residencias de novas instalacións, concretamente a de A Pontenova e Folgoso do Courel. O acordo do ano 2010 establecía que a construción e a xestión da citada rede faríase por encomenda á Sociedade Urbanística Suplusa.

Na actualidade os centros encomendados a Suplusa son os dos concellos de Castroverde, A Fonsagrada, Ribas de Sil, Navia de Suarna, Pol, Trabada, Meira e Pedrafita, que son dos que se dispuxo de terreos e dos acordos municipais necesarios para a súa execución; todos eles rematados e cun alto nivel de acabados como así se recoñeceu por algún deles nos actos de inauguración do ano 2015.

Hai tres delas que podían estar funcionando neste momento, que son Pol, Trabada, e Castroverde que, repito, polas decisións tomadas por esta maioría gobernante ignorando o Pleno, están pechadas, e coas consecuencias de deterioro e de falta de servizos para a maioría dos cidadáns desta provincia.

Un dos concellos que necesita con urxencia, como aquí tamen se aprobou, unha dotación social deste tipo, o concello de A Pontenova, concello que por unhas ou outras causas, a pesares de tomarse a decisión no ano 2016, hai tres anos, a día de hoxe nada se sabe dela e nin sequera dispón dun proxecto técnico, alo menos este Deputado o descoñece.

A decisión de construír esa residencia de A Pontenova coincidiu no tempo coa de Meira e coa de Navia de Suarna, ámbalas dúas executadas por Suplusa están rematadas e neste momento

paralizado o seu amoblamento polas manobras do Grupo social arribista que decide que non se deben abrir, e que ten xudicializado pedindo graves responsabilidades económicas ós Deputados, que despois lles explicarei o que son esas responsabilidades económicas.

Entonces creo que, vista a inoperancia dos responsables da construción desta residencia, e vista a eficacia de xestión da Sociedade Urbanística Provincial, proponse que este Pleno acorde encargarlle, á maior brevidade posible, que a residencia de A Pontenova sexa construída e xestionada, ó igual cás outras que falamos, por esta Sociedade”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Eu xa non sei se isto é en serio ou é unha broma, que o Deputado non adscrito poña aquí encomendar unha residencia; eu estaba pensando en emendarlle a moción para propoñerlle que no segundo punto que poidamos encomendar tamén a xestión a Suplusa da residencia de Becerreá, pero non creo que sexa oportuno facelo nin sobre todo inmiscirse na autonomía local dos distintos concellos; eu creo que os concellos decidiron libremente con quen queren xestionar as súas residencias, creo que é unha decisión que está adoptada, e vólvolle insistir que é un acordo da Xunta de Goberno que dalgunha maneira lle quita a condición de medio propio a Suplusa mentres non volva ó camiño que tiña que seguir.

E pouco máis teño que dicir porque isto é reiterativo, a moción non sei se tomala con matices cómicos, vindo de vostede non sei se o di en serio ou en broma; e sinceramente creo que quen se ten que pronunciar lóxicamente é o concello da Pontenova nesta cuestión de tanta relevancia como é a da residencia; máis alá de quen a constrúe a realidade é que esta residencia a priori vaina construír a Deputación de Lugo, e creo que é de recibo respectar a autonomía. E non se me pasaría pola cabeza, na situación na que nos atopamos, máis alá de cuestións xudiciais nas que queiran darlle voltas, embarrar, e cuestións patrimoniais, así que cadaún que asuma as súas responsabilidades.

Por tanto eu case que diría, agás que aluda a algo no segundo turno, que vou renunciar ó segundo turno porque non me parece de recibo unha moción destas características neste momento máis ca oportunismo, embarrar un pouco a traxicomedia e o circo a que estamos acostumados; creo que nin é o momento, nin é a oportunidade, e creo que sobre todo se lle debe respectar, coma no caso de Ribadeo, o dereito de decisión ós veciños neste caso do concello de A Pontenova. Dende logo a mín, se tivera unha residencia, non me gustaría que ninguén me dixera como teño que xestionala”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Moi brevemente porque xa se falou máis veces de temas parecidos; son catro as cuestións que temos aquí. Por un lado xa defendemos en máis ocasións que, dada a inseguridade xurídica que ten Suplusa, creo que non é o momento para encomendarlle ningún tipo de actuación do calado que tería neste caso a construción dunha residencia.

Outra cuestión, da que falaba agora o voceiro do Grupo Socialista, é a propia autonomía local, lóxicamente encomendarlle a alguén a construción sen o consentimento ou o acordo do concello onde está a residencia paréceme cando menos un pouco temerario.

En terceiro lugar, e que non mo tome a mal nin coma unha provocación o Sr. Martínez, paréceme que esta moción ten máis intención de meterlle o dedo no ollo ó Sr. Presidente da Deputación, nesa que ás veces parece unha guerra persoal que se traen entre os dous, ca unha proposta de goberno ou de execución das funcións de goberno.

E por último, en todo caso xa coma unha declaración de intencións, que fagan como queiran pero, coma con moitas outras cousas que están pendentes, o caso é que o fagan xa, a forma de facelo pouco máis ten sempre que estean de acordo as partes interesadas, pero non poden seguir paralizadas este tipo de cousas máis tempo”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Un pouco a raíz desta moción, o certo é que é unha situación moi complexa; vaia por diante que dende logo este Grupo Provincial non ten ningún interese en meterlle o dedo no ollo ó Sr. Presidente da Deputación e Alcalde da Pontenova, que é dobremente importante neste tema; porque hai unha cuestión que non se nos debe olvidar, por un lado nós respectamos como principio claro a autonomía local dos concellos para tomar este tipo de acordos, pero tamén respectamos lóxicamente as decisións desta Deputación Provincial. Digo isto porque tamén é importante defender o posicionamento na clave do Partido Popular que ten con respecto a Suplusa e con respecto ós acordos desta Deputación.

Suplusa era unha Sociedade, digo era porque realmente pasa dificultades porque o Goberno da Deputación así está empeñado en facelo simplemente porque ten un problema político dentro do seu Partido, e salpica a unha institución que era modélica, que defendeu todo o mundo, con independencia de matices entendo que estaban por riba de Partidos Políticos.

Pero o certo é que o Partido Popular no tema de Suplusa ten un posicionamento claro, e precisamente un posicionamento coherente; nós pensamos que Suplusa é unha ferramenta que ten esta Deputación e esta provincia para levar a cabo unha serie de encomendas que lle faga este Pleno en representación da Deputación dende hai moitos anos; unha ferramenta que era absolutamente adulada por todo o mundo ata que chegaron estes follóns do Partido Socialista nesta lexislatura; por tanto diso nós non imos abdicar; nós cremos que mentres este Pleno, en representación da Deputación de Lugo, porque é a quen lle corresponde, non cambie o seu criterio, as encomendas de xestión desta Deputación fanse a través dos acordos deste Pleno.

Polo tanto non estamos de acordo con ese plantexamento, que non está en ningunha resolución administrativa nin xudicial, de que Suplusa xa non é un medio propio, e non estamos de acordo en que ninguén lle teña sacado esas atribucións, porque este Pleno non só llas deu no seu momento senón que recentemente llas confirmou e ratificou. Polo tanto consideramos, polo ben da Pontenova, con independencia do que pense o Sr. Alcalde que lóxicamente ten moito que dicir no

tema, que Suplusa neste momento, e é un problema que se resolverá na próxima lexislatura, é o instrumento e a ferramenta que esta Deputación sempre utilizou nas súas encomendas tanto para construír a rede de residencias de maiores que hai nesta provincia, como para a súa xestión. Por todo iso imos apoiar esta moción sempre con respecto a esa autonomía, que ó final o concello de A Pontenova tamén terá moito que dicir”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Non hai problema ningún en que Suplusa leve a xestión da residencia de Becerreá, acéptollo xa agora sen problema. O que si vexo é que o Presidente da Deputación nin tivo interese en facer a residencia estes tres anos nin o ten agora, porque deixa ós subalternos que defendan unha posición que se tivera autonomía municipal e tivera interese tería que defendela el, pero parece ser que ese interese non existe.

Di que isto non é serio, todo o que eu traio aquí é serio, unha cousa é que lles guste ou que non lles guste; e as iniciativas que toma este Deputado tómaas libremente como xa se lles explicou noutras ocasións. Quen ten a pasta e a decisión para construír?, pois esta Deputación, como a tivo en todo o que lle nomeei antes, a encomenda de xestión fíxose polo Pleno desta Deputación tanto da xestión coma da construción, pero que pasa?, que antes lles gustaba e agora non?, eu votei a favor desa xestión, con algúns de vostedes non con todos; entón o que se busca aquí é eficacia e non que estean os recursos públicos durante catro ou cinco anos sen poder utilizalos e sen saber ó final se van quedar ou non.

O voceiro do BNG fala de inseguridade xurídica, e se houbera inseguridade xurídica Manolo Martínez xa estaba agora en Bonxe, porque coa cantidade de denuncias e demandas que levan feito obviamente non me quedaría outro recurso ca estar no cárcere; pero parece ser que a inseguridade xurídica a crea alguén interesada e politicamente, e eu lamento que vostedes participen dese xogo e que non teñan o valor, uns e outros, de ir ó Consello de Suplusa, vostedes xa marcharon pero eles, onte houbo un Consello de Suplusa, e son incapaces de ir defender alí a súa postura, e se cadra ata gañan as votacións e as propostas, pero non teñen valor para defender nun

órgano desta Deputación a súa postura, covardía política total e absoluta, como agora con esta moción.

E volve falar de que nos quitaron a condición de medio propio; repito, se iso fora verdade, o presidente de Suplusa estaba en Bonxe. Pero outra vez teño que volver ó Auto, se hai algo máis claro é este Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que non dan lido, na páxina 5, primeiro parágrafo di “.. que respeta el régimen de delegación y avocación contenido en los artículos 48 a 50 del Reglamento, la única mención competencial concreta en el recurso es el hecho de considerar en el Reglamento como competencia indelegable del Pleno la encomienda y retirada de gestión a las entidades mercantiles constituídas por la Diputación, lo que cuestiona por no ser una competencia del Pleno..”, iso fano vostedes no recurso, “.. sino del órgano que tenga la competencia de orden económico en función del importe..”, obviamente isto no xulgado pode cambiar pero a día de hoxe díilles: “.. pues bien, respecto a esta regulación del nuevo Reglamento no cabe anticipar ningún juicio sobre su acomodo a la legalidad, pero si cabe advertir..”, e non sei se o de “advertir” o entende porque o outro día estivemos discutindo cal era un día de antelación do Pleno, e menos o luns, porque os plenos son os martes, era calquera día; “.. que el Reglamento Orgánico derogado del año 2011 incluía como competencia del Pleno tanto la aprobación de la forma de gestión de los servicios como la transferencia de funciones y actividades a otras administraciones públicas y las encomiendas de gestión..”.

Isto dio o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; entonces, co novo ou co vello Regulamento, as encomendas de xestión fainas o Pleno e non a Xunta de Goberno; e xa se dirá imaxino que axustado a dereito.

Por outro lado, vostedes veñen obviamente demandando a responsabilidade patrimonial, que me parece moi ben que o fagan, pero acaba de haber unha auditoría do ano 2018, porque onte non foron e non poden sabelo os Conselleiros deste Grupo, que se concreta nos seguintes resultados: o importe neto da cifra de negocio no exercicio de 2018 foi de 635.827,93 euros, o que supón un incremento de 602.283,05 euros, por tanto o 1800% máis con respecto á cifra do exercicio de 2017 onde o Sr. Conde era presidente de Suplusa; o 1800 máis, iso é a xestión de Suplusa. Os ingresos de explotación no exercicio de 2018 foron de 9.557.947,51 euros, o que supón

un incremento do 25,24% máis que cando estaba o Sr. Conde de presidente de Suplusa. O resultado despois do imposto do exercicio de 2018 foi de 1.635.837,19 euros, o que supón un incremento do 427,64% máis cá xestión do Sr. Conde. Isto é Suplusa, e isto é a responsabilidade patrimonial do actual Consello de Administración de Suplusa, conseguir o resultado máis importante para a Sociedade Suplusa dos últimos quince anos”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Non ía intervir pero, á vista desta brillante xestión do Deputado non adscrito, e coa connivencia e a brillante análise xurídica do voceiro do Partido Popular unha vez máis que me abraia; por certo nunha Xunta de Goberno efectivamente se lle quita a condición de medio propio, Xunta de Goberno que vostedes non souberon nin nomear, porque os Vicepresidentes forman parte da Xunta de Goberno, e vostede era Vicepresidente; por iso digo que me da a sensación de que moitas veces nin prestan atención ó que fan nin o que din as Xuntas de Goberno e, como vostede dixo, xa veremos o que di o xulgado, porque isto é un Auto referido a un Regulamento, non terxiversemos unha cuestión que está vinculada a isto, porque estamos falando de encomendas de xestión administrativas que eran meramente para a construción, en ningún momento se fala da xestión das residencias, non cambiemos os termos e non tratemos de xogar un pouco a ser trileros.

E remato dicindo, e que non se ofenda ningún, porque insisto que ás veces tamén cando un ten a súa paciencia e cando lle dan moitas voltas ó tema, que prefiro mil veces ser subalterno do Partido Socialista ca lacaio do Partido Popular”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Simplemente para dicirlle ó Sr. Rivera de que me alegro moito de abraialo, pero a mín o que me abraia é que sexa capaz de tratar con esa falta de respecto ós seus compañeiros desta Corporación, sexan ou non da súa cor política.

En todo caso dicimos e aclaramos en primeiro lugar o respecto absoluto pola autonomía municipal dos concellos, e lóxicamente polo Alcalde da Pontenova, pero está claro que nós temos unha posición clarísima sobre Suplusa, é máis, case me vou atrever a dicir en alto que cremos que na próxima lexislatura Suplusa, cando acaben os follóns desta lexislatura do Partido Socialista, recobrará a importancia que tivo nesta provincia, porque é o lóxico e o normal mentres non haxa unha decisión clara deste Pleno en contra desas encomendas.

Polo tanto cremos, e todos debiamos compartir, que A Pontenova precisa ter esa residencia, e agardamos que se faga o antes posible; a día de hoxe cremos que esa encomenda é o que o fai máis rápido e posible, e a día de mañá xa iremos vendo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito, D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Iso de laciao do Partido Popular quedou obviamente claro hoxe nas votacións e en todo, non sei ó final quen é o laciao do Partido Popular se o Deputado non adscrito ou vostedes, porque cando lles interesa e hai cartos ben que acordan con eles, que é lexítimo e lícito, pero se o fago eu son laciao, e outras cousas peores, pero non se preocupe que estou acostumado.

Esta é unha actuación de boa fe partindo da importancia que ten Suplusa; e eu a verdade, e xa o dixen moitas veces, nunca me preocupei de Suplusa ata que estiven de presidente, pero Suplusa cumpre, fixo dúas residencias no estricto prazo sen pasarse un día, non están amobladas dende hai meses polas manobras do Partido Socialista. E eu pensei que non lles importaba a cor do gato, o que interesaba é que cazara ratos, que ese gato, sexa vermello ou branco, que fixera as residencias; que máis dá que o faga a Deputación ou Suplusa se o que debe buscar a autonomía municipal do Presidente, e vostedes, e o interese provincial, é que A Pontenova teña unha residencia no prazo máis breve posible; e a única con capacidade de facelo en tempo e prazo é Suplusa, por desgraza para esta Institución”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Eu quero agradecerlle a iniciativa ó Deputado non adscrito; estivemos escriturando os terreos para a residencia, e a verdade é que os veciños da Pontenova dixéronme que estaban moi agradecidos ó Deputado non adscrito porque en trinta anos que leva na política é a única vez que se acordou deles. E ó Partido Popular tamén lle dou as grazas polo interese que demostra nese sentido”.

Pide a palabra o Sr. Deputado non adscrito por alusións, non séndolle concedida pola Presidencia. O Sr. Deputado non adscrito realiza diferentes manifestacións e o Sr. Presidente avísao por primeira vez, e ao continuar coas manifestación o Sr. Presidente avísao por segunda vez indicándolle que se o ten que volver avisar botarao do Salón de Plenos.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

11.-MOCIÓN DO SR. DEPUTADO NON ADSCRITO, PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDO PARA O DESENVOLVEMENTO DE CURSOS DE PERFECCIONAMENTO EN INGLÉS E OUTROS IDIOMAS.

Logo de ver a moción do Sr. Deputado non adscrito sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Don Manuel Martínez Núñez, Diputado Provincial, ao abeiro do disposto na lexislación vixente e no artigo 130 e seguintes do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, propón ao Pleno a adopción da seguinte Moción:

Parte Expositiva:

O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos

sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE publicada no BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais e deputacions coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

A Deputación de Lugo non debe ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional, que sen dúbida algunha constitúe un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global que demanda maior manexo e dominio doutras linguas.

En consecuencia estas estadías lingüísticas no estranxeiro, posúen un grande valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez noutras linguas e potenciar a capacidade comunicativa nas mesmas, entrar en contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre.

As actividades a levar a cabo consistirían no desenvolvemento dun curso de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia

de dúas semanas de duración en cidades do Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China. Para o cal, se crearán 4 bolsas por concello menor de 5.000 hab.

O obxecto da proposta desta convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado de segundo de ESO e Bacherelato dos concellos da provincia menores de 5.000 hab. provincia de Lugo fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

No caso de non se cubriren a totalidade das bolsas para algún dos idiomas estranxeiros propostos na convocatoria, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente e coa mesma dotación económica da bolsa que xerou a vacante a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten lista de agarda e sortearanse entre os concellos participantes. E serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos outros idiomas. No caso de producírense empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda cuxa renda sexa menor. No caso de empate darase preferencia ao solicitante de menor idade, e de persistir o empate o de mellor expediente. No obstante nas bases que se redacten o efecto teranse en conta estas e outras posibilidades

Por todo o anterior, proponho ao Pleno da Deputación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Por esta Deputación Provincial de Lugo, destinarase unha partida de 500.000 €, con cargo aos remanentes de 2018, para a convocatoria de bolsas de estudos para o desenvolvemento de cursos de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración, que se efectuaran baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

2º.- Estas bolsas, cun importe de 2.000 € por bolsa, destinaranse o alumnado de 2º de ESO e Bacherelato dos concellos con menos de 5.000 Hab., nun número mínimo de catro por Concello.

3º.- Estas axudas entrarán en vigor neste ano, coa presentación das bases no mes de abril, para os cursos a levar a cabo este verán”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Eu pediríalle se pode ser nesta moción ou nas seguintes intervencións que me aplicar a doutrina “don Lino”, que fala, descualifica, e intervén, e nunca o avisou; a mín por pedir defenderme e dicir que o que vostede di é mentira, porque este Deputado, sendo vostede Alcalde, foi moitas veces alí e coñeceu o aglomerado ese concello sendo eu Deputado; non sei se foi moito ou pouco pero polos veciños da Pontenova, como Deputado de Vías e Obras, si que me preocupeí.

Esta moción vouna dar por defendida nos seus propio termos; do que se trata é de algo que non se fixo nunca nesta Deputación, e están moi ben as carreteras e outro tipo de actuacións, incluso as residencias, pero eu creo que esta Deputación debe dar un paso adiante nunha provincia que ten unha problemática e unha despoboación importante onde os concellos pequenos teñen poucos recursos, e nesta Deputación, vista a cantidade de remanentes que existen, pódese adicar unha parte deles a facer algo tan importante como é que os nosos nenos podan desprazarse ó estranxeiro durante o verán, e concretamente con bolsas de estudo financiadas con 2000 euros por esta Institución, cunha media de catro por concello naqueles concellos menores de 5000 habitantes, porque eu entendo que concellos de máis habitantes tamén teñen máis medios e recursos e pódeno facer de motu propio.

Do que se trata é de que a Deputación destine unha partida de 500.000 euros con cargo ós remanentes de 2018, que parece ser que os hai, para a convocatoria de bolsas de estudo para o desenvolvemento de cursos de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración, que se efectuaran baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade. O importe de 2000 euros destinaranse ó alumnado de 2º de ESO e Bacharelato dos concellos con menos de 5.000 habitantes. E estas axudas, feitas as correspondentes bases á maior brevidade posible, levaríanse a cabo neste verán”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“En principio nós estamos de acordo coa moción presentada polo Deputado non adscrito, todo o que sexa axudas ó estudo, á formación, a mellora en competencias lingüísticas, e sobre todo nun mundo globalizado coma este no que vivimos, e no que poderíamos afirmar que é esencial o coñecemento de varias linguas, e que quedar no coñecemento dunha soa realmente xa non serve para nada se queremos evolucionar ou progresar tanto no ámbito persoal coma no profesional, ou tamén no eido social, xa que o manexo de diferentes linguas é unha condición importante non só para viaxar senón para ter outro tipo de posibilidades de desenvolvemento e de progreso que nos vai permitir acceder a outras linguas, a outros costumes, que sen certos matices lingüísticos non entenderíamos. Ademais tamén nos permite mellorar en relación interpersoais, así como comprender e tamén respectar polo tanto diferentes culturas e incluso a nosa propia lingua e a nosa cultura.

Por todo iso, e tamén polos argumentos que manifestaba o Deputado non adscrito, nós estamos de acordo con esta moción, se ben fairamos unha pequena emenda *in voce*, aínda que xa sei que non lle gustan as emendas ó señor Deputado, simplemente nunha cuestión, e é que vostede no primeiro punto da súa exposición de motivos recolle unha cantidade que son 500.000 euros, nós instaríamos a quitar esa contía porque incluso vostede, creo que foi na primeira intervención no punto dous, pedía que se lle informara de a canto ascendía a cantidade total de remanentes de Tesouraría; polo tanto non sabemos cal é a cantidade que queda de remanentes, ó mellor vostede puido facer unha emenda ó punto dous cando xa se traían un millón e medio de euros de remanentes para incluílo aí, pero non o fixo; entón non sabemos canto queda. Por iso lle pedíamos que non puxera unha contía para non limitalo a iso.

E no segundo no que fala de bolsas de 2000 euros destinados a alumnos de 2º de ESO e bacharelato nos concellos de menos de 5000 habitantes, nós engadiríamos un punto máis que sería colaborar tamén con outros concellos de 5000 a 20000 habitantes para que se saquen axudas para fomentar esta formación no estranxeiro. E instar ó concello de Lugo, que é o único da provincia

con máis de 20000 habitantes, para que poña en marcha un plan similar de axuda á formación plurilíngüe.

Por tanto, estamos de acordo co fondo, pero nós non o limitaríamos á contía que sinala vostede, e engadir ese punto de colaboración con outros concellos, e instar ó concello de Lugo”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Nós somos plenamente conscientes da necesidade de mellorar a formación e o curriculum dos alumnos de 2º da ESO e de bacharelato, e o certo é que acollemos positivamente esta proposta; cremos que reforzar a aprendizaxe en linguas estranxeiras é algo a valorar, e facelo ademáis positivamente co que nos gustaría colaborar tamén co reforzo da aprendizaxe da nosa propia lingua, que é algo que nesta moción pasa inadvertido e que cremos que cada vez é máis necesario.

Polo tanto a valoración que facemos da proposta é absolutamente proveitosa a día de hoxe; si que hai que dicir que habería que comezar de cero para crear un programa deste tipo, que unha vez máis, pero xa falamos do tema das competencias nalgún que outro punto deste Pleno, a Xunta de Galicia tería que entrar con plenas competencias en materia de formación e en educación, pero nós non nos poñemos a un lado senón que dicimos que nos gustaría facelo na medida do posible.

E tamén dicir que houbo unha experiencia hai anos na Deputación, que deu un resultado positivo, as becas Leonardo, que se facían conxuntamente coa Universidade e que contaban cunha aportación de fondos europeos, polo tanto esa experiencia previa foi positiva e tal vez habería que retomar algo así.

Dicía eu antes que hai que empezar de cero a día de hoxe, habería que iniciar un traballo de estudo e desenvolvemento dun programa de becas para este alumnado, entendendo que se é puramente concorrência viría a ser algo similar ó que está acontecendo coas becas deportivas, pero como digo habería que empezar de cero; non sei se ese sería o mellor modelo, poderíamos optar a outros incluso con fondos europeos. Tamén habería que facer todos eses traballos en materia

económica, a voceira do Grupo Popular acaba de facer alusión a eles, habería que ter en conta as dotacións; eu creo que tamén habería que valorar e contificar se eses 2000 euros están na medida xusta, poden ser un exceso ou poden ser escasos, creo que habería que facer unha valoración posto que estamos falando de quince días, de diferentes países, de diferentes desprazamentos, e creo que todo isto necesita un traballo previo.

Creo que sería oportuno por parte do Deputado que plantexa esta moción que reconsiderara e suavizara os acordos que nos trae; eu pediríallo en dúas cuestións, unha no tempo material que da para desenvolver un programa que permitira achegar axudas ós estudantes da nosa provincia para que aprenderan línguas estranxeiras, e tamén nos termos económicos para poder contificalos e definilos creo que con mellor criterio.

Todos estamos de acordo en que se isto saíra adiante nalgún momento debería ser para beneficiar por igual e sen discriminar, todo o contrario, ó mellor premiar, e enténdase o termo premiar a aquelas persoas que tiveran máis dificultade para acceder ás línguas estranxeiras, e nese sentido pido que se reconsideren os tempos que se plantexan, e que se permita facer o estudo sobre as cantidades.

Vimos de aprobar uns remanentes para a incorporación ó gasto e investimentos na provincia, o Deputado non asdcrito presentou unha emenda na Comisión pertinente, non se plantexou nada sobre este aspecto, e parécenos que cando menos precisamos un tempo para poder valoralo e o mes de abril é moi curto, son tres semanas porque está a Semana Santa polo medio, e o compromiso de miralo témolo, pero dende logo, e como responsable da Área de Cultura, en tres semanas eu non me comprometo a tramitar isto porque penso que sería practicamente imposible”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Parece ser que a proposta, con certas asperezas que se intentan limar, é positiva; nós valorámola tamén positivamente.

Simplemente recordar que no Pleno de decembro tróuxose aquí unha proposta que era converter o Mirador de Mondoñedo nun Centro de Inmersión Lingüística, xa sei que son cousas distintas as becas para viaxes ó estranxeiro ca utilizar ese suposto Centro de Inmersión se algún día se da feito, calquera das dúas cousas podían ser complementarias; e no tema das becas obviamente ten tamén competencias a Consellería de Educación, aínda que as teñen tamén os concellos, e fronte a min está un Alcalde que sabe diso, porque economicamente é un concello moi ben dotado e leva anos co tema das becas.

Polo tanto non lle vemos ningún inconvinte a esta proposta, únicamente cadralo economicamente, e efectivamente o tempo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Sra. Teijeiro, vostede fai a pregunta do millón, cantos remanentes quedan?, eu pregunteino neste Pleno reiteradamente e non o sei, pero dáme a sensación de que cartos hai sen tocar ese millón cincocentos cincuenta mil.

Eu non teño inconvinte en que se estenda, creo que os 500.000 euros sobran, eu creo que as becas, pola experiencia doutros lugares e doutras persoas, estarían ben dotadas, dá posibilidade para que incluso haxa máis.

En canto ó manifestado pola voceira do Grupo Socialista, ó final non entendín o que quere porque tivo unha postura dilatante, estaba facendo reflexións en alto que non dou entendido; di que había que facer un traballo previo, imaxino que sería que habería que facer unha comisión para que isto xa non se leve a cabo; fala de tres semanas, eu doulle tres meses, non sei se nese prazo pode facer as bases, o que pasa é que dicir que hai que partir de cero é coma dicir que non se quere facer; a iniciativa parécelles ben, pero non saímos de aí.

E despois pásalle a pelota á Xunta, e está ben que lla pasen porque levan todo o Pleno facéndoo, pero eu creo que isto, coa lexislación actual, pode facelo perfectamente a Deputación con fondos europeos ou con fondos propios.

Por tanto teñen que dicir si ou non, se lles parece boa idea e a queren levar a cabo ou se a queren tomar e na próxima lexislatura quen governe que a leve; eu pídolle que o fagan agora, despois non me vale; está contificada económicamente, e non me vou opoñer a que se estenda a outros concellos. En canto ó concello de Lugo, ten un Presuposto maior có desta Institución, a Deputación debería estar metendo cartos e recursos no concello de Lugo e encima nin invisten, quedan aí, as obras sen facer, non o entendo, pero non hai problema ningún.

Non teño inconvinte, como dixer, en estendelo aos outros concellos, pero o que me tería que dicir é como queda a súa proposta para que despois non haxa problemas na redacción”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Aclarar que a proposta sería manter a que ten vostede e simplemente non poñer agora mesmo unha contía; o que lle dicía era que se non sabemos canto queda de remanentes, depende se queda moito ou pouco, a cantidade podería ser maior ou tería que ser menor. Entonces cando houbera unha nova proposta de remanentes que se traía a Pleno, facer unha emenda e incluír esa cuestión.

Agora mesmo nós o que propoñemos é que quedara que a Deputación de Lugo poña en marcha o plan de axuda á formación plurilíngüe a través de bolsas de estudo, coa redacción que ten vostede simplemente quitando esa contía; e despois nós o que propoñemos é que, ademais dasas bolsas que vostede plantexa para os concellos de menos de 5000 habitantes, que os concellos que teñan entre 5000 e 20000 habitantes podan adherirse a ese plan, nese caso a Deputación financiaría parte do custe total das bolsas e o concello outra parte; e instar ó concello de Lugo, que é o único da provincia con máis de 20000 habitantes, para que poña en marcha un plan similar de axuda á formación plurilingüe.

E para rematar, dicirlle á Sra. Deputada do Grupo Socialista que a Xunta de Galicia está exercendo as súas competencias en formación plurilingüe, de aí que o 75% dos centros de ensino en Galicia sexan plurilingües fronte ó cero centros que tiñamos cando estaba o bipartito”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Creo que fun suficientemente explícita na primeira intervención; non podemos asumir a moción tal e como ven plantexada nin pola contía nin polos prazos que se especifican. Si que nos comprometemos a estudala pero tal e como está plantexada non a imos votar favorablemente”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, quen manifesta o seguinte:

“A verdade é que en principio non era contrario a aceptar a emenda, pero despois de escoitala, e pensando que quitando eses cartos estamoslle permitindo a estes señores que din que non poden aceptala porque, señora Deputada do Grupo Socialista, parécenme ben os estudos pero eu xa quero feitos; estou canso de estudos, de que durante estes catro anos das propostas que se trouxeron aquí preto do 80% tiveran sido incumpridas sistemáticamente.

Creo que esta é unha proposta razonable, lóxica, hai cartos e recursos pare facelo se a documentación que nos entregaron é correcta, aparte dese millón e medio, e senón que nolo expliquen porque non nolo dan explicado; entonces temo que se quito os cincocentos mil euros da partida xa non aparezan neste ano seguro e para o que ven xa veremos. Por tanto vouna someter a votación tal e como está redactada”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 3 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo

Provincial Popular). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

12.- CONTA DOS INFORMES DO CUARTO TRIMESTRE DE 2018, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DA DEPUTACIÓN DE LUGO, DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, SA, DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO, E DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC), E INFORMES DOS MESES DE OUTUBRO, NOVIEMBRE E DECEMBRO DE 2018 DO RD 635/2014.

Dáse conta dos informes do cuarto trimestre de 2018, relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010, da Deputación de Lugo, da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA, do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento de Lugo, e da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), e informes dos meses de outubro, novembro e decembro de 2018 do RD 635/2014. O Pleno da Corporación queda enterado.

Pide a palabra a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, séndolle concedida pola Presidencia, para manfiestar o seguinte:

“Para facer varias matizacións non só no tema do endebedamento que terminamos o último exercicio orzamentario completo deste mandato; este Presidente colleu a Deputación con débeda cero e vaina deixar cun 18% de endebedamento. Iso ata podemos compartilo máis ou menos porque foi a través de iniciativas que liderou este Grupo para investimento na Rede Provincial.

Pero déixannos preocupados tres aspectos; en primeiro lugar volvemos ter un incumprimento na regra de gasto, cando se modificou nas bases do Plan Único e se reducía o límite de facilitar ós concellos o 80% ó 50% explicousenos ós concellos que esa medida viña para

cumprir a regra de gasto; vemos que neste exercicio 2018, a pesares de diminuír o adianto ós concellos vólvese incumprir a regra de gasto.

Pero concretamente hai outros dous aspectos dos que me gustaría facer unha reflexión negativa; entrégasenos unha relación de 111 facturas por un importe que supera os 456.000 euros, onde se nos informa que levan máis de tres meses anotadas sen ter aínda o recoñecemento da obriga feito; parécenos ademáis significativo os Servizos dos que proceden, especialmente Cultura e o Servizo da Granxa Provincial, que xa nos teñen habituados a encontrar algunha sorpresa no que á xestión se refire.

En último lugar, onde se da conta dos reparos que tivo a Deputación Provincial no exercicio do ano 2018 tamén nos chama a atención que hai 28 expedientes de reparo cunha cantidade económica entorno ós 600.000 euros, e concretamente, e aí pediremos a documentación correspondente, unha cantidade significativa de 173.000 euros na aplicación orzamentaria 4321.22799.

Estas tres reflexións, lonxe de permitirlle que o felicitemos, creo que como control fiscalizador que temos como Grupo da oposición, indubidablemente nos parece que poden ser mellorables, e ademáis que estes datos reflicten claramente un empeoramento significativo no que á xestión se refire”.

13.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 31 DE DECEMBRO DE 2018.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica da Deputación de Lugo a 31 de decembro de 2018.

14.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 31 DE DECEMBRO DE 2018, AOS EFECTOS

DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE, AO MINISTERIO DE FACENDA.

Dáse conta do informe de avaliación do cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira a 31 de decembro de 2018, aos efectos de subministración de información do estado de execución do 4º trimestre, ao Ministerio de Facenda.

15.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2018.

O Pleno da Corporación queda enterado da liquidación do Orzamento de 2018.

16.- CONTA DO INFORME DO ARTIGO 218 DO RDL 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

Dada conta do informe do artigo 218 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O Pleno da Corporación queda enterado.

17.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao vinte e oito de febreiro de dous mil dezanove, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0378 ata o 0714. O Pleno da Corporación queda enterado.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTOS DE URGENCIA

O Presidente anuncia que hai unha proposta da Presidencia presentada para ser tratada de urxencia, e que en primeiro lugar se procederá á votación da declaración de urxencia da mesma.

Proposta de ampliación do límite da tonelaxe na Rede Viaria Provincial.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Exposición de Motivos

Emítase informe polo Servizo de Vías e Obras precisando que na sesión do 8 de marzo de 1982, o Pleno da Deputación de Lugo adoptou o acordo que se transcribe a continuación e na súa parte dispositiva di:

“13.- Proposta sobre limitación de tonelaxe en vías provinciais. De conformidade con ditame da Comisión de Obras Públicas e Paro Obreiro, acordouse ampliar ata 20 Tm. o tope máximo dos vehículos de carga, que circulen polas vías provinciais.”

Neste informe, considerase viable o aumento do límite de 20 toneladas ata as 40 toneladas de peso máximo permitido para circular polas vías provinciais sen autorización.

Por distintos canles, chega á Presidencia da Deputación a inquietude polas restricións en canto ao normal uso das vías provinciais, motivado polo escaso peso autorizado naquel acordo plenario de 1982, dada a evolución social e económica producida nestes máis de 30 anos.

Os cambios que se produciron en sectores agrícolas, gandeiros e forestais foi enorme.

Tense producido unha gran proliferación de cooperativas que traen consigo mellores medios tanto en vehículos como en apeiros, asociados á propia maquinaria agrícola.

Non se pode obviar, o propio abastecemento de recursos que estas necesitan para a súa actividade co que conleva a utilización de transportes capaces de abastecelas.

No sector forestal a evolución non é menor, mesmo a maquinaria existente resulta moi favorable para os traballos en zonas pouco accesibles, constituíndo un factor favorable á diminución de accidentes laborais.

En síntese, estamos ante sectores de capital importancia para a economía desta provincia como o da madeira, o gandeiro (recollida do leite etc.), agrícola, etc.

Pois ben, esta medida engádese, como unha máis deste goberno provincial na aposta polo medio rural.

Xustificación da Urxencia

Evitar inseguridade xurídica en sectores económicos vitais para a provincia e respostar con axilidade a unha demanda que xurde nos últimos días. Con este acordo trátase de evitar con carácter inmediato prexuízos económicos sobre sectores estratéxicos da economía lucense.

Acordo:

1º.- Ampliar o límite de 20 a 40 toneladas métricas como peso máximo autorizado para circular pola rede viaria provincial

2º.- Ordenar a tramitación da modificación das ordenanzas relativas ao tráfico na rede viaria provincial”.

Intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, no seguinte sentido:

“Dado o debate doutros puntos que xa houbo nesta sesión plenaria relacionados con este asunto, e atendendo precisamente a ese límite de tonelaxe que afecta ás estradas provinciais, nós

recabamos un informe do Servizo de Vías e Obras no sentido de que se pronunciara sobre a oportunidade ou non de poder ampliar ese límite de tonelaxe das 20 ás 40 toneladas.

Ese informe foi favorable, e entón para que neste período de tempo antes de que se aproben unhas novas Ordenanzas ou se reformen as existentes, traemos esta proposta de urxencia para que o Pleno se pronuncie sobre ese aumento de tonelaxe nas vías provinciais.

Isto polo que respecta á xustificación da declaración de urxencia da proposta”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Estamos a falar dunha modificación do acordo do ano 1982, vaia por diante que imos facilitar a urxencia, pero, tendo en conta que esta urxencia máis alá de que encargaran o informe deriva de que vostedes empezaron a sinalizar esa limitación de tonelaxe en moitas estradas, significativamente nalgúns concellos da provincia, creo sinceramente que isto é moi importante pero o feito de tralo coma unha proposta de urxencia non reflicte máis, e na segunda parte do debate profundizarei, ca unha falta de planificación, non ter en conta a importancia que ten o setor na provincia, e un apañó de última hora para evitar sancións.

En todo caso a mes e medio das eleccións ata se podería considerar electoralista, pero despois de doce anos se isto axuda a que alo menos non se sintan perseguidos nalgúns dos casos, que me consta que así é cando hai algún incumprimento na tonelaxe, benvida sexa, e máis vale tarde ca nunca. Agora ben, é moi importante, pero o de urxente lévao sendo dende hai doce anos”.

Efectuada a votación da declaración de urxencia de proposta, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda a súa aprobación.

Intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, para dicir o seguinte:

“Polo Servizo de Vías e Obras emítese informe precisando que na sesión do 8 de marzo de 1982, o Pleno da Deputación de Lugo adoptou o acordo que se transcribe a continuación e na súa parte dispositiva di: *“13.- Proposta sobre limitación de tonelaxe en vías provinciais. De conformidade con ditame da Comisión de Obras Públicas e Paro Obreiro, acordouse ampliar ata 20 Tm. o tope máximo dos vehículos de carga, que circulen polas vías provinciais.”*

Neste informe, considerase viable o aumento do límite de 20 toneladas ata as 40 toneladas de peso máximo permitido para circular polas vías provinciais sen autorización.

Por distintas canles chega á Presidencia da Deputación a inquietude polas restricións en canto ao normal uso das vías provinciais, motivado polo escaso peso autorizado naquel acordo plenario de 1982, dada a evolución social e económica producida nestes máis de 30 anos.

Os cambios que se produciron en sectores agrícolas, gandeiros e forestais foi enorme. Tense producido unha gran proliferación de cooperativas que traen consigo mellores medios tanto en vehículos como en apeiros, asociados á propia maquinaria agrícola e forestal. Non se pode obviar o propio abastecemento de recursos que estas necesitan para a súa actividade co que conleva a utilización de transportes capaces de abastecelas.

Por non mencionar outros setores de capital importancia para a economía desta provincia como o setor da madeira, o setor gandeiro (recollida do leite etc). Esta medida engádese como unha máis deste goberno provincial na aposta polo medio rural.

O que se pide nesta proposta é ampliar o límite de 20 a 40 toneladas métricas como peso máximo autorizado para circular pola rede viaria provincial. E ordenar a tramitación da modificación das ordenanzas relativas ao tráfico na rede viaria provincial.

Na intervención da declaración de urxencia vostede facía alusión a esa oportunidade electoral de facer esta ampliación de peso, pero non é por oportunidade electoral senón que é a constatación dunha realidade que ven sendo así dende hai moito tempo.

Esta proposta tróuxose a este Pleno porque a esta sesión viñeron unha serie de mocións que ían nese sentido; nós non pretendíamos neste momento, sen que houbera un debate previo, que isto se producira deste xeito, pero, unha vez que dentro das distintas intervencións nas mocións que se presentaron neste Pleno, isto fíxose así, nós plantexamos esta proposta de urxencia de maneira que quede claro que en ningún momento o Goberno da Deputación pretende entorpecer o funcionamento da provincia; e por outro lado esa limitación de 20 toneladas ás que nos referíamos con antelación existiu durante moitos anos e non impediu que os vehículos, tanto de madeira, coma de transporte leiteiro, como de penso, ou como vehículos agrícolas de maior peso, circularan pola provincia independentemente de que había a obriga de contribuír cunha taxa ás arcas provinciais, de xeito que esa autorización de circulación puidera ser posible.

Creo que é unha medida sensata que traíamos agora mesmo aquí, e que precisamente os setores implicados, ós que lles agradecemos a algúns dos setores a súa presenza neste Pleno, dalgunha maneira todos quedemos enterados de que este aumento de 20 a 40 toneladas non é unha barra libre para todos aqueles que circulen polas carreteras, hai que ter en conta que os que circulan polas estradas se rompen algo terán que pagalo, e tamén que concretamente co setor da madeira estamos pendentes da aprobación dun convenio que eu agradecería que se fixera da maneira máis rápida posible, para que todos soubesemos a que aternos de xeito que o funcionamento da saca de madeira dun setor importantísimo económico e social para a nosa provincia puidese ter un contexto no que todos puidesemos funcionar con total tranquilidade, que a Deputación puidese ter claro ata onde ir no caso de que haxa unha infracción e que a xente do setor da madeira soubera en todo momento a que atermos cando se infrinxe ou no momento que se queira facer unha saca, de xeito que todo poda estar regrado para un bo funcionamento e entendemento entre as partes”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Dado que isto xa foi acordado antes de entrar no Pleno pensei que ía ser un simple trámite e aprobalo por unanimidade, pero parece, debe ser porque hai público, que se queren facer intervencións grandilocuentes para insistir no que é a cuarta vez que o falamos esta mañá, outra

cousa é que se queira adicar dez minutos a repetir o mesmo. E, aínda que só sexa para que conste en acta neste debate, eu tamén o vou repetir.

Estamos de acordo coa urxencia, é urxente facelo porque o problema xurdiu a semana pasada, de feito dende o BNG rexistramos un escrito pedindo que se solucionara o problema e mentres tanto se retiraran os sinais, como así se fixo.

Xa dixemos antes que o de quitar os sinais ou cambiar de 20 a 40 é unha solución para saír do apuro, pero o problema está no que é o firme e o trazado das estradas, e para solucionar o problema hai que solucionar o estado das estradas provinciais, e para iso fan falla fondos; é a cuarta vez que o falamos, pero nas ocasións anteriores votaron en contra de destinar a arreglar o problema de fondo, o firme e o trazado das estradas provinciais, os cartos que hai neste momento dos remanentes de tesouraría, prefiriron metelos noutras cuestións máis electoralistas para intentar amañar as eleccións nalgún dos concellos onde non fixeron nada en catro anos.

Se tiveran aprobado nos tres puntos anteriores investir o diñeiro dos remanentes para amañar o firme e o trazado das estradas provinciais, agora cambiábamou quitábanse os sinais, pasabase de 20 a 40, pero solucionaríamos o problema, pero o problema de fondo vai ser que as estradas seguen en mal estado, os labregos cada vez van ter máis problemas, os camións do leite, os do penso, os tractores, e no caso dos madeiristas non só pola tonelaxe senón que vai haber moitas estradas polas que non poden circular porque o estado das carreteras non o permite.

Iso é o que hai que solucionar, para iso hai que investir diñeiro, e non poden votar en contra de meter ese diñeiro como levan votando toda a mañá”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Sen ningún discurso grandilocuente, analizando a realidade, que en moitas cousas estou certamente coincidindo con vostede. Isto non é un problema de cambiar un sinal nin tampouco de ampliar a tonelaxe, realmente crean o problema colocando os sinais, xeran un montón de

incertidume no setor gandeiro, no setor forestal; en realidade o límite xa existía, era un acordo do ano 1982 e, como vostede ben dixo, non estaban impedindo o tránsito, o problema ven en que cada vez que provocan danos nunha estrada tódalas administracións intentamos reclamar que as reparen, e vostedes nalgunha ocasión dunha maneira bastante desproporcionada.

O problema está en que en doce anos, e a iso me remitía co do tempo, e non quero que se ofenda o representante do BNG, non houbo unha planificación para establecer arterias ou estradas que fundamentalmente sexan empregadas polo setor forestal, ou que sexan máis gandeiras ca outras que, como saben, a provincia é moi longa, é a rede de estradas máis extensa de toda España, e non houbo unha planificación en ningún aspecto.

E o Partido Popular non votou en contra de que se invista en estradas, expliqueillo cando criticaba o endebedamento que lle dixeran que era realmente no que máis lle “perdoabamos”, porque se se investiron quince millóns de euros en estradas neste mandato foi a iniciativa do Partido Popular que pedía 30, negociamos 15, que por certo están sen pagar porque a Deputación está endebedada e a metade delas incluso están sen adxudicar.

Entonces deses doce anos a que lles fala é responsable de catro meses, e do resto levando iniciativas nunha minoría e estando na oposición; e non ten porque parecerlle mal a ninguén, o que estamos dicindo é unha realidade e aquí, e aproveito para darlles a benvida a tódolos representantes e ás empresas do setor forestal, sábeno e reivindicánnos ós concellos, e aquí xa o falo como Alcaldesa, ter unha arteria reforzada, e intentamos convivir da mellor maneira posible; un concello que ten un orzamento de tres millóns de euros e indubidablemente ten menos recursos e menos capacidade de dar solucións ca unha Deputación que ten oitenta millóns de euros, e se multiplicamos oitenta por doce imaxinen vostedes os recursos que tivo a Institución, e agora, a un mes e medio das eleccións, quince días antes poñen catro sinais e quince días despois convocan á xente, quitan os sinais e en vez de 20 son 40; pero teñan coidado porque como destrocen a estrada vai ir o capataz a por vostedes, iso é a realidade.

Eu aplaudo que falemos do setor forestal nesta sesión, ó que eu indubidablemente como Alcaldesa e como veciña estou absolutamente agradecida, e ás veces tamén temos discrepancias

porque tamén destrozan as estradas do meu concello, pero intentando ser coherentes, con sentido común, chegamos a acordos. Agora, que vendan coma un logro para o setor forestal que poñan catro sinais, ó día seguinte quítanas, e logo citan a todos para dicirlles que de 20 pasan a 40, que ata creo que o límite é 38 aínda que técnicamente non llo podo discutir.

En todo caso, eu xa lle digo moitas veces que vostede se alporiza e vai en contra do PP, pero está de acordo, porque vostede tamén rexistrou un escrito pedindo que quiten os sinais porque os avisaron dende Pastoriza, que me negaba o Deputado que non puxera os sinais, porque ata para iso hai que ter pouca seriedade; e tanto en Láncara onde saíu o noso voceiro, como en Pastoriza porque a nós tamén nos chamou a nosa xente porque de repente apareceron alí aqueles sinais, e a xente preocupouse; que indubidablemente xa había esa limitación, pero nunca de facto, agás que tiveran a mala sorte de que foran pillados nunha infracción, eses sinais recordábanllo.

E se non fixeran isto, ou o fixeran doutro xeito, porque a nós chamarónnos dez minutos antes do Pleno para dicirnos que ían modificar a ordenanza que é un acordo do ano 1982, que isto era urxentísimo porque puxeran uns sinais; por tanto sexamos un pouco serios porque estamos falando dunha decisión que afecta a un setor importantísimo na provincia.

E non é para enfadarse, porque eu agradezo que se tome esta medida, e nós levamos no ano 2014 como ben sabe varias iniciativas con respecto á taxa, que non puideron saír adiante porque naquel momento vostedes tiñan o pacto de goberno e a nosa iniciativa non prosperou, e con total humildade lle digo que lle agradezo esta medida, pero á hora de valoralo coma un gran logro permítame, sen que se ofenda, dicirlle que creo que se pasa de freada na interpretación; pero se a vostedes lles parece que o están facendo ben, dende logo nós imos apoiar todo o que sexa investir en estradas.

E que non se ofenda o Sr. Ferreiro porque un millón de euros en estradas non é nada, vostede non sabe o que custa facer unha estrada, e non se sinta ofendido porque nos remanentes lle deixamos decidir ó Presidente porque está dentro do acordo de Orzamentos que temos, iso non quere dicir que non creamos nas estradas porque nós impulsamos quince millóns, e incluso pedimos varias veces iniciativas, que algunha estimou o Presidente, de incrementar a partida para

conservación; pero a actitude debe ser outra, firmen ese convenio e nós ímolo apoiar, iso si que é dar facilidades e non poñerlle un sinal e ó día seguinte venderlles que a quitan porque modifican a ordenanza”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Saudar ás persoas que nos acompañan, con moitas das cales discutimos nalgún momento esta problemática que se trae aquí. E, visto que ninguén é responsable, eu responsabilízome de nove anos, durante eses anos eu negocie e xestionei coa mellor vontade posible para arreglar os entortos, porque eu creo que ademáis se mellorou moito nesas conversas e nesas xestións, e volver aquí ó ano 2007 ou 2008 creo que sería malo para todos, e alo menos hai un ano cando deixei as responsabilidades quedaba un convenio, creo que había acordo polas dúas partes, non sei porque non se asinou, diso xa non me responsabilizo, tampouco me preocupa, é unha decisión política que se toma nun momento determinado, e se cadra se xestionaron outras cousas e outras vontades.

Si que me enterei esta mañá de que se tiñan cambiado os sinais, incluso a algún dos que estaban na reunión dicíáselles se tiña mandado eu cambialas, pero levo un ano fóra do goberno e a verdade é que o poder de influencia que ten Manolo Martínez é grande, pero chegar a mandar cambiar os sinais e despois retiralas, porque se as mandei poñer a verdade é que non mandei retiralas; pero como ninguén se responsabiliza aquí estou eu e non hai ningún problema.

Eu creo que isto non é un problema de sinais, o das sinais é un problema secundario porque a problemática que había era basicamente de conservación da Rede Viaria e dos danos que se ocasionaron; eu creo que unha vez que están rodando non hai grandes danos nas estradas, os problemas ocasiónanse sobre todo nas accións de carga e descarga, incluso se a carretera está ben aglomerada que pasen camións con peso non lle fai dano, iso era o que me contaban a mín os técnicos, se cadra agora tamén cambiou.

Había problemática coa madeira, tamén coas canteiras, había problemáticas puntuais cos camións do leite e cos tractores agrícolas, e eu creo que, agás o da madeira no que tardamos máis, o resto foise encauzando con acordos coas canteiras e con actuacións puntuais en determinadas zonas

cos servizos agrarios onde eses tractores e esa maquinaria creaba problemas. Con respecto ó da madeira quedou feito, estabamos todos de acordo en que obviamente o que rompe paga; para mín Tráfico obviamente se ve os sinais ten a obriga de actuar, sempre estivo limitado a 20 toneladas aínda que os sinais non existían ou existían en moi poucas estradas. Creo razoable que se poña a 40 ou incluso 60, porque para mín, na experiencia que tiven o problema está no pouco coidado non de tódolos empresarios senón de algúns que non toman as medidas necesarias ou para acceder dende o lugar de carga á carretera provincial ou local, ou durante a carga na propia carretera. Eu teño estes días uns problemas similares en Becerreá e veñen ocasionados por iso, non porque os camións pesen máis ou menos.

Vou apoiar a proposta, como xa se dixo que é a cuarta vez que debatemos isto hoxe, pero non vou ser eu quen vaia acabar co tecido empresarial da provincia de Lugo senón todo o contrario, dende o momento que estiven aquí creo que intentamos facer provincia, e axudar e coexionar, e que os equilibrios funcionaran sen grandes prexudicados nin polas carreteras da Deputación nin polos empresarios da provincia de Lugo”.

A continuación intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, no seguinte sentido:

“Parece ser que imos estar todos de acordo independentemente de que uns sexamos máis vehementes ca outros na exposición; a Sra. Candia ten esa virtude de que se implica moito e cando fala nótaselle ese ardor que lle sae de dentro cando fai a exposición; eu non me enfado lóxicamente porque sei que vostede é así e que o fai de corazón.

Vostede súmase positivamente a esta iniciativa, e oxalá no futuro teñamos oportunidade de seguir tendo este entendemento, de maneira que o que saia deste Salón é logro de todos independentemente de que uns teñamos unha posición ou outra, e todos debemos traballar para que a provincia poda seguir desenvolvéndose, pero iso non implica que se poda facer de calquera xeito; eu entendo que neste momento se xerou esa polémica por uns sinais que se colocaron e que técnicamente, dentro dos 82 proxectos do PERF que se redactaron ía a colocación deses sinais, non porque os sinais foran novos senón porque eran un recordatorio da obriga de non sobrepasar un

peso que estaba acordado e que era legal que esa limitación de peso fora desa maneira mentres non se cambiara.

Nós traemos neste momento a modificación dese límite de peso, e a partires de agora tódolos implicados, tanto o setor da madeira, o setor gandeiro, e o setor das canteiras, terán que recoller e atender esas ordenanzas que se van aprobar despois de ter autorizado este aumento de peso. Os vehículos non pesan máis nin menos que hai uns anos, as carreteras compórtanse bastante ben, unhas mellor ca outras, pero o problema é, como aludíamos en intervencións anteriores, pola súa capacidade de soporte e porque cando se fixeron non estaban pensadas para estes pesos que están soportando agora mesmo, e pola cantidade inxente de tráfico.

Simplemente agradecer a tódolos Grupos Políticos o apoio a esta proposta, e tamén desexar que o setor da madeira poda chegar a un acordo coa Deputación para que esa normativa á que despois teñamos que acollernos poda ser beneficiosa para todos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“En canto ó que acaba de dicir agora o Sr. Vicepresidente, sinalar unha cuestión coa que non estou moi de acordo, di que os vehículos que andan polas estradas son os mesmos que hai dez anos, eu o que teño claro é que as estradas non evolucionaron ó mesmo ritmo cás necesidades do tráfico que anda por elas, tanto polo tema agrario, polos tractores e maquinaria agrícola que vai enganchada ós tractores como, xa non polo tipo de camións de madeiristas ou de penso ou cisternas do leite, senón que debido ó abandono que está habendo do medio rural o setor da madeira medrou de xeito expoñencial, o número de camións que andan polas estradas multiplicouse por varios enteiros, e as estradas non se adaptaron a esa nova situación. Eu xa dixen antes que unha Institución non pode permitirse ser unha rémora para o que é a evolución económica dos setores produtivos da provincia, e hai que facer un esforzo para iso, o de cambiar a tonelaxe está ben pero non é a solución.

En canto ó que dicía a Sra. Candia, hoxe só falamos de un millón cincocentos cincuenta mil euros, que é o que había de marxe, a vostede pareceralle moi pouco pero por algo hai que empezar, o que non podemos facer é votar en contra diso; se nos dixeran o que hai de remanentes, e se nos din que hai cinco millóns pois ó mellor deses cinco proporiamos catro; por tanto era o que había, pero non se pode dicir que é desprezable, efectivamente non chegan nin de lonxe, pero é o único que había.

Dixo tamén vostede que impediron que se metera ese diñeiro nas estradas polo acordo de orzamentos que tiñan neste caso co Partido Socialista, pois xa que chegaron a un acordo tan amplo puideron incluír nese acordo de orzamentos o arranxo das estradas, ou que os remanentes de tesouraría foran para as estradas, e xa non teríamos que estar falando aquí disto agora”.

Neste momento, sendo as dezaseis horas e trinta minutos, abandona a sesión o Sr. Deputado D. Ramiro Moure Ansoar.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“É boa verdade que non hai peor xordo có que non quere oír, e pódese explicar unha cousa de cinco maneiras distintas porque da igual; os quince millóns de euros que se adicaron a estradas neste ano na Deputación Provincial de Lugo foi unha iniciativa do Partido que represento, pedíamos 30 e ó final negociamos por 15. E xa lle dixen tamén, e díxenllo nos remanentes, e vólvollo dicir agora, nós non estamos gobernando, eu sei que vostede se sente moi cómodo increpándonos a nós pero vostede ten que dirixirse ó Presidente e eu tamén.

Durante doce anos a Deputación xestionou máis de mil millón de euros, dos cales somos responsables de cinco e medio que foi o que nos deixaron de maio ata que nos botaron en outubro; e con mil millóns de euros na provincia de Lugo tiveron unha política de estradas, que hai que ser construtivos e mirar para adiante, pero máis cá estradas adicáronse a facer carrís; e coincido en que a maquinaria non se parece en nada, pero dicir que pouco evolucionou iso xa asusta porque se ve que non estamos na realidade, a maquinaria forestal evolucionou moito, son máquinas do século

XXI, e están circulando por estradas do século XIX. Logo tiveron esa política de meter aglomerado, decisión acertada, nalgunhas estradas chegan eses carrís que fan pero nalgunhas que son vías de evacuación de moitas hectáreas forestais esa dimensión non chega.

E aí é onde me refiro a unha planificación, que con tres millóns de euros é difícil pero non o é con mil millóns de euros se hai vontade, e ata podíamos acabar o mandato sen abrir ese melón, pero que veña con esta iniciativa dicindo que é algo boísimo, que nós imos apoiala, pero enfocala deste xeito é unha auténtica provocación porque vostedes co setor por non facer nin sequera foron capaces de chegar a un acordo co convenio, liquidaban as taxas con convenios fantasma porque non estaban nin aprobados realmente.

Non vin nestes doce anos unha decisión en positivo agás esta, que lle aplaudo, pero vostede primeiro creou o problema e despois quere vendernos a solución, e iso é o que non lle aplaudo; pero pouco do que poidamos dicir agora, a mes e medio, se poden facer un esforzo e asinar o convenio creo que sería de xustiza, porque indubidablemente creo que todos, empezando polo setor, adicou tempo e a mellor vontade a intentar negociar e a intentar chegar ao consenso, pero non o fixo, e se non fixo o difícil probablemente entenderá que non lle podo aprobar este detalle, que está ben porque ó mellor teñen cargo de conciencia, pero non deixa de ser un detalle.

Dito isto, non só na época que vivimos sobre todo, pero non é só polos postos de traballo que crean, nin por todo o movemento económico que entorno a este setor se xera, talleres ou provedores, e que especialmente foron o banco de moitas familias nos últimos anos, de xente que quedou no paro, e falo pola zona que me toca moi cerca. Así que por todo iso creo que merece un esforzo chegar a un acordo no convenio; e tamén merece un esforzo que sendo un detalle llo valoremos positivamente”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Todos temos claro que o que temos que buscar é seguridade xurídica para as dúas partes, para a parte que traballa e que utiliza as carreteras non só provinciais senón locais, e tamén para as propias persoas que o utilizan.

Por outra banda, visto que agora o problema se derivaba cara ó custe das carreteras, na pouca experiencia que tiven en Vías e Obras, pódolles dicir que na próxima lexislatura se adican quince millóns ó ano para carreteras como adicaban co acordo que se tomou aquí hai uns meses, obviamente nos catro anos, xa que quedan dous mil quilómetros, con sesenta millóns de euros probablemente, agás actuacións especiais, quedarían tódalas carreteras con bo firme e con sinalización horizontal e vertical.

Iso sempre o soubemos, pero tamén é verdade que durante os anos nosos, debido ó pagamento do canon e certas actuacións que se fixeron como as propias residencias, os cartos adicados a estradas foron reducíndose de quince millóns que encontramos por primeira vez a seis que debe haber agora; iso é importante porque estamos a falar de catro mil quilómetros e mantelos en boas condicións é moi difícil”.

Seguidamente intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, para dicir o seguinte:

“Agradecer a boa sintonía, e dicirlle á Sra. Candía, sen acritude, que dende Felipe II ata o ano 2007 gobernaron sempre os mesmos, eu non sei se no tempo de Felipe II existía Deputación ou non pero dende que existiu ata o ano 2007 gobernaron, e non imos achacarlle a aquela xente un problema que temos agora mesmo enriba da mesa; imos ser positivos e solucionar os problemas, imos poñernos de acordo, como vexo que estamos facendo, e se nos toca a algún dos que estamos aquí estar na próxima lexislatura volveremos retomar este tema de maneira que, tanto o que dicía o Deputado non adscrito, como o BNG, coma vostedes, ou o que dicimos nós, podan saír medidas efectivas para que a rede viaria provincial estea mellor conservada e mellor dotada, e todos poidamos felicitarnos porque iso sexa así”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Dicirlle á Sra. Candia que xa sei que o préstamo e a idea foi súa e a débeda é miña, ó final quen firma é o Presidente pero a idea é súa e a débeda miña”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presente, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Polo Sr. Presidente maniféstase que hai dous Rogos e unha Pregunta do Grupo Provincial do BNG, que se tratarán a continuación.

R O G O S

Primeiro.- Formulado polo Grupo Provincial do BNG, en relación coa estrada LU-P-4401, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, deputados do Grupo do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan ante o Pleno da Corporación Provincial de Lugo e dirixido ao Presidente o seguinte Rogo para o pintado urxente da estrada LU-P-401 ao seu paso pola Pastoriza e a intermediación coa Subdelegación do Goberno para o arquivo das sancións interpostas.

Exposición de motivos:

Hai uns días a Garda Civil procedeu a sancionar os vehículos que estaban estacionados ás marxes da estrada provincial LU-P-4401 ao seu paso pola vila da Pastoriza. O motivo destas sancións era que debido a que esta estrada está sen pintar, segundo a lexislación non se podería estacionar.

Parece claro que esta circunstancia provócase por unha falta de dilixencia da Deputación a cal non levou a cabo a sinalización horizontal como debería e, polo tanto, non sería xusto que as veciñas e veciños da Pastoriza pagaran as consecuencias desta mala actuación.

Por todo o por todo o anterior é polo que dende o Grupo do Bloque Nacionalista Galego presentamos ante o Presidente desta institución o seguinte Rogo:

1º.- Que se proceda ao pintado urxente desta estrada LU-P-4401 ao seu paso pola vila da Pastoriza para evitar que no futuro poidan producirse sancións por este motivo e que as veciñas e veciños da Pastoriza poidan estacionar con tranquilidade os seus vehículos nesta estrada.

2º.- Que dende a Deputación se leven a cabo as xestións necesarias ante a Subdelegación do Goberno para que as sancións interpostas ata o momento sexan archivadas ou, cando menos, que non recaian sobre as veciñas e veciños da Pastoriza”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Tomamos boa nota do Rogo presentado, pero eu creo que non houbo ningunha sanción por parte de Tráfico”.

Segundo.- Formulado polo Grupo Provincial do BNG en relación co arranxo urxente das fochancas na estrada LU-P-5807, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, deputados do Grupo do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan ante o Pleno da Corporación Provincial de Lugo e dirixido ao Presidente o seguinte Rogo para o arranxo urxente das fochancas na estrada LU-P-5807 no concello do Saviñao.

Exposición de motivos:

É unha obriga evidente de toda administración ter nun estado aceptable os bens e propiedades que son da súa competencia e, moito máis, cando se trata de servizos básicos. No caso das estradas, esta obriga aínda é moito máis importante pois o non coidado do seu mantemento provoca, ademais da incomodidade para a cidadanía, un evidente perigo para as persoas que teñen que circular por esas estradas.

Tal é o caso da estrada provincial LU-P-5807, que vai de Lamaquebrada a Montecelo, que aparte do seu deficiente estado en xeral, no quilómetro 4 ten unha fochancas que impide a circulación axeitada dos vehículos, sendo estas xa un auténtico perigo para a circulación.

Por todo o por todo o anterior é polo que dende o Grupo do Bloque Nacionalista Galego presentamos ante o Presidente desta institución o seguinte Rogo:

Para que dun xeito urxente se proceda a arranxar as fochancas existentes na LU-P-2807, no concello do Saviñao, sobre todo no seu km 4”.

O Sr. Presidente manifesta que xa se está a arranxar.

P R E G U N T A S

Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial do BNG, relativa a investimentos do Plan Único en Abadín, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, deputados do Grupo do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Presidencia a seguinte Pregunta referida á solicitude do BNG de investigación sobre uns investimentos do Plan Único no concello de Abadín.

Exposición de Motivos.

O pasado 27 de decembro de 2018 dende Grupo do BNG na Deputación de Lugo presentouse un escrito dirixido ao Servizo de Contratación desa institución para que se procedera a investigar certas obras feitas no concello de Abadín con cargo ao Plan Único de Cooperación cos Concellos.

Esta denuncia estaba baseada nas dúbidas que dende este grupo tínhamos debido a denuncias que algúns veciños non fixeron chegar e segundo as cales estas obras referenciadas na memoria do Plan Único non chegaron a facerse.

Ao mesmo tempo, tamén se constatou que estes investimentos si foran xa cobrados polo concello de Abadín, cuestión se que convertería de extrema gravidade no caso no que realmente non se executaran.

No pasado pleno do mes de febreiro preguntouse sobre o estado da investigación, contestando dende o goberno da Deputación que está en proceso.

Pasado un mes dende entón, dende o Grupo do BNG na Deputación seguimos sen saber o resultado da investigación e se realmente as obras que o concello xa cobrou están feitas ou non. É por todo o anterior polo que dende o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo queremos facer a seguinte pregunta para a súa contestación no Pleno da Deputación: Pregunta:

- Tres meses despois de pedir a súa comprobación e un mes despois de que se preguntara xa neste pleno, sabe o goberno da Deputación o resultado da investigación solicitada polo BNG sobre as denuncias referentes a obras do Plan Único xa cobradas e presuntamente non executadas no concello de Abadín?”.

Intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, no seguinte sentido:

“Estase co tecnico, estará para rematar o informe técnico”.

A continuación a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular manifesta que hai dúas Preguntas formuladas polo Grupo Popular e sen responder da sesión anterior.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez para manifesta que tamén hai unha Pregunta formulada por el mesmo.

O Sr. Presidente manifesta que o escrito presentado polo Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez non se trata dunha pregunta senón dunha solicitude. E en canto ás Preguntas formuladas polo Grupo Popular manifesta que é certo que están sen contestar, e unha delas responderase a continuación.

Segunda.- Formulada polo Grupo Provincial Popular en relación coa obra LUGO, Rehabilitación de firme LU-P-2901, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

O pasado venres 22 de febreiro de 2019 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de licitación da obra “LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232-O Burgo-Palas de Rei (N-547), pk 0+000 ao 3+300; LU-P-2902 “Lugo-Ponte de Ombreiro (LU-234)”, pk 7+500 ao 8+175; LU-P-2903 “Carballido (LU-232)-Santalla de Bóveda-Poutomillos (LU-P-2901)”, pk 0+000 ao 2+300; LU-P-2910 “Tolda de Castela (N-VI)-Canteiras de Buratai”, pk 1+620 ao 2+150 e LU-P-2913 “Coeses (LU-P-2907)-Terlama”, pk 1+100 ao 4+300.”

No Pleno da Deputación Provincial de Lugo celebrado o día 26 de decembro de 2018 aprobouse por unanimidade a moción presentada polo Grupo Provincial Popular relativa á execución do proxecto de ensanche e mellora da LU-P-2901 dende o p.k. 3,3 ata o 5,4 (Circunvalación de O Burgo).

Durante o debate de dita moción o señor Deputado D. Argelio Fernández Queipo manifestou que *“o que pretendemos é que esa vía sexa dotada no prazo máis breve posible desa circunvalación”*.

Así, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:

- ¿Cando ten previsto o Goberno da Deputación de Lugo licitar o ensanche e mellora da estrada provincial LU-P-2901 dende o p.k. 3,3 ata o 5,4 (Circunvalación de O Burgo)?

Intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, no seguinte sentido:

“Con relación a esta pregunta sobre O Burgo, están os técnicos mirando o tema tanto o que se pode recuperar do proxecto anterior como de que maneira hai que desenvolver ese novo proxecto para facer esa circunvalación.

Queda unha pregunta que é verdade que se nos pasou, en relación co Parque Móbil, e na próxima sesión respostarémolla”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dezaseis horas e trinta e sete minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.